



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Martes, 6 de novembro de 2001
P.V.P. 0,78 € (IVE incluído) = 130 ptas.

SUMARIO

	<u>Páxs.</u>
I. DISPOSICIÓN XERAIS	
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE	
— Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.	14.257
III. OUTRAS DISPOSICIÓN	
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
— Resolución do 29 de outubro de 2001 pola que se conceden as prórrogas das bolsas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia convocadas na Orde do 31 de xullo de 2001 (<i>Diario Oficial de Galicia</i> do 9 de agosto).	14.279

	<u>Páxs.</u>
CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS	
— Resolución do 7 de agosto de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , do convenio colectivo da empresa <i>Frigodis, S.A.</i>	14.281
— Resolución do 9 de agosto de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , da revisión salarial do convenio colectivo da empresa <i>Estiba y Desestiba del Noroeste, S.L.</i>	14.292

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	
— Anuncio do 29 de outubro de 2001, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar plazas de interinidades e substitucións en determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesores de escolas oficiais de idiomas.	14.293
UNIVERSIDADE DE VIGO	
— Resolución do 9 de outubro de 2001 pola que se fai pública a designación das comisións que han resolver concursos a prazas de profesorado desta universidade convocadas por Resolución do 29 de marzo de 2001.	14.294

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE PADRÓN	
— Edicto (91/1998).	14.296
XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA	
— Edicto (528/2001).	14.296
XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DE LUGO	
— Edicto (361/2001).	14.297

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
— Resolución do 31 de outubro de 2001 pola que se convoca concurso público aberto de tramitación ordinaria, para a contratación dunha asistencia técnica para a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.	14.297

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

— Anuncio do 5 de outubro de 2001, da Delegación Territorial da Coruña, polo que se relacionan aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (M ^a Isabel Molist Fojon e sesenta e un máis).	14.299
— Anuncio do 8 de outubro de 2001, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan liquidacións complementarias pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (<i>Obras y Jardines, S.L.</i> e dezaseis máis).	14.300
— Anuncio do 8 de outubro de 2001, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Romay Pombo, Ramón Manuel e sete máis).	14.301

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

— Resolución do 25 de outubro de 2001 pola que se anuncia a licitación de obra para a construción dun paso inferior en Moeche (A Coruña) polo procedemento aberto e mediante concurso.	14.302
— Corrección de erros.-Cédula do 17 de agosto de 2001, do Servicio Provincial de Transportes de Pontevedra, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servicio de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar (expediente PO-00081-O-2001 e once máis).	14.302

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Resolución do 24 de outubro de 2001, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se anuncian, polo sistema de poxa aberta, as obras de construción de ximnasio e obras varias no CEIP O Grupo-Ribeira e outra. 14.303

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

- Resolución do 17 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/326-4). 14.303
- Resolución do 17 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/327-4). 14.304
- Resolución do 17 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/328-4). 14.304
- Resolución do 17 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/329-4). 14.304
- Resolución do 17 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/330-4). 14.305
- Resolución do 18 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/331-4). 14.305
- Resolución do 18 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/332-4). 14.305

Páxs.

- Resolución do 21 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado L.M.T., C.T., R.B.T. Pantaño II (concello de Mos), a favor da empresa *Unión Eléctrica Fenosa, S.A.* (Expediente 11/1999 A.T.). 14.306
- Resolución do 22 de outubro de 2001, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa das instalacións eléctricas do parque eólico de Serra da Cadeira para os efectos de presentación de proxectos en competencia. (Expediente 89-EOL). 14.306
- Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto, dun contrato de consultoría e asistencia para a realización do plan de competitividade da lousa ornamental. (Expediente 7/2001 DXI). 14.307
- Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e tramitación urxente, dun contrato de consultoría e asistencia para o desenvolvemento dunha estratexia de comunicación audiovisual sobre a artesanía de Galicia. (Expediente 9/2001 DXPI). 14.308

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

- Resolución do 4 de outubro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación estatutaria da *Asociación Sindical Gallega de Matronas*. 14.309
- Resolución do 4 de outubro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da *Asociación Profesional de Empresarios de Xogueterías e Tendas de Multiprecio de Galicia*. 14.309

AUGAS DE GALICIA

- Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso con procedemento aberto e trámite de urxencia, das obras que se citan (OH.515.504 e seis máis). 14.309

- Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de poxa con procedemento aberto e trámite de urxencia, da obra de clave OH.332.399. Páxs.
14.311

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 1 de outubro de 2001, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se fai pública a adxudicación definitiva do expediente de contratación C.P. 15/2001. 14.311
- Resolución do 5 de outubro de 2001, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a relación da adxudicación definitiva da contratación de subministracións. 14.312

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CASTRELO DO VAL

- Anuncio de licitación. 14.313

CONCELLO DE GUITIRIZ

- Anuncio. 14.313
- Anuncio. 14.313

- CONCELLO DE LUGO** Páxs.
- Anuncio. 14.313

CONCELLO DE MARÍN

- Anuncio. 14.314

CONCELLO DE VIGO

- Anuncio para exposición pública do proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución e funcionamento da xunta de compensación da U.A. Pobo Galego (expediente 4284/401). 14.314

CONCELLO DE VILARDEVÓS

- Anuncio de licitación. 14.332

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Relación número 4 dos Plans Provinciais de 2001. 14.332

c) OUTROS ANUNCIOS

AXENCIA TRIBUTARIA

- Edicto do 18 de setembro de 2001, da Dependencia de Recadación de Murcia, de citación para notificación por comparecencia (01.3.1.11.002). 14.332



DIARIO OFICIAL
de **GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70
Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73
<http://www.xunta.es>
e-mail: dog@xunta.es
ISSN 1.130-9229
Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

Editorial Compostela, S.A.
R/ Preguntoiro, nº 29 - Santiago de Compostela

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia marca unha nova dirección para o futuro da actividade cinexética de Galicia. Novos espazos, mellores dimensionais, novos modelos de xestión, para adaptarse adecuadamente ás necesidades reais dos cazadores, unha ordenación programada e profesionalizada, para facer posible o supremo obxectivo da lei, garanti-la conservación e mellora das condicións de vida da nosa fauna, expoñente fundamental da biodiversidade que se constitúe como patrimonio do presente e legado cara ó futuro, e potencia-lo aproveitamento da nosa riqueza cinexética, elemento cardinal no desenvolvemento da comunidade rural.

Este Regulamento de caza vén afondar na estela marcada pola Lei 4/1997, desenvolvendo moitos dos temas bosquexados e anunciados nela, pretendéndose con este pecha-lo ciclo normativo básico que ten que transforma-la caza en Galicia.

No empeño perseguido pola lei complétanse algúns dos modelos de terreos cinexeticamente ordenados (Tecor), para delimitar mellor os seus contornos. As explotacións cinexéticas amosan unha triple vertente, comercial, industrial e mixta, que as define e as distingue coa necesaria precisión. Así, xunto ás explotacións cinexéticas comerciais, que recolle expresamente a Lei de caza, inclúense as granxas cinexéticas, baixo a denominación de explotacións cinexéticas industriais, e créase unha figura intermedia entre ambas, as explotacións cinexéticas mixtas, é dicir, aquelas que participan da dobre condición das anteriores e que responde ó propósito de regular unha situación máis frecuente na realidade.

Ponse especial énfase en regular todo canto afecta e relaciona o exercicio da caza e a seguridade no seu exercicio. Establécese un relatorio amplo e detallado das precaucións que son obrigatorias na práctica cinexética, facendo particular reflexión respecto dalgunhas modalidades de caza maior. Declárase a responsabilidade derivada dos danos de caza e créase a figura do responsable de caza, a quen se lle encarga establece-la orde e a disciplina das cacerías.

Defínense de modo preciso as distintas modalidades de caza maior e menor, coas peculiaridades propias de Galicia.

Dedícase unha particular atención á vixilancia dos terreos cinexéticos para asegurar un adecuado exercicio da caza e evita-los danos que produce o furtivismo e outras prácticas cinexéticas irregulares.

A sinalización dos terreos cinexéticos queda detalladamente fixada, de modo que se homoxenizen os elementos fixos de indicación para tódolos Tecor,

ó tempo que, para posibilitar unha posta en marcha efectiva e sen traumas, se establece un amplo período para a súa implantación paulatina.

O espírito desta norma segue as pegadas da lei matriz, incidindo nos seus principios inspiradores de protección da biodiversidade e de promoción da actividade cinexética, que se concibe, ademais, como instrumento de desenvolvemento para as poboacións rurais. A xestión cinexética sustentable, que planea sobre este texto normativo non fai senón aliñarse coas orientacións fixadas nas conferencias de Helsinki e de Lisboa e sitúao na estela das máis modernas normativas europeas.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de outubro de dous mil un,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación do regulamento.

Apróbase o Regulamento de caza de Galicia, que se xunta como anexo, de conformidade coas previsións de desenvolvemento contidas na Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Disposición derogatoria

Única.-Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no presente decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Medio Ambiente para dictar cantas normas complementarias sexan precisas para a mellor aplicación deste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de outubro de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO

Regulamento de caza de Galicia

TÍTULO I
Disposición xeral

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do exercicio da caza no territorio de Galicia, así como o fomento, protección e adecuado aproveitamento das especies cinexéticas.

TÍTULO II

Dos terreos para efectos de caza

Capítulo I

Da ordenación cinexética

Artigo 2º.-Do Plan de Ordenación Cinexética.

1. Toda actividade cinexética en terreos sometidos a réxime cinexético especial requirirá a previa presentación, por parte dos titulares dos aproveitamentos cinexéticos ou dos seus representantes legais, dun plan de carácter quinquenal de ordenación cinexética, que deberá ser redactado por facultativos superiores ou medios nos plans de estudos dos cales quede acreditada a aprendizaxe das materias sinaladas no anexo I.

2. No proceso de creación de novos Tecor, o Plan de Ordenación Cinexética terá que presentarse, xunto co resto do expediente, nas delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente para a súa tramitación, seguindo o procedemento establecido no artigo 14 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia. A aprobación destes plans será realizada polo director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural no prazo máximo de dous meses desde a aprobación provisional, entendéndose aprobados de non recaer resolución no referido prazo.

3. A renovación dos plans de ordenación cinexética, que estiveran a cumpri-lo prazo da súa vixencia, presentarase perante as delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente, para a súa aprobación, con dous meses de antelación ó cumprimento do prazo de vixencia.

4. Os Tecor que fosen obxecto de procedementos de segregación, ampliación, fusión ou absorción deberán adapta-los seus respectivos plans de ordenación á nova situación resultante e ser presentados, para a súa aprobación, no prazo de dous meses desde a resolución do correspondente procedemento, na delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente correspondente.

5. A resolución de renovación ou adaptación dos plans de ordenación cinexética corresponderá ós delegados provinciais da Consellería de Medio Ambiente, que resolverán nun prazo máximo de dous meses, contados desde a data da súa presentación. Se no dito prazo non recaese resolución, os plans entenderanse aprobados.

6. A Consellería de Medio Ambiente elaborará os plans de ordenación e de aproveitamento cinexético das reservas de caza e dos terreos cinexéticos sometidos a réxime común. As ordes anuais da Consellería de Medio Ambiente nas que se determinan as limitacións e épocas hábiles de caza recollerán as especificacións contidas nos referidos plans no que afecte ó exercicio da caza.

7. Aprobados os plans de ordenación cinexética pola Consellería de Medio Ambiente, constituirán unha norma de obrigado cumprimento, a partir da cal se desenvolverá ordenadamente a actividade cinexética, dentro do marco establecido na normativa aplicable.

Artigo 3º.-Dos plans de aproveitamento cinexético.

1. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos deberán presentar anualmente, e antes das datas fixadas para tal fin na orde anual da Consellería de Medio Ambiente que determine as limitacións e épocas hábiles de caza das distintas especies, os correspondentes plans de aproveitamento cinexético, de vixencia anual, que serán presentados perante as delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente e aprobados polos delegados provinciais no prazo dun mes desde a súa presentación, entendéndose aprobados de non recaer resolución no dito prazo.

2. As actuacións de carácter anual incluídas nos plans de ordenación e que requiran unha revisión ou autorización específica por parte da Administración deberán tamén presentarse xunto co plan de aproveitamento.

3. Os plans de aproveitamento cinexético realizaranse con base no Plan de Ordenación Cinexética xa aprobado e nas táboas de capturas dos anos anteriores. Tódalas especies cazables que os titulares estean autorizados a cazar serán consideradas de forma individual.

Artigo 4º.-Do contido dos plans de ordenación cinexética.

Os plans de ordenación cinexética terán o seguinte contido:

a) Os datos do estado cinexético do Tecor, a definición e descrición das unidades de xestión e inventario e a estimación de parámetros poboacionais como abundancia e produtividade das especies obxecto do aproveitamento, así como unha avaliación da capacidade de carga cinexética do hábitat.

b) O establecemento dos obxectivos da ordenación, de acordo coa información recollida na fase de inventario.

c) A estimación da extracción sustentable que se realizará en función da evolución prevista das poboacións.

d) A zonificación da área, un sistema de seguimento da propia planificación e unha previsión de mecanismos correctores.

e) Tamén figurarán articuladas no tempo as accións de conservación das especies cinexéticas, así como, de se-lo caso, doutras especies silvestres.

f) As accións e modalidades complementarias articuladas no espazo e tempo, como o adestramento de cans, a solta-captura e outras similares.

g) Accións previstas de mellora do hábitat.

h) Previsións de vixilancia, con indicación de medios persoais e materiais que se empregarán.

i) Investimentos proxectados.

j) Definición dos elementos xeográficos plasmados nos planos e escala destes.

k) Previsións verbo do control dos danos causados polas pezas de caza.

l) Indicación das zonas de caza permanente e de adestramento de cans, de se-lo caso.

Artigo 5º.-Dos plans de ordenación cinexética en espazos sometidos a outra planificación.

Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos de réxime especial incluídos en espazos naturais protexidos ou nos ámbitos territoriais obxecto de plans de ordenación de recursos naturais, terán que redacta-los seus respectivos plans de ordenación cinexética suxeitándose ás directrices fixadas no correspondente Plan de Ordenación de Recursos Naturais.

Artigo 6º.-Do cambio de titularidade ou de réxime.

Calquera cambio de titularidade ou do réxime ó que se encontren sometidos os terreos cinexéticos durante a vixencia do plan de ordenación correspondente, non implicará a modificación da planificación á que están sometidos os terreos afectados mentres se encontre en vigor.

Artigo 7º.-Do mantemento dun mínimo de superficie como vedado.

De acordo co establecido no artigo 13.2º da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, os plans de ordenación recollerán a obriga de manter como vedada un mínimo do dez por cento da superficie cinexética dos Tecor. Estes vedados de caza deberán mante-los mesmos lindeiros polo menos durante dous anos consecutivos, e sinalizaranse de acordo coa normativa dos terreos cinexéticos.

En caso de que se opte por constituír máis dun vedado de caza por Tecor, a superficie mínima destes será de 200 ha continuas.

Artigo 8º.-Das zonas de caza permanente e de adestramento de cans.

Incluída na ordenación do Tecor poderanse considerar zonas destinadas á caza permanente e/ou adestramento de cans. A superficie destinada á caza permanente non poderá supera-lo 5% da superficie total do Tecor e terán unha vixencia igual á duración do plan de ordenación. Deberán cumprir-los seguintes requisitos:

1. Zonas de caza permanente:

A zona establecerase sobre terreos onde non se comprometa o mantemento das poboacións doutras especies, tanto cinexéticas como non cinexéticas. Así mesmo, non deberán existir cultivos agrícolas e presentarse unha especial atención ás zonas de seguridade, de forma que os disparos efectuados non poidan alcanza-las.

A zona terá unha adecuada e precisa delimitación e quedará separada dos lindeiros do Tecor por unha distancia de polo menos 500 m. A orixe das pezas que se solten será sempre de granxas autorizadas. Soamente se poderán soltar exemplares de perdiz rubia, faisán, paspallás ou outras especies, que se

inclúan na orde que regula cada ano os períodos hábiles de caza.

Deberase presentar anualmente un plan de caza para esta zona, se ben este poderá integrarse no plan de aproveitamentos anual.

2. Zonas de adestramento de cans:

a) A zona terá unha adecuada e fácil delimitación e quedará separada dos lindeiros do Tecor por unha distancia mínima de 500 m.

b) Permanecerán vedadas durante a temporada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que o Tecor debe destinar a refuxio de fauna.

c) Non se poderá adestrar cans durante a época de maior sensibilidade na cría das especies presentes na zona.

Capítulo II

Das explotacións cinexéticas

Artigo 9º.-Definición.

Para os efectos deste regulamento terán a consideración de explotación cinexética, aquelas explotacións constituídas sobre terreos cinexéticos destinados á produción comercial extensiva de pezas de caza ou á comercialización de xornadas ou accións de caza .

Para tal fin distínguense as explotacións cinexéticas industriais, as explotacións cinexéticas de carácter comercial e as explotacións cinexéticas mixtas.

Artigo 10º.-Explotacións cinexéticas industriais. Autorización e requisitos.

Enténdese por explotación cinexética industrial toda instalación dedicada á produción intensiva de pezas de caza para a súa comercialización.

1. Para establecer unha explotación cinexética industrial requírese autorización expresa e previa da Consellería de Medio Ambiente. Unha vez autorizada, esta explotación terase que inscribir no correspondente rexistro administrativo, de conformidade co disposto no artigo 62 deste regulamento.

2. Como requisito previo, o interesado deberá presentar xunto coa solicitude en modelo oficial un proxecto de execución, subscrito por facultativo superior ou medio competente para redactar proxectos nos que se inclúan as materias relacionadas no parágrafo segundo do artigo 54 da Lei 4/1997, no que se recollan:

a) Datos técnicos de construción, planos de situación, xerais e de detalles constructivos.

b) Descrición do programa de cría.

c) Programa hixénico-sanitario e programa de control zootécnico-sanitario, elaborado polo facultativo responsable da súa execución.

d) Orzamento detallado.

e) Programa de produción e destino previsto das pezas producidas.

3. Todo traslado, modificación das instalacións ou proceso productivo precisará tamén de autorización administrativa e a súa solicitude deberá acompañarse do correspondente proxecto técnico. Para as actuacións de pequena entidade será suficiente unha memoria técnica.

4. As solicitudes para o establecemento, traslado ou modificación destas explotacións cinexéticas ou do seu proceso productivo serán presentadas polos interesados nas delegacións provinciais correspondentes, que as trasladarán, logo de informe do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, para a súa resolución. Estas solicitudes deberán resolverse no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal sen se dictar resolución entenderanse estimadas.

5. As instalacións e a produción nas explotacións cinexéticas industriais realizaranse de acordo co proxecto aprobado, o condicionado particular da autorización e a normativa zootécnico-sanitaria vixente.

6. Calquera indicio de enfermidade detectado que poida ser sospeitoso de epizootia ou zoonose comunicaráse de inmediato á delegación provincial, suspendéndose cautelosamente a entrada ou saída de animais na explotación, sen prexuízo de que se adopten as demais medidas necesarias para evita-la súa propagación, de acordo coa normativa sobre sanidade animal e coas disposicións que dicte para o efecto a Consellería de Medio Ambiente.

7. Estas explotacións levarán un libro-rexistro, que se poñerá á disposición dos organismos da Administración con competencias en materia cinexética ou sanitaria. No antedito libro a información organizarse, cando menos, por semanas, e nel anotaranse, no momento en que se produzan, os feitos seguintes:

-Entradas e saídas realizadas de calquera número de exemplares ou ovos, especificando, se é o caso, especie, sexo e idade, número de individuos ou ovos, a súa procedencia ou destino, detallando os datos identificativos completos do expedidor ou destinatario (nome da persoa física ou xurídica, número de identificación fiscal e enderezo), do lugar de orixe ou destino (matrícula de Tecor ou denominación e enderezo da explotación cinexética, se é o caso) e do transportista (razón social, matrícula do vehículo autorizado), así como a data e hora na que se produciron aqueles.

-Nacemento e morte de exemplares, especificando especie, sexo, clase e idade, número de individuos. Inclúirase as postas de ovos obtidas durante cada semana.

-Incidencias habidas no proceso productivo durante cada semana incluíndo visitas veterinarias, a apa-

rición de procesos patolóxicos e os tratamentos sanitarios preventivos ou curativos realizados.

-Resumo de existencias por especies, sexos e clases de idade, incluídos os ovos en incubación presentes ó final da semana, que pasan ó inicio da semana seguinte. Repartición das existencias nos distintos parques ou recintos da granxa.

O libro rexistro terá numerados os seus folios, que non serán susceptibles de substitución e estarán selados pola delegación provincial. Cada vez que os servicios oficiais inspeccionen as instalacións efectuarán as anotacións e observacións que consideren pertinentes.

8. A Administración autonómica establecerá programas de inspección e control para que as pezas criadas nestas explotacións cinexéticas reúnan as condicións cinexéticas, xenéticas e hixiénico-sanitarias apropiadas. Para tales efectos a Consellería de Medio Ambiente poderá adoptar-las medidas e dictar-las disposicións que considere necesarias.

9. Co obxecto de garanti-la calidade xenética e sanitaria dos exemplares daquelas especies que teñen maior interese cinexético, cando o seu destino sexa a solta no medio natural, a Consellería de Medio Ambiente establecerá as condicións e requisitos que deberán cumprirlas explotacións cinexéticas industriais, para obter a cualificación administrativa que lles permita a produción e comercialización destas especies.

Artigo 11º.-Explotacións cinexéticas de carácter comercial.

1. Entenderase por explotación cinexética de carácter comercial aquelas de titularidade de persoas físicas ou xurídicas, que se constitúan como empresas mercantís para o aproveitamento regular e lucrativo de terreos, con utilidade cinexética, consonte o establecido no artigo 21, parágrafos 1 e 3, da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

2. As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares cinexéticos de terreos coas superficies mínimas que esixe a lei, poderán solicitar autorización para dedicalos á explotación comercial da actividade cinexética. Nestas explotacións practicarase a caza, conforme o que se estableza nos plans de ordenación e aproveitamento que deberán ser aprobados pola Consellería de Medio Ambiente, tendo que acreditarse o carácter lucrativo e habitual destas explotacións. Non será necesario que adquiran esta calidade cando a actividade comercial que realicen veña sendo desenvolvida polos titulares dos Tecor con carácter complementario (non exceda en máis dun 30% a actividade cinexética anual) e teña por finalidade o financiamento de accións de mellora, xestión e conservación dos recursos cinexéticos. En todo caso, deberán presentar anualmente a xustificación dos ingresos percibidos e os investimentos realizados, podendo incluírse dentro delas os gastos de funcionamento das propias asociacións de cazadores.

3. No plan de ordenación destas explotacións, ademais de todo o disposto neste regulamento, determinaranse as modalidades de caza, especies cinexéticas sometidas a aproveitamento, correspondendo ó plan de aproveitamento establece-los calendarios de actividade en cada modalidade (ganchos, monterías, axexos...), as condicións nas que se realizarán as soltas, época e frecuencia destas.

4. Nos casos de explotacións cinexéticas que vaian empregar especies alóctonas será necesaria a creación de cerres cinexéticos. Os titulares deberán xustificar na súa totalidade a cesión de dereitos cinexéticos no interior dos cercados co fin de asegurala viabilidade.

5. Deberase manter un libro de rexistro no que conste toda a actividade cinexética da explotación, así como a información relativa ás soltas (entradas e saídas), controis sanitarios e xenéticos, e calquera outro dato que mediante resolución da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural se estableza. Este libro deberá poñerse en todo momento á disposición da Administración autonómica debidamente actualizado.

Artigo 12º.-Explotacións cinexéticas mixtas.

1. Terán a consideración de explotacións cinexéticas mixtas aquelas nas que se simultanee a práctica da caza coa produción e comercialización de pezas de caza. A antedita circunstancia deberá vir reflectida no correspondente Plan de Ordenación Cinexética e nel recolleranse os datos relativos a instalacións, métodos de captura, controis sanitarios e libros de rexistro.

2. A actividade de produción e venda de pezas de caza vivas someteranse para a súa constitución e funcionamento ó mesmo réxime que as granxas cinexéticas, sen prexuízo de contar co respectivo Plan de Ordenación Cinexética.

3. Os terreos de carácter cinexético especial en que circunstancialmente e como consecuencia da xestión das poboacións cinexéticas existentes neles, se capturen pezas de caza vivas para a súa venda ou cesión, non terán a consideración de explotación cinexética mixta e soamente necesitarán que esta circunstancia quede reflectida e autorizada no correspondente Plan de Ordenación Cinexética, sen prexuízo do cumprimento das obrigas establecidas neste regulamento para traslado, solta ou comercialización de pezas de caza vivas.

4. Os exemplares capturados vivos poderán destinarse á realización de repoboacións, ou a súa venda ou cesión para sacrificio.

Capítulo III Das zonas de seguridade

Artigo 13º.-Definición e clasificación.

1. En relación co exercicio da caza, enténdese por zona de seguridade aquela na que deben adoptarse medidas precautorias especiais co fin de garan-

ti-la protección das persoas e dos seus bens. Con carácter xeral, prohibese nelas o exercicio da caza.

2. Considéranse zonas de seguridade, conforme o disposto nos artigos 8.3º e 25.1º da Lei 4/1997:

a) As marxes e zonas de servidume que se atopen cercadas das vías e camiños de uso público e as vías ferreas.

b) As augas públicas, incluídos os seus leitos e marxes.

c) As proximidades de núcleos urbanos ou rurais e de zonas habitadas.

d) Os lugares nos que se produzan concentracións de persoas ou gando e as súas proximidades, mentres duren tales circunstancias.

e) Calquera outra zona que se declare como tal por resolución administrativa en razón do previsto no punto primeiro do presente artigo.

3. A declaración de zona de seguridade nos supostos previstos nas letras d) e e) do parágrafo anterior poderá facela de oficio a delegación provincial, oíndo previamente as entidades e os propietarios afectados. Tamén poderá facelo por petición xustificada de calquera organismo ou entidade de carácter público ou privado; na correspondente solicitude detallaranse con precisión os límites do lugar que se pretende declarar zona de seguridade, xuntarse un plano ou bosquejo destes. A resolución declaratoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e notificaráselle ás federacións galega de caza e da provincia correspondente, así como ós concellos especialmente afectados pola resolución.

Artigo 14º.-Límites.

1. Nas vías e camiños de uso público, as súas marxes, zonas de servidume, se se encontran cercadas, vías férreas e augas públicas, os límites da zona de seguridade serán os mesmos que para cada caso se establezan nas leis ou disposicións especiais respecto ó uso ou dominio público e utilización das servidumes correspondentes.

2. No caso do contorno de núcleos urbanos ou rurais e zonas habitadas en xeral, os límites da zona de seguridade serán os que alcancen as últimas edificacións ou instalacións habitables, ampliados nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.

3. Cando se trate de vilas, edificios illados, xardíns e parques non integrados en núcleos urbanos ou rurais, os límites da zona de seguridade serán os propios límites dos ditos edificios ou instalacións, ampliados nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.

4. Nos recintos deportivos e nas áreas recreativas e de acampada que estean cercados con materiais ou sebes de calquera clase, a zona de seguridade terá como límites os do cercado, ampliados nunha franxa de cen metros arredor do seu perímetro. Se non estiveran cercados, con carácter xeral os límites serán os das súas últimas edificacións ou instala-

cións ampliadas nunha franxa de cen metros en tódalas direccións, salvo que sexan fixados outros pola Consellería de Medio Ambiente, ben de oficio ou por instancia das entidades públicas ou privadas titulares das anteditas instalacións, de acordo coas circunstancias que concorran en cada caso; en tales supostos darase a oportuna publicidade.

5. Nos lugares onde se produzan concentracións de persoas ou de gando, e mentres duren tales circunstancias, a zona de seguridade alcanzará unha franxa de douscentos cincuenta metros arredor do lugar da concentración cando esta sexa de persoas e de cen metros cando o sexa de gando.

6. Para as demais zonas que se declaren de seguridade os límites serán fixados, en cada caso, pola resolución correspondente.

7. Cando existan razóns especiais que así o aconsellen, por requirimento da autoridade gubernativa competente, poderán modificarse os límites establecidos nos puntos anteriores.

Artigo 15º.-O exercicio da caza nas zonas de seguridade e no seu contorno.

Enténdese por cazar, para estes efectos, encontrarse en situación inmediata de disparar ou capturar especies de caza por calquera método.

1. Sen prexuízo do que establezan outras disposicións ó respecto, a caza nas zonas de seguridade e no seu contorno, aterase ás prohibicións ou limitacións, que con carácter xeral, se especifican nos puntos seguintes:

a) Disparar en dirección ás zonas de seguridade sempre que o cazador non se encontre separado delas por unha distancia maior da que poida alcanza-lo proxectil ou que a configuración do terreo intermedio sexa de tal maneira que resulte imposible alcanza-la zona de seguridade.

b) En augas públicas cos seus leitos e marxes, con carácter xeral prohibese a caza. Non obstante, cando concorran circunstancias especiais, de modo permanente ou temporal, a Consellería de Medio Ambiente poderá autoriza-la caza nestes lugares, difundindo publicamente esta decisión e sinalizando debidamente os terreos e as augas afectadas. Para os únicos efectos de determina-las zonas de seguridade nas que se prohibe o exercicio da caza, prohibese unicamente nas marxes daquelas que superen os tres metros de largo.

c) Cando se trate de augas públicas, cos seus leitos e marxes, que atravesen ou limiten terreos sometidos a réxime cinexético especial non se poderá cazar nelas, excepción feita do caso de que os titulares de tales terreos dispoñan das autorizacións pertinentes da Consellería de Medio Ambiente e das demais entidades competentes.

d) Nas marxes das vías non incluídas no artigo 25.4º da Lei 4/1997, se as condicións de visibilidade o permiten, poderanse situa-los postos para os zapeos, ganchos ou monterías.

e) Nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso a pé e ó uso agrícola ou forestal, poderase cazar, sempre que as condicións de seguridade o permitan.

2. Para as zonas, que se declaren de seguridade, en virtude do previsto no artigo 13.2º nas súas letras d) e e), especificaranse na resolución de declaración as limitacións e prohibicións aplicables ó uso de armas de caza en relación cos terreos afectados.

Capítulo IV Limitacións da caza

Artigo 16.-Terreos agrícolas e montes reforestados.

1. Nos terreos dedicados a cultivos agrícolas e nos montes recentemente reforestados, a Consellería de Medio Ambiente, oído o Comité Galego de Caza, poderá condicionar ou prohibi-lo exercicio da caza durante determinadas épocas. Para estes efectos, os referidos terreos non requirirán sinalización.

Do acordo adoptado se dará publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Así mesmo, e de acordo co establecido no Decreto 45/1999, do 21 de xaneiro, polo que se establecen medidas preventivas e de restauración das áreas afectadas polos incendios forestais, prohibese o exercicio da caza durante dous anos nos terreos queimados.

Capítulo V Da sinalización para efectos de caza

Artigo 17º.-Da sinalización dos Tecor.

1. A sinalización dos terreos cinexeticamente ordenados efectuarase con carteis ó longo de todo o seu perímetro exterior, de forma que sexa visible desde o exterior do terreo sinalizado. Poderanse poñer ademais sinais en puntos significativos e relevantes do interior do espacio, que informen sobre a condición cinexética do terreo.

2. A distancia entre os carteis no perímetro exterior do terreo sinalizado non será superior a cincocentos metros, colocándose ademais á mesma distancia en tódalas vías de acceso que penetren no terreo cinexeticamente ordenado e, de se-lo caso, en puntos significativos e relevantes do seu interior.

3. Entre os carteis anteriormente citados colocase unha sinalización de segunda orde cunha distancia máxima entre elas de douscentos cincuenta metros.

4. Os carteis de primeira orde e os sinais de segunda orde, referenciados anteriormente adaptaranse á tipoloxía descrita no anexo V deste regulamento.

Artigo 18º.-Dos tipos de sinalización.

1. Os terreos de réxime cinexético especial, que non teñan a consideración de Tecor serán obxecto da mesma sinalización establecida para aqueles, se ben se incluírá unha lenda relativa á súa respectiva clasificación na que constará a súa denominación específica.

2. A sinalización das zonas de caza permanente ou das zonas de reserva de caza ou da de adestramento de cans serán obxecto de regulación na orde que para tal efecto se dicte.

Artigo 19º.-Sinalización das zonas de seguridade.

1. Nas zonas de seguridade non será obrigatoria, con carácter xeral, a sinalización para efectos cinexéticos prevista no artigo 17º do presente regulamento, salvo nos casos seguintes:

-Cando se trate de recintos deportivos, áreas recreativas e de acampada en terreos non cercados, sempre que as instalacións non sexan visibles desde calquera punto situado a unha distancia mínima de cen metros.

-Cando a zona de seguridade fora declarada en virtude do establecido no artigo 13.2º, nas súas letras d) e e).

-Cando por circunstancias de especial perigo o imponha a Consellería de Medio Ambiente para determinados lugares, ben de oficio ou por requirimento da autoridade gubernativa competente.

2. A correspondente resolución da Consellería de Medio Ambiente determinará a sinalización de que debe ser obxecto a zona delimitada.

3. A sinalización e a súa conservación, cando a zona de seguridade ou a modificación dos seus límites non fora declarada de oficio pola Consellería de Medio Ambiente, serán por conta dos organismos ou entidades públicas ou privadas, por instancia dos que se producira a declaración de zona de seguridade ou a súa modificación e, de se-lo caso, polos titulares dos recintos deportivos, áreas recreativas e áreas de acampada.

TÍTULO III

Das especies cinexéticas

Capítulo I

Das especies cinexéticas e das pezas de caza

Sección primeira

Das especies cinexéticas

Artigo 20º.-Definición e clasificación.

1. Son especies obxecto de caza no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia as que se citan no anexo IV do presente regulamento, clasificadas, para efectos da planificación e ordenación do seu aproveitamento, en especies de caza maior e de caza menor. Para os mesmos efectos distínguense as migratorias das que non o son e considéranse de maneira diferenciada as aves acuáticas e as especies predadoras de Galicia.

2. A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, oído o Comité Galego de Caza, poderá excluír da relación de especies cinexéticas aquelas sobre as que decida aplicar medidas adicionais de protección. Así mesmo, poderá incorporar como novas especies cazables as que, non estando

incluídas nas relacións de especies catalogadas, tiveran tal presenza na Comunidade Autónoma que fixeran viable o seu aproveitamento cinexético. Estas medidas circunstanciais poderán adoptarse para zonas restrinxidas do territorio da Comunidade Autónoma, ante a eventualidade de que tan só concorran os presupostos determinantes en espazos localizados.

3. Así mesmo, os servicios provinciais de Medio Ambiente Natural poderán autoriza-la eliminación de exemplares de especies non catalogadas que exerzan efectos negativos sensibles sobre a fauna ou produzan danos de importancia económica relevante.

Sección segunda

Das pezas de caza

Artigo 21º.-Definición.

Enténdese por peza de caza calquera exemplar das especies incluídas na relación das declaradas obxecto de caza, ou que poidan ser declaradas como tales no futuro.

Artigo 22º.-Pezas de caza en cativeidade.

1. Para a tenza de pezas de caza en cativeidade é preciso contar con autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente. As solicitudes presentaranse na delegación provincial correspondente ó lugar onde vaia permanecer habitualmente a peza en cativeidade, e nelas faranse constar los datos identificativos do propietario da peza, así como a especie e sexo desta. Xunto coa solicitude deberá acreditarse a procedencia legal da peza.

2. A delegación provincial expedirá, se procede, a correspondente autorización ou guía de tenza que, en xeral, terá validez para a vida da peza. Na antedita autorización virán reflectidas as obrigas do titular en caso de que a peza en cativeidade sexa traspasada a outra persoa, así como as condicións de índole sanitaria que deba cumprir. En caso de perda ou extravío da guía, solicitarase e outorgarase duplicado dela. A guía ou autorización debe levala o posuidor da peza cando traslade esta de lugar ou cando practique a caza se se tratara de reclamo.

3. A morte ou o extravío da peza obriga o titular da autorización a comunicalo á delegación provincial nun prazo non superior a trinta días desde que se producira o feito, devolvendo dentro do dito prazo a guía correspondente.

4. O permiso de tenza de pezas vivas de caza non autoriza a practica-la cría en cativeidade coas ditas pezas.

5. Nas granxas e demais explotacións cinexéticas-industriais autorizadas, incluídas aquelas con que contén os Tecor para a produción de caza propia, enténdese autorizada a tenza de pezas en cativeidade sempre que estas explotacións e instalacións cumpran os requisitos establecidos no presente regulamento.

6. Non terán a consideración de pezas en catividade aquelas pezas que se encontren no interior de terreos cinexéticos cercados legalmente autorizados.

Artigo 23º.-Valoración das pezas de caza.

A Consellería de Medio Ambiente, oído o Comité Galego de Caza, establecerá periodicamente o baremo de valoración das pezas de caza das distintas especies cinexéticas.

Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para a súa actualización e modificación.

Artigo 24º.-Danos causados polas pezas de caza.

1. Os titulares dos aproveitamentos cinexéticos en terreos suxeitos a réxime especial responderán dos danos e lesións ocasionados por especies cinexéticas procedentes deses terreos. Considerarase, salvo proba en contrario, que a peza procede do terreo cinexético máis próximo ó lugar no que se producira o dano.

2. Cando se trate de danos efectivos producidos polas especies cinexéticas procedentes de terreos cinexéticos de aproveitamento común, dos Tecor autonómicos da súa administración, das reservas de caza, dos refuxios de fauna e calquera outro terreo dos que a administración e xestión corresponda a Administración autonómica, será de aplicación o previsto no artigo 23 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

3. Nos casos nos que non resulte posible precisa-la procedencia da caza respecto a un determinado dos varios titulares de aproveitamentos cinexéticos que extremen co predio danado, a responsabilidade polos danos orixinados nel polas pezas de caza será esixible solidariamente a tódolos titulares de aproveitamentos cinexéticos que foran estremeiros.

TÍTULO IV

Da protección, conservación e aproveitamento da caza

Capítulo I

Da inspección sanitaria

Artigo 25º.-Notificación de enfermidades.

1. Os titulares de Tecor ou os seus vixilantes, os titulares de terreos cinexético deportivos e os dedicados ás explotacións cinexéticas, así como os posuidores de pezas de caza en catividade e os cazadores, cando teñan coñecemento ou presunción da existencia de calquera enfermidade que afecte á caza e que sexa sospeitosa de epizootia ou zoonose estarán obrigados a comunicalo á delegación provincial ou, no seu defecto, ás autoridades ou ós seus axentes, que o notificarán a esta. Procurará facerse polo medio máis rápido posible, non deixando transcorrer máis de vinte e catro horas desde que se observaran os indicios.

O comunicante, que deberá identificarse, fará referencia á especie cinexética e ó lugar, achegando datos para a súa localización e cantos outros estime de interese.

2. A Consellería de Medio Ambiente reconecerá o lugar e tomará as mostras necesarias para asegurarse da enfermidade e avalialo seu posible alcance; se non se encontrasen pezas mortas ou as achadas presentasen unha deterioración tal que faga imposible a súa análise, poderá dar caza ás precisas para efectualas, e de se-lo caso, procederá de conformidade cos resultados que se deriven daquela.

Artigo 26º.-Adopción de medidas de emerxencia.

1. Comprobada a aparición de epizootias ou zoonose, ou cando existan indicios razoables da súa existencia, a Consellería de Medio Ambiente dictará as medidas cinexéticas excepcionais necesarias para procura-lo seu control, as cales se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* precisando os límites da zona afectada. Non se fará necesaria a adopción de tales medidas cando se trate das enfermidades crónicas máis comúns.

2. Así mesmo, os organismos competentes da Administración poderán adoptar outras medidas de calquera índole para erradicar-la enfermidade, especialmente as referidas ó traslado de pezas de caza, soltas, comercialización e consumo.

3. Os titulares cinexéticos dos terreos sometidos a réxime cinexético especial, os de explotacións cinexéticas e os posuidores de pezas en catividade están obrigados a cumprir-las medidas dictadas pola Administración co propósito de conseguir-la erradicación de epizootias ou zoonoses.

Artigo 27º.-Inspección dos produtos cinexéticos.

No referente a inspeccións sanitarias dos produtos cinexéticos aplicarase o que dispoñan as normas vixentes sobre a materia

Artigo 28º.-Normas sanitarias.

A comercialización, transporte ou tenza de pezas de caza vivas ou mortas deberá cumprir-las normas sanitarias correspondentes. En particular, as pezas cobradas nas modalidades de caza maior, para poder libra-las súas carnes ó comercio, someteranse ós recoñecementos sanitarios previstos na lexislación específica.

Capítulo II

Dos medios e procedementos de caza. Limitacións e prohibicións

Sección primeira
Dos medios de caza

Artigo 29º.-Tenza e usos de medios de caza.

1. Sen prexuízo do disposto noutras leis especiais, para a tenza e uso dos medios empregados na práctica da caza, observarase o establecido na Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia e no presente regulamento.

2. Para utilizar medios de caza que precisen de autorización especial será necesario estar en posesión do correspondente permiso. A súa expedición compételle á Consellería de Medio Ambiente, que poderá outorgalo nas circunstancias e condicións previstas neste capítulo.

Artigo 30º.-Homologación de medios especiais.

A Consellería de Medio Ambiente poderá establecer normas de homologación e contraste dos medios de caza que precisen de autorización especial, co obxecto de que tales medios non produzan efectos distintos ós pretendidos.

Artigo 31º.-Medidas de protección.

1. Cando por razóns de interese sanitario ou de índole técnica sexa preciso adoptar medidas excepcionais en relación coa actividade cinexética, a Consellería de Medio Ambiente poderá suspender-la utilización dalgún dos medios ou métodos de caza de lícito emprego. A suspensión pode afectar tamén á utilización de cans. A resolución de suspensión será motivada e, de se-lo caso prorrogable, e determinará a súa duración á vista dos informes técnicos dispoñibles.

2. A adopción destas medidas poderá afectar a todo o territorio da Comunidade Autónoma ou a unha zona concreta. Para tales efectos deberá ser oído o Comité Galego de Caza ou o provincial que corresponda e darase publicidade nos correspondentes diarios ou boletíns oficiais.

Sección segunda

Dos medios e métodos prohibidos

Artigo 32º.-Medios prohibidos con carácter xeral.

1. Con carácter xeral queda prohibida para a práctica da actividade cinexética a utilización de:

a) Todo tipo de cebos, gases ou substancias velesas, paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, así como os explosivos, salvo que formen parte de municións autorizadas para a caza.

b) Os aparellos electrocutantes ou paralizantes.

c) Os faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, menos nas esperas nocturnas autorizadas para sinalización.

d) As armas automáticas ou semiautomáticas cun cargador que poida conter máis de dous cartuchos, as de aire comprimido e as provistas de silenciador ou de visor para o disparo nocturno, así como as que disporen proxectís que inxecten substancias paralizantes; os rifles do calibre vintedous, as balas explosivas e os cartuchos de postas, entendéndose por postas aqueles proxectís introducidos nos cartuchos en número de dous ou máis e cun peso unitario igual ou superior a dous gramos e medio.

e) As aeronaves de calquera tipo ou os vehículos terrestres motorizados así como as embarcacións de motor como lugar desde onde realiza-los disparos.

f) Os lazos e anzois, así como todo tipo de trampas e garamelos, incluído costelas, buíces ou béstas, fosos, nasas e esparrelas.

g) O arbolillo, as varetas, as rametas, as barracas, paranys e todo tipo de medios ou métodos que impliquen o uso do visgo.

h) Todo tipo de redes ou de artefactos que requiran para o seu funcionamento o uso de mallas, como as redes abatibles, as redesnéboa ou verticais e as redes canón.

i) Os reclamos de especies protexidas, vivos ou naturalizados, e outros reclamos vivos cegados ou mutilados, así como todo tipo de reclamos eléctricos ou mecánicos, incluídas as gravacións.

j) Calquera outro medio masivo ou non selectivo para a captura ou morte de pezas de caza.

2. Para a utilización excepcional de calquera destes medios requírese a autorización, que poderá outorgarse nas circunstancias e condicións previstas no artigo 35º.

Artigo 33º.-Preparación, manipulación e comercio dos medios prohibidos con carácter xeral.

Queda igualmente prohibido con carácter xeral a preparación, manipulación e venda para a súa utilización como métodos de caza dos medios descritos no artigo anterior, salvo que se dispoña de autorización administrativa expresa de conformidade co disposto no artigo 35º.

Sección terceira

Da tenza de aves de cetrería e furóns

Artigo 34º.-Tenza de furóns e de aves de cetrería.

1. A Consellería de Medio Ambiente poderá autorizar-la tenza de furóns con fins cinexéticos, de conformidade co establecido na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, na súa normativa de desenvolvemento, na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, e nos termos que se establezan na pertinente orde dictada para o efecto.

2. Para a tenza de aves de cetrería observarase o previsto nas normas nacionais e internacionais que sexan de aplicación, así como as que dicte a Consellería de Medio Ambiente en canto a rexistro, guía e marcaxe ou anelado das ditas aves, así como a Lei 4/1989, do 27 de marzo. En calquera caso, para autorizar-la súa tenza deberá acreditarse a procedencia legal da ave.

Sección cuarta

Autorizacións excepcionais

Artigo 35º.-Autorizacións excepcionais.

1. A Consellería de Medio Ambiente poderá autorizar excepcionalmente a utilización dos medios descritos na sección segunda deste mesmo capítulo ou dos medios prohibidos con carácter xeral do artigo 32º, así como a preparación, manipulación e venda

destes para a súa utilización como método de caza, cando concorran algunhas das circunstancias seguintes:

a) Para evitar prexuízos para a saúde e seguridade das persoas.

b) Para evitar prexuízos para especies protexidas.

c) Para previr prexuízos importantes ós cultivos, ó gando, ós bosques, á propia caza, á pesca ou á calidade das augas.

d) Para combater enfermidades ou epizootias que afecten ás especies cinexéticas.

e) Cando sexa necesario por razón de investigación, educación, repoboación ou reincorporación, ou cando se precise para a cría en cativeiro en centros autorizados para o efecto.

f) Para previr accidentes en relación coa seguridade aérea.

2. A solicitude de autorización deberá presentarse no servizo provincial correspondente, estar debidamente xustificada e conter os datos necesarios para poderse resolver conforme o disposto no punto seguinte. Esta entenderase desestimada se transcorrido o prazo dun mes desde a data da súa presentación non recaera resolución, conforme o disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A autorización, que será persoal, intransferible e de carácter temporal, deberá ser motivada e especificar:

a) O obxectivo ou razón da acción.

b) A especie ou especies a que se refira e, se é o caso, a idade e sexo.

c) Os medios, os sistemas ou métodos que se van empregar e os seus límites, así como a cualificación do persoal que o vaia executar.

d) As condicións de risco e as circunstancias de tempo e lugar.

e) Os controis que se exercerán, de se-lo caso.

4. O medio ou método autorizado estará proporcionado ó fin que se persiga. Para tales efectos o Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural poderá realizar as comprobacións previas que estime convenientes, así como esixir, se é o caso, a utilización de medios homologados por esta, e a súa oportuna comparación mediante a fixación de precintos conforme o que aquela estableza para o efecto.

5. Non se autorizará a utilización de medios non selectivos en lugares, épocas ou circunstancias nos que puideran provocar a morte ou dano de exemplares da fauna ameazada, salvo nos casos previstos nas letras a), b) e f) do parágrafo primeiro do presente artigo, cando a medida se considere imprescindible e non existan métodos alternativos de control.

6. Se por razóns de urxente necesidade non puidera obterse a previa autorización administrativa en calquera dos supostos previstos nas letras a), b), ou f) do parágrafo primeiro do presente artigo, darase conta inmediata, nun prazo non superior a vinte e catro horas desde o momento da súa iniciación, da acción realizada á delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente, que abrirá expediente administrativo co fin de determinar a urxencia alegada e a xustificación do medio empregado. De non estar plenamente xustificada a actuación, procederase a incoar-lo oportuno expediente sancionador.

Artigo 36º.-Medidas extraordinarias.

1. Cando a produción agrícola, forestal ou gandeira de calquera predio se vexa prexudicada pola acción das pezas de caza, o Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural, por instancia de parte, poderá autorizar-lo seu titular para que, dentro daquela, tome medidas extraordinarias de carácter cinexético, e se é o caso, baixo as condicións previstas no artigo 35º deste regulamento.

Cando a caza existente en vedados ou en terreos cercados non acollidos a outro réxime cinexético especial orixine danos nos cultivos dos predios estreiteiros, a delegación provincial poderá, así mesmo, autorizar-la realización de accións encamiñadas a reducir no seu interior o número de pezas causantes do dano.

2. O solicitante deberá acreditar documentalmente a titularidade que lle corresponda para a produción agrícola, forestal ou gandeira protexibles de que se trate; deberá xustificar tamén os prexuízos efectivos que pola caza se lle ocasionen. Na solicitude deberán concretarse as clases e tipos de medidas que o petionario considera máis adecuadas para conseguir a protección que pretende.

3. Nos terreos de aproveitamento cinexético común, cando os danos sexan xeneralizados, a delegación provincial, a petición motivada dos concellos afectados e logo de informe técnico do Servizo de Medio Ambiente Natural, poderá autorizar-la caza mediante as modalidades e medios que estime máis adecuados, establecendo as condicións particulares para levar a cabo a cacería.

Os participantes nestas cacerías serán determinados polos concellos mediante sorteo público entre os cazadores que o soliciten, dando prioridade ós propietarios dos bens afectados.

4. As peticións entenderanse desestimadas se transcorrido o prazo dun mes desde a data da súa presentación non recaeu resolución, conforme o artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño.

Sección quinta Das modalidades de caza

Artigo 37º.-Modalidades.

As modalidades de caza que con carácter xeral poden practicarse en Galicia son as que se definen a continuación:

1. Para a caza maior.

-Montería: consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por

cazadores distribuídos en armadas e colocados en postos fixos. Neste caso os batedores non poderán portar armas de fogo. O número de cazadores en postos será entre 20 e 50 e o de cans, ata 5 mandas (ata 22 cans en cada un).

-Gancho: é un lance de caza colectivo para a caza maior e a caza do zorro, cun mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 en postos, que poden variarse durante o lance. Poderanse utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por algúns cazadores, no exercicio da caza.

-Axexo: consiste en que o cazador, co ánimo de abatela, busca a peza con axuda dun garda ou dun guía.

-Agardo ou espera: consiste en que o cazador espera apostado nun lugar a que a peza acuda espontaneamente a el.

2. Para a caza menor:

-En man: consiste en que un grupo de cazadores que, con ou sen a axuda de cans, colocados en liña e separados entre si por unha distancia variable, avanza cazando nun terreo.

-Axexo: consiste en bater un determinado terreo por axexadores sen cans para que a caza pase por unha liña de cazadores apostados en lugares fixos.

-Ó salto: consiste en que o cazador en solitario ou con can, percorre o terreo para disparar sobre as pezas de caza que encontre.

-Ó paso ou en posto fixo ou espera: consiste en que o cazador, desde un posto fixo, espera a que as pezas pasen polo lugar ou acudan a el espontaneamente ou con axuda de chamanises.

-Persecución con galgos: modalidade exclusivamente para lebres consistente en que o galgo, á carreira, captura pezas desa especie sen que os cazadores empreguen armas.

-Perdiz con reclamo: consiste en que un cazador, apostado nun lugar fixo e coa axuda dun reclamo macho de perdiz, espera a que acudan atraídas por este, pezas da súa mesma especie.

-Zapeo: modalidade usada exclusivamente para o coello e o raposo, consistente en que os cazadores batan un determinado terreo, con ou sen axuda de cans, para que os coellos ou zorros espantados pasen por onde estean asentados os outros cazadores do grupo.

3. A caza con aves de cetrería e con arco:

-Caza con arco.-É a que se realiza con este método de captura. Soamente se permite esta modalidade de caza en terreos cinexéticos sometidos a réxime especial, que os inclúen entre os métodos de caza autorizados.

-Cetrería.-O cazador, axudado ou non por can, levanta a caza que captura a súa ave rapaz.

Nos terreos sometidos a réxime cinexético especial poderá autorizarse esta modalidade de caza; para

iso é necesario que se inclúa no correspondente Plan de Ordenación Cinexética.

A caza con arco e con aves de cetrería require ademais unha autorización expresa, expedida polo Servicio Provincial de MAN correspondente.

O cetreiro deberá dispor da oportuna licenza para o exercicio da caza, sen máis peculiaridades nin requisitos que os que quedaron descritos nesta disposición e nas que determinen os períodos hábiles de caza.

O adestramento destas aves deberá realizarse nos espazos que, para este mester, se previran nos correspondentes plans de ordenación cinexética dos respectivos Tecor.

Artigo 38º.-Requisitos.

Para a práctica das modalidades de caza descritas nos números 1 e 2 do artigo anterior será necesario observa-lo seguinte:

a) Supeditaranse, en todo caso, ós plans de calquera orde, existentes ou que se establezan, no que afecten á actividade cinexética, así como ó que dicten as ordes que regulan os períodos hábiles de caza. Nas modalidades de caza menor non poderá dispararse sobre pezas de caza maior e viceversa, salvo autorización expresa

b) Nas modalidades de montería e axexo queda prohibido o desdoblamento de postos sobre o terreo.

c) Os axexadores, batedores, ou encargados dos cans que asistan en calidade de tales ás cacerías-monterías non poderán cazar con ningunha clase de armas de fogo. No caso de pezas de caza maior, poderán rematalas con arma branca.

d) Mentres teña lugar unha montería ou gancho, prohibese o exercicio doutras modalidades de caza nas zonas de terreo determinadas na autorización.

e) Caza de perdiz con reclamo: poderá autorizarse se así o recolle o plan de ordenación nas condicións que aseguren a conservación duns mínimos poboacionais da especie, en época de celo e durante un período máximo de seis semanas.

Cando o reclamo proveña doutra Comunidade Autónoma e non estea rexistrado en Galicia, o cazador deberá contar cunha autorización especial do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que terá validez soamente para esa temporada cinexética.

f) Caza de aves acuáticas: a caza de aves acuáticas non poderá realizarse desde embarcacións de motor nin utilizar estas para espanta-las aves durante a tirada.

g) Caza nocturna: non se poderá practicar pola noite ningunha modalidade de caza salvo as esperas, para o que se precisará autorización do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural. A autorización poderá incluír fontes luminosas artificiais para previr riscos á seguridade das persoas.

h) A realización de montería ou gancho, axesos de perdiz e tiradas de aves acuáticas, que en calquera caso deberán estar previstas no plan de ordenación aprobado, deberá comunicarse previamente ó servizo provincial onde estea matriculado o Tecor. A comunicación realizarase en modelo oficial e, para que se considere válida, debe ter entrada nel cunha antelación mínima de dez días á data en que se vaia realiza-la cacería; estará asinada polo titular do Tecor ou por persoa expresamente autorizada, por este e incluírá os datos do Tecor e do cazadoiro previsto, a data de celebración, o número aproximado de cazadores e os de mandas de cans de se-lo caso, así como o lugar e hora da reunión.

No suposto de que a comunicación non sexa conforme co contido do plan de ordenación aprobado, presente defectos de forma, o Tecor non cumprira co requisito da renovación anual da súa matrícula ou contraveña co disposto neste regulamento ou noutras normas legais aplicables ó caso, o servizo provincial, no prazo de cinco días contados a partir da recepción da comunicación, poderá denega-la realización de forma motivada.

Os titulares dos Tecor, persoa autorizada por estes ou os organizadores das cacerías deberán comunicar, con igual prazo, a data da celebración de montería o gancho o posto da Garda Civil da demarcación e ós titulares dos Tecor estremeiros.

Realizada a notificación ó servizo provincial, a cacería entenderase autorizada se, aboada a taxa correspondente, de se-lo caso, transcorre un prazo de cinco días desde a data de presentación da comunicación sen recaer resolución expresa.

O titular do Tecor ou o organizador da cacería estará obrigado a resumir nun impreso oficial o resultado das cacerías autorizadas, enviándoo ó Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural dentro dos quince días seguintes á súa realización. A dita comunicación constitúe un requisito inescusable para a concesión de novas autorizacións ou para o mantemento das xa autorizadas, de xeito que o seu incumprimento daría lugar á revogación das actividades do calendario xa autorizadas.

Artigo 39º.-Medidas precautorias de seguridade.

1. Con independencia do que dispoñan outras leis, durante o exercicio da caza deberá observarse o seguinte:

a) En tódolos casos en que se avisten grupos de cazadores que marchen en sentido contrario, ou que se vaian cruzar ou adiantar, será obrigatorio para todos eles descarga-las súas armas cando tales grupos se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte respecto ó outro grupo.

b) Nas cacerías que se organicen en forma de monterías, axesos ou tiradas colectivas prohibese ter cargadas as armas antes do momento de chegar á postura ou despois de abandonala. Así mesmo, prohibese o cambio ou abandono dos postos polos cazadores,

acompañantes e os seus auxiliares durante a cacería, salvo por razóns de forza maior e logo de aviso ós postos estremeiros, sempre que estes estean á vista.

c) Nas monterías colocaranse os postos de modo que queden protexidos dos disparos dos demais cazadores, procurando aproveitar para tal efecto os accidentes do terreo.

d) Nos axesos de caza menor deberán colocarse os postos distanciados, polo menos, trinta metros uns doutros, salvo que non teñan vista directa. Así mesmo, colocaranse pantallas de protección, que deberán ter dimensións e colocación en altura convenientes, sen que a súa superficie sexa inferior a quince decímetros cadrados.

e) Salvo que se indiquen distancias superiores, na modalidade de axexo, os axexadores non deberán acercarse a menos de cincuenta metros das posicións de tiro dos cazadores e estes non dispararán cara á liña de axexadores cando esta se encontre a menos de cen metros ó alcance da escopeta.

f) Cada postor deberá explicar antes de empeza-la cacería a tódolos cazadores que coloque, o campo de tiro permitido, e estes absteranse de disparar fóra del e especialmente en dirección ós demais postos que teña á vista. Para estes efectos cada cazador está obrigado a establecer acordo visual e/ou verbal cos máis próximos para sinala-la súa posición.

g) Así mesmo, observaranse as normas que regulan o uso de armas en relación coas zonas de seguridade.

2. Como anexo III a este regulamento, figuran as normas de seguridade para axesos e para ganchos e monterías.

Artigo 40º.-Responsabilidade nas cacerías.

A infracción das prescricións do presente regulamento determinará a correspondente responsabilidade en vía administrativa, que se suxeitará ás prescricións seguintes:

1. Os titulares dos Tecor e os organizadores das cacerías de se-lo caso, serán responsables das infraccións que se deriven de cazar ou permitir cazar nas modalidades non incluídas no plan de ordenación aprobado para o Tecor, ou con incumprimento das condicións do antedito plan.

Cando os titulares actúen como organizadores asumirán ademais, as responsabilidades destes e, en calquera caso, os titulares estarán obrigados a colaborar coa Administración en todo o que se refire ó disposto neste artigo.

2. Os organizadores de cacerías serán responsables en xeral do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente ás medidas de seguridade, colocación e condicións que deben reuni-lo postos; impedirán tanto cazar en liña de retranca como na faixa que corresponda arredor da superficie obxecto da cacería.

Responsabilizaranse, así mesmo, de dálle-las debidas instrucións a cantas persoas vaian participar na cacería, sexan cazadores ou auxiliares.

3. Os cazadores serán responsables das contravencións ó presente regulamento polos seus actos individuais, incluído o incumprimento das instrucións que para o bo desenvolvemento da cacería lles dera o organizador cando participen en modalidades colectivas.

Así mesmo, todo cazador estará obrigado a indemnizar polos danos e perdas que ocasione con motivo do exercicio da caza, excepto cando o feito fora debido a culpa ou negligencia do prexudicado ou por causas de forza maior.

Sección sexta Da caza con cans

Artigo 41º.-Utilización e control de cans.

1. Os donos ou os posuídores de cans están obrigados a cumprir, en relación con eles, para a práctica da caza e para a conservación das especies cinexéticas o previsto neste regulamento, sen prexuízo do sometemento ó establecido na normativa vixente na materia.

2. O cazador será responsable das accións dos cans en canto se vulnere o presente regulamento ou as normas que se dicten para a súa aplicación; en todo caso e de maneira singular, evitarase que danen as crías ou os niños.

3. Quen practique a caza con can, aínda que non porte armas ou outros medios para cazar, precisa estar en posesión da licenzia de caza correspondente. Non estarán obrigados a ter esta os batedores, axexadores e encargados dos cans cando actúen como auxiliares das cacerías.

4. Prohíbese o tránsito de cans por terreos cinexéticos, salvo que estean acompañados polos seus donos e a unha distancia que lles permita mantelos baixo a súa vixilancia e control, quedando obrigados a impedir que estes persigan ou danen as pezas de caza, as súas crías ou os seus niños.

5. O tránsito de cans polas zonas de seguridade esixirá como único requisito de carácter cinexético que o dono ou posuídor se ocupe de controlar eficazmente o animal, evitando que este moleste, persiga ou dane as pezas de caza, as súas crías e os seus niños. Non obstante, naqueles casos e condicións en que se permita cazar en determinadas zonas de seguridade, a utilización de cans rexerá polo disposto no punto segundo do presente artigo.

6. Os cans que se utilicen para a custodia e manexo de gando deberán permanecer sempre baixo a inmediata vixilancia e alcance do pastor, para impedirles que produzan molestias ou danos á caza.

7. Tódolos cans de caza serán identificados debidamente no correspondente censo, no que se consignarán os datos seguintes:

a) Identificación do animal, que se verificará mediante implantación subcutánea dunha cápsula

lexible por medios físicos, portadora do código emitido e adxudicado polo rexistro.

b) Identificación do titular ou posuidor do animal.

c) Domicilio do propietario ou posuidor.

8. O propietario ou posuidor de cans de caza deberá cumprir en todo momento as obrigas que a normativa sobre protección de animais domésticos establece e deberá mantelos en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, sendo obxecto do oportuno expediente sancionador en caso da súa contravención.

9. As trelas, que consisten en utilizar un ou varios cans atados cunha corda ou correa e que seguen o rastro da caza ata encontrala, poderanse utilizar unicamente para a localización de especies de caza maior.

10. Para o emprego de mandas de cans será necesario estar en posesión de licenzia especial expedida polas delegacións provinciais; para tales efectos, considerarase manda toda agrupación composta de entre quince e vintecinco cans.

11. Cando no lexítimo exercicio da caza, os cans perseguindo unha peza entraran nun Tecor, para o que o cazador non dispoña da oportuna autorización, este poderá entrar no antedito ámbito para recuperalos. Para tal fin deberá descarga-la súa arma e enfundala, en actitude inequívoca de procurar exclusivamente a recuperación dos seus cans.

TÍTULO V Dos requisitos para cazar

Capítulo I Da licenzia de caza expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 42º.-Licenzia de caza.

1. Para poder practica-la caza é preciso ser titular dunha licenzia de caza en vigor. A licenzia de caza expedida pola Consellería de Medio Ambiente é un documento persoal e intransferible e a súa posesión é necesaria para a práctica da caza na Comunidade Autónoma.

2. A idade mínima para obter licenzia de caza establécese en dezaseis anos.

3. O menor de idade non emancipado que cumprira dezaseis anos necesitará autorización escrita da persoa que legalmente o represente para obter a licenzia de caza.

4. Quen xa fora sancionado como infractor da normativa de caza coa perda ou suspensión da licenzia, non poderá obter nin renova-la licenzia ata que cumpra as sancións impostas.

Artigo 43º.-Contido da licenzia.

Na licenzia figurarán, polo menos, os seguintes datos:

-Nome e apelidos do titular.

-Domicilio.

-Idade.

-Número de documento nacional de identidade ou pasaporte.

-Número de licenza e provincia de expedición.

-Datos de expedición e caducidade.

As licencias clasificaranse en:

-Licencias de clase A, que autorizan para o exercicio da caza con armas de fogo.

-Licencias de clase B, que autorizan para o exercicio da caza con outros medios ou procedementos permitidos.

-Licencias de clase C, que autorizan a tenza ou utilización de medios ou procedementos especiais.

Artigo 44º.-Validez da licenza.

1. A Consellería de Medio Ambiente outorgará a licenza por un período de validez dun ano.

2. No se considerará válido o documento acreditativo da licenza outorgada:

-Cando o cazador que o posúa non poida acreditar debidamente a súa identidade.

-Cando se encontre deteriorado de forma que resulte ilexible.

-Cando se efectuaran emendas ou modificacións no seu contido.

3. Así mesmo, non serán válidas as licencias outorgadas con base en datos falseados intencionadamente.

4. A inhabilitación para cazar derivada de resolución sancionadora penal firme ou administrativa por falta grave ou moi grave, supón a invalidez da licenza. Esta invalidez limitarase ó tempo que dure a inhabilitación. O sancionado deberá facer entrega do documento acreditativo da licenza á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, que o devolverá unha vez cumprido o prazo de inhabilitación, se a licenza continuase en vigor.

Artigo 45º.-Expedición da licenza.

1. As licencias de caza serán expedidas polas delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente ós solicitantes que cumpran as condicións deste título e demais requisitos esixibles legalmente, logo do aboamento da taxa correspondente e presentación de certificado de superación das probas de aptitude.

Así mesmo, poderán ser obtidas nas entidades bancarias ou outras institucións, logo de convenio destas coa Administración autonómica.

2. Para a segunda e sucesivas solicitudes de licenza por un mesmo cazador non se esixirá o último dos requisitos citados no parágrafo anterior, sempre que presente algunha das licencias concedidas con anterioridade. Tampouco se esixirá o antedito requi-

sito a quen acredite que estivo en posesión de licenza, expedida en calquera lugar do territorio español, nalgún dos últimos cinco anos anteriores á entrada en vigor da Lei de caza, salvo cando a licenza obtida desta forma fora retirada en virtude de sentença xudicial ou resolución administrativa firmes.

3. No caso de extravío da licenza ou deterioración que a invalide, por petición do interesado, a delegación provincial expedirá duplicado, con vixencia ata a data na que a orixinal caduque.

4. A delegación provincial, eximindo do requisito da licenza, poderalles expedir permisos especiais ás persoas que sen armas realicen traballos de captura ou manexo de pezas de caza cando estes foran encargados, contratados ou impostos pola Consellería de Medio Ambiente no exercicio das súas competencias. Tamén poderá facelo para cazar con fins científicos sen emprego de armas e de conformidade co disposto na normativa reguladora sobre a materia.

5. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, poderá establecer convenios de colaboración cos órganos competentes doutras comunidades autónomas para facilitala expedición de licencias, sempre que se garanta o cumprimento dos requisitos establecidos neste regulamento.

Capítulo II

Do exame do cazador

Artigo 46º.-Exame do cazador.

1. Quen pretenda obter por primeira vez a licenza de caza expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia terá que superar unha proba de aptitude que constará de dúas partes, unha teórica e outra práctica, e que deba realizarse tras superalas oportunas probas psicotécnicas, que se determinarán na correspondente orde dictada para tal fin.

A parte teórica versará sobre cuestións básicas relativas á lexislación que afecte a actividade cinexética, coñecemento das especies cazables, modalidades de caza, ética da caza e normas de seguridade nas cacerías.

A parte práctica centrarase esencialmente no recoñecemento das especies obxecto de caza.

Precisarase superar ambas partes para a obtención do certificado de aptitude.

2. Mediante orde da Consellería de Medio Ambiente establecerase o temario, a forma concreta de convocatoria, realización, corrección e cualificación, así como a puntuación necesaria para superar cada unha das partes que compoñen o exame.

3. Recoñeceranse como válidos os certificados de aptitude expedidos por calquera outra comunidade autónoma, sempre e cando as probas respectivas ver sen, polo menos, sobre similares materias ás establecidas neste artigo, sexan emitidos polos organismos competentes e estean debidamente dilixenciados.

4. Os cazadores estranxeiros non residentes en España quedarán eximidos do certificado de aptitude para optar á licenza de caza de Galicia, sempre que estean en posesión da documentación admitida polo Estado español en relación coa materia.

TÍTULO VI

Da vixilancia e coidado da caza

Capítulo I

Da vixilancia da caza

Artigo 47º.-Dos axentes forestais.

Os axentes forestais actúan como órganos da Administración autonómica galega no exercicio das funcións de vixilancia e coidado da caza nos montes de Galicia.

Artigo 48º.-Competencias.

1. Os axentes forestais da Xunta de Galicia, así como os membros doutros corpos ou institucións da Administración que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de mantemento da orde pública, son competentes para vixialo cumprimento da normativa vixente en materia de caza, para denuncia-las infraccións ó establecido na dita normativa, así como para reter ou ocupar, cando proceda, os medios de caza e as pezas capturadas. No desempeño das súas funcións, os axentes forestais terán a condición de axentes da autoridade.

2. As autoridades e os seus axentes con competencia en materia cinexética e en materia sanitaria, no exercicio das súas funcións de vixilancia, inspección e control, poderán acceder a todo tipo de terreos, instalacións e vehículos relacionados coa actividade cinexética.

No exercicio das súas funcións e sempre que a situación e as circunstancias o requiran, poderán acadalo apoio das forzas e corpos de seguridade do Estado, da Policía Autonómica ou de calquera outro corpo de policía con competencias na materia.

Capítulo II

Da garda privada

Artigo 49º.-Réxime.

1. Os Tecor deberán contar con polo menos 1 garda para cada 50.000 ha ou fracción.

2. Varios Tecor estremeiros dunha mesma provincia poderán compartila vixilancia, co requisito de extensión sinalado no punto 1.

3. A gardería tamén poderá compartila unha agrupación de Tecor, aínda que non sexan estremeiros, pero neste caso a agrupación deberá contar cun mínimo de cinco gardas, nun máximo de tres distritos forestais contiguos e ser de ámbito provincial.

4. Cando o servizo de gardería sexa desempeñado a través dunha entidade federativa, deberá contar con polo menos, cun garda cada 50.000 ha ou fracción, un mínimo de tres gardas e ter ámbito provincial.

Artigo 50º.-Requisitos que deben cumprirlos aspirantes.

As persoas que pretendan desempeñar a función de gardas de campo de caza deberán de reunir os requisitos seguintes:

a) Ser español e maior de idade.

b) Non ter sido sancionado pola comisión dunha infracción grave ou moi grave das tipificadas como tales pola Lei de caza de Galicia, ou pola normativa de caza no ámbito estatal, e na lexislación sobre conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestres, así como, en xeral, polas leis pola execución das cales vela a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

c) Estar en posesión do carné de conducir, en calquera das seguintes categorías: B-1, A-1 ou A-2.

d) Certificado médico que acredite a aptitude física para exercer as funcións de vixilancia encomendadas e de non padecer defecto físico ou psíquico incompatible coas funcións de vixilancia.

e) Superación das probas que se establezan, nas que se acreditarán os coñecementos suficientes sobre as seguintes materias:

-Normas reguladoras da actividade cinexética, lexislación estatal e autonómica, e da conservación dos espazos naturais e da flora e a fauna silvestre.

-Réxime e procedemento sancionador de aplicación na materia.

-Os ecosistemas da fauna silvestre, así como os ciclos biolóxicos das especies cinexéticas.

-Coñecemento dos delitos e faltas contra o ambiente regulados no vixente Código penal.

-A identificación das especies de fauna silvestre, cazables e non cazables e dentro delas as catalogadas, así como a súa identificación por sexo e idade no caso das especies cazables.

-As armas e as súas municións.

-Modalidades de caza e as normas de seguridade en cacerías.

Artigo 51º.-Do nomeamento.

Para os efectos previstos no artigo 50 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, os titulares de terreos de réxime cinexético especial de calquera das figuras establecidas na referida norma legal, solicitarán dos servizos provinciais da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente de nomeamento pola Dirección Xeral de Montes e de Medio Ambiente Natural, dos gardas de campo de caza, ás persoas que se proponían e cumpren os requisitos establecidos, trala superación das correspondentes probas de aptitude, que para tal efecto determine a Consellería de Medio Ambiente. Xunto co nomeamento expediráselles un carné acreditativo que será renovado anualmente no servizo provincial do que dependa cada garda. Os gardas de campo que foran acreditados como tales polo

Ministerio do Interior poderán desenvolver a súa actividade no ámbito desta comunidade autónoma.

Os gardas de campo terán que renovar cada cinco anos as súas acreditacións, nas condicións e cos requisitos que regulamentariamente se determine.

O servizo de gardería de campo de caza terá dependencia laboral respecto de quen o contrate e, no ámbito das súas competencias, actuarán como axentes delegados da autoridade competente, podendo para tal fin invocar a colaboración das autoridades e dos seus axentes.

Artigo 52º.-Competencias e funcionamento.

1. Os gardas de campo de caza quedarán obrigados a respectar e acatar as directrices e normas que dicte a Administración autonómica, estando obrigados a denunciar cantos feitos poidan supor unha infracción á Lei de caza, na demarcación que teñan asignada e a colaborar cos axentes da autoridade en materia cinexética.

2. A Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural poderá acordar a anulación do nomeamento e a retirada da acreditación ou a suspensión das súas funcións ós gardas de campo de caza que incumpran as súas obrigas de colaboración e de sometemento ás directrices administrativas que lles sexan impartidas desde a Administración responsable da caza nesta comunidade autónoma e das que, de modo xeral se conteñen na Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza ou neste regulamento, logo da tramitación do correspondente procedemento administrativo, no que se dará audiencia ó interesado.

3. A rescisión ou finalización do correspondente contrato laboral do garda de campo de caza determinará a perda de tal condición.

4. Os gardas de campo de caza non poderán practicar a caza durante o exercicio das súas funcións, salvo que se trate de situacións especiais previstas na Lei de caza, para o que deberán contar, en calquera caso, coa autorización expresa da Consellería de Medio Ambiente.

5. As denuncias farán constar con claridade a identificación da condición de garda de campo, relatarán os feitos obxecto da denuncia sen facer unha valoración subxectiva e invocarán os preceptos que, en opinión do axente denunciante, se estiman afectados. A presentación das denuncias ante as oficinas e dependencias administrativas deberá facerse no prazo máximo de 48 horas, contadas desde que se produciron os feitos.

TÍTULO VII

Das entidades colaboradoras
e dos entes consultivos

Capítulo I

Das entidades colaboradoras

Artigo 53º.-Requisitos.

1. A Consellería de Medio Ambiente poderá declarar colaboradoras aquelas entidades que, realizando

accións a favor da riqueza cinexética, a conservación das especies do seu hábitat, e o seu ordenado aproveitamento, cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter situada a súa sede social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben contar cun establecemento nesta comunidade autónoma onde desenvolva as actividades de colaboración que xustifiquen a súa declaración.

b) Carecer de ánimo de lucro, e carácter aberto para a admisión como socio.

c) Comprender entre os seus obxectivos a colaboración coa Xunta de Galicia para a consecución dos fins da Lei de caza.

d) Ter cumprido previamente o seu programa de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente para a educación ambiental e cinexética dos seus asociados.

e) Comprometerse a cumprir un programa concreto de colaboración, de duración quinquenal, dirixido á educación ambiental e cinexética de cazadores, agricultores, gandeiros e silvicultores.

2. Os requisitos anteriores, excepto o d) e o e), deberán estar recollidos nos estatutos da correspondente entidade.

3. As delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente establecerán un conxunto de programas concretos de colaboración referente ás accións establecidas nas letras d) e e) do punto anterior, dirixidos á súa execución polas entidades que pretendan obter ou posúan o título de colaborador. O antedito conxunto de programas deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. A Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente correspondente á sede da respectiva entidade poderá supervisar directamente a execución e o cumprimento das actividades que inclúan o programa en execución por aquelas.

4. As entidades que pretendan o título de colaboradoras por primeira vez comunicarán esta circunstancia á delegación correspondente, así como o programa previo elixido, e o seu cumprimento é condición necesaria para o nomeamento. Unha vez desenvolvido este, poderán solicitarlo seu nomeamento da forma que se describe a continuación.

5. A solicitude para a declaración será presentada pola entidade interesada ante a correspondente Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente. Na dita solicitude figurará o programa quinquenal de colaboración elixido pola entidade para a súa execución, en caso de ser nomeada, e a esta se xuntaránselle:

-Os estatutos da entidade.

-A listaxe dos socios compoñentes, especificando para cada un o seu número de documento nacional de identidade e domicilio.

-Os certificados acreditativos do cumprimento dos requisitos sinalados na letra d) do número 1 do presente artigo.

A declaración realizarase por resolución da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, logo de proposta da delegación provincial respectiva. A vixencia da declaración será de cinco anos, podendo renovarse mediante igual trámite que o esixido para aquel.

Non se poderá nomear colaboradora ningunha asociación que perdera en ocasión anterior a súa condición polas causas c) e d) do punto seguinte.

6. Constituirán causa de perda da condición de entidade colaboradora:

- a) A extinción da entidade.
- b) O incumprimento dalgunha das condicións necesarias para a súa cualificación.
- c) A rescisión dunha concesión por causas imputables á entidade.
- d) O incumprimento parcial ou total do seu programa de colaboración.
- e) A caducidade da cualificación.

A resolución de perda de condición será motivada e daráselle previamente o oportuno trámite de audiencia.

7. As entidades colaboradoras deberán presentar no mes seguinte á finalización de cada temporada cinexética unha memoria anual de actividades relativas ó desenvolvemento do seu programa de colaboración, á que se xuntará unha listaxe actualizada de asociados, co número do seu documento nacional de identidade e domicilio.

8. As entidades que, sendo declaradas colaboradoras, non dispoñan de terreos cinexéticos propios e os seus socios non están integrados noutras sociedades de cazadores que si dispoñan deles ou non sexan titulares de Tecor, poderán acceder con preferencia sobre as demais á concesión da xestión dos Tecor de carácter autonómico existentes no termo municipal onde teña a sede a entidade ou, no seu defecto, a dos estremeiros cando non existan nestes entidades nas que concorran as circunstancias anteriores.

Artigo 54º.-Colaboración coa Federación Galega de Caza para a realización de competicións.

1. A Consellería de Medio Ambiente poderá prestar a súa colaboración á Federación Galega de Caza para a realización, durante a época hábil, de competicións deportivas de caza tradicionais na comunidade autónoma, sempre que tales competicións teñan carácter social, provincial, autonómico, nacional ou internacional, e determinará as condicións que estime oportunas para realiza-la citada colaboración.

2. Cando se trate de modalidades non tradicionais, poderá autoriza-la súa realización en terreos, épocas

e circunstancias en que non se vexan afectadas as poboacións naturais nin se poña en perigo a viabilidade futura das especies catalogadas como ameazadas. Así mesmo, con iguais criterios, poderá autoriza-lo adestramento de cans que vaian participar en campionatos.

As peticións para estas autorizacións, que se presentarán nas delegacións provinciais, entenderanse estimadas se transcorrido o prazo dun mes desde a data da súa presentación non recaera resolución.

Capítulo II

Dos órganos consultivos e asesores

Artigo 55º.-Dos comités provinciais de caza.

1. En cada provincia da Comunidade Autónoma de Galicia existirá un Comité Provincial de Caza con carácter de órgano colexiado e competencia circunscrita á provincia correspondente.

2. Os comités provinciais de Caza reuniranse con carácter ordinario un mínimo de dúas veces ó ano, e con carácter extraordinario cando o acorde o seu presidente ou o solicite un número de membros superior a un tercio do total dos seus compoñentes.

3. Adoptarán os seus acordos conforme o establecido no regulamento interno que aproben para o efecto e, no seu defecto, aplicarase con carácter supletorio o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 56º.-Da composición dos comités provinciais de caza.

1. O Comité Provincial de Caza estará presidido polo delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, correspondéndolle a vicepresidencia ó xefe do Servizo Provincial de Medio Ambiente Natural.

2. O comité estará integrado polos seguintes vocais:

a) O presidente provincial da Federación Galega de Caza.

b) Un representante das consellerías competentes en materia de agricultura, turismo e deportes.

c) Un representante das asociacións de cazadores designado pola Federación Galega de Caza.

d) Un representante de sociedades ou asociacións de cazadores, con representatividade no ámbito no que estean inscritos, designado por acordo entre elas.

e) Un representante de entidades naturalistas e ecoloxistas, inscritas no rexistro correspondente e designado por acordo entre elas.

f) Un representante das asociacións de propietarios de terreos cinexéticos, designado por acordo entre elas.

g) Un representante das institucións dedicadas á investigación, designado por acordo entre elas.

h) Dous vocais de recoñecido prestixio en materia de caza, designados polo director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, por proposta do servizo provincial correspondente.

i) O xefe de sección encargado da caza no servizo provincial correspondente, quen actuará como secretario.

3. Ás reunións dos comités poderán asistir, con voz pero sen voto, os representantes da Administración do Estado ou das corporacións locais que se estime oportuno por razón da materia, ós cales se lles notificará a data da realización das sesións, con indicación da orde do día.

Igualmente o presidente do comité poderá invitar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto, as persoas que sexan consideradas expertas en asuntos relacionados coa orde do día da reunión.

4. Os vocais das letras d), e), e f) do punto primeiro do presente artigo deberán presentar xustificación acreditativa da súa designación, debendo confirmarse esta, de non se ter producido novas designacións, cada dous anos.

Artigo 57º.-Das competencias dos comités provinciais de caza.

Son competencias dos Comités Provinciais de Caza:

a) Propoñe-los períodos hábiles de caza que se establecerán na orde anual de vedas.

b) Presentar propostas e informes sobre os expedientes de declaración e modificación dos Tecor, así como sobre calquera outro terreo de aproveitamento cinexético especial.

c) Informar sobre as autorizacións e concesións que en materia de caza se outorguen no ámbito provincial respectivo.

d) Propoñer períodos de veda con carácter local.

e) Informar sobre a adopción de medidas de protección, fomento e aproveitamento da caza e do seu hábitat.

f) Promove-la realización de estudos e investigacións sobre cantas materias teñan relación coa actividade cinexética.

g) Solicitar información a calquera órgano da Administración sobre actuacións con incidencia no ámbito cinexético.

h) Informar sobre os plans de ordenación e os de aproveitamento cinexético no seu ámbito territorial.

i) Informar sobre calquera asunto que en materia cinexética someta á súa consideración a Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 58º.-Do Comité Galego de Caza.

1. Constituirase un Comité Galego de Caza con carácter de órgano colexiado e funcións de asesoramiento da Consellería de Medio Ambiente, en temas

relacionados coa actividade cinexética no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O Comité Galego de Caza reunirse con carácter ordinario un mínimo dunha vez ó ano e con carácter extraordinario cando así o acorde o seu presidente ou o solicite polo menos un tercio do total dos seus membros.

3. O Comité Galego de Caza adoptará os seus acordos conforme o establecido no regulamento interno que aprobe para o efecto, e supletoriamente aplícarase o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 59º.-Da Composición do Comité Galego de Caza.

1. O Comité Galego de Caza estará presidido polo director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente, correspondendo a súa vicepresidencia ó subdirector xeral con competencia na materia.

O comité estará integrado polos seguintes vocais:

a) Os presidentes dos comités provinciais de Caza.

b) Os xefes dos servizos provinciais de Medio Ambiente Natural.

c) O presidente da Federación Galega de Caza e os presidentes provinciais desta.

d) Un representante das asociacións de cazadores designado pola Federación Galega de Caza.

e) Un representante de sociedades ou asociacións de cazadores, de ámbito autonómico, designado por acordo entre elas.

f) Un representante das asociacións de propietarios de terreos cinexéticos, de ámbito autonómico, designado por acordo entre elas.

g) Un representante das asociacións naturalistas e ecoloxistas, de ámbito autonómico e inscritas como tales no rexistro correspondente, designado por acordo entre elas.

h) Un representante das consellerías competentes en materia de agricultura, turismo e deportes.

i) Un representante das institucións dedicadas á investigación, designado por acordo entre elas.

j) Dous vocais de recoñecido prestixio en materia de caza, designados polo director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

k) O xefe do servizo competente en materia de caza, que actuará como secretario.

2. Ás reunións do comité poderán asistir, con voz e sen voto, os representantes da Administración do Estado e das corporacións locais que se estime oportuno convocar por razón da materia, para o cal se lles notificará a convocatoria das sesións, con indicación da orde do día.

Igualmente poderán asistir por invitación do presidente, con voz pero sen voto, aquelas persoas que se estimen expertas nos asuntos que figuren na orde do día da reunión.

3. Os vocais ós que se refiren as letras e), f) e g) deberán presentar acreditación xustificativa da súa designación, e deberá confirmarse esta, de non se produciren novas designacións, cada dous anos.

Artigo 60º.-Competencias do Comité Galego de Caza.

Son competencias do Comité Galego de Caza:

a) Fixa-las liñas de actuación e promove-la adopción de medidas encamiñadas ó fomento, protección, conservación e ordenado aproveitamento da riqueza cinexética da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Informar sobre as propostas dos períodos hábiles de caza e sobre as ordes de veda, realizados polos comités provinciais de Caza para a elaboración da orde anual de vedas.

c) Informar sobre a declaración e modificación dos Tecor, ou de calquera outro terreo de aproveitamento cinexético especial de ámbito supraprovincial.

d) Informar sobre calquera tema que non sexa de competencia dos comités provinciais de caza por ter ámbito autonómico.

e) Informar sobre os plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos, que superen o ámbito provincial.

f) Informar sobre calquera outro asunto relacionado coa caza que someta á súa consideración o órgano correspondente da Consellería de Medio Ambiente competente por razón da materia.

Artigo 61º.-Comisión de Homologación de Trofeos de Caza.

1. Constituirase a Comisión de Homologación de Trofeos de Caza, adscrita á Consellería de Medio Ambiente.

A Comisión de Homologación de Trofeos de Caza estará composta por:

-Un presidente.

-Tres vocais, nomeados por proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

-Tres vocais, nomeados por proposta da Federación Galega de Caza.

-Un secretario, que actuará con voz e voto.

Tódolos membros da comisión serán nomeados polo conselleiro de Medio Ambiente. Tódolos vocais terán un recoñecido prestixio ou coñecemento dos recursos cinexéticos galegos.

2. A comisión terá como funcións as de recoñecemento e avaliación dos trofeos de caza, que por oficio ou por instancia dun terceiro lles sexan presentados, o impulso e promoción de medidas que fagan posible a mellora dos ditos trofeos e a ela-

boración e publicación das relacións de trofeos destacables de Galicia.

A antedita comisión, para efectos de homologación nacional e internacional dos trofeos que valore, trasladará as súas propostas á Xunta Nacional de Homologación de Trofeos de Caza e colaborará con ela nos cometidos que lles sexan propios.

3. A comisión reunirse sempre que o presidente o considere conveniente ou por petición de tres dos seus membros, cando circunstancias de excepcional relevancia en canto ó valor dos trofeos o aconsellen. Facúltase o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para dicta-las normas precisas para o desenvolvemento da actividade da antedita comisión.

TÍTULO VIII

Dos repertorios administrativos en materia de caza

Artigo 62º.-Repertorios.

1. Establécense os seguintes repertorios en materia de caza:

-Tecor.

-Explotacións cinexéticas industriais.

-Aves de cetrería.

-Mandas de cans.

-Pezas de caza en catividade, en especial reclamos de perdiz.

-Explotacións cinexéticas de carácter comercial.

O seu réxime xurídico e as normas de funcionamento desenvolveranse polas disposicións específicas que para o efecto dicte a Consellería de Medio Ambiente.

2. Nos repertorios deben figurar en cada caso, os seguintes datos:

a) Tecor: clave de matrícula do couto, titular cinexético, clase de couto, provincia e termo municipal de localización; superficie e aproveitamento principal.

b) Explotacións cinexéticas industriais: clave asignada, razón social e datos identificativos do titular; especie ou subespecies obxecto de explotación, destino autorizado e cualificación para producir determinada especie con destino á súa solta no medio natural, de se-lo caso.

c) Aves de cetrería: clave do rexistro da ave, especie, sexo, localización habitual (provincia, termo municipal) e datos identificativos do titular.

d) Mandas de cans: clave asignada como núcleo zoolóxico, provincia e termo municipal de localización; datos identificativos do titular e número de cans.

e) Pezas de caza en catividade e reclamos de perdiz: clave de rexistro da peza; especie e localización habitual (provincia, termo municipal); datos identificativos do titular.

f) Explotacións cinexéticas de carácter comercial: debe constar toda actividade cinexética da explotación, así como información relativa a soltas (entradas e saídas), controis sanitarios e xenéticos, e calquera outro dato que mediante resolución da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural se estableza.

3. As anotacións faraa de oficio a Consellería de Medio Ambiente no momento en que efectúe as declaracións ou outorgue as autorizacións pertinentes; igualmente de oficio para as asociacións deportivas de cazadores desde o momento en que se inscriban no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A cancelación das anotacións farase de oficio cando medie sentenza xudicial ou sanción administrativa firmes que impliquen a anulación da declaración ou autorización que motivou a anotación ou cando estas se extinguiron, así como por calquera outra causa prevista neste regulamento. Tamén se fará por petición dos interesados ó cesar de maneira voluntaria na actividade correspondente.

5. As explotacións cinexéticas industriais, sexan os seus titulares persoas físicas o xurídicas, non poderán realizar actividades relacionadas coa caza na comunidade autónoma se non están incluídas no repertorio correspondente, calquera que sexa o lugar da súa residencia.

Artigo 63º.-Rexistro Autonómico de Infractores de Caza.

1. Unha vez que adquiran firmeza as sancións, serán anotadas no Rexistro Autonómico de Infractores de Caza creado para o efecto.

2. Na anotación deberá consta-lo nome, apelidos e número do documento nacional de identidade do sancionado, o nome, número de identificación fiscal e razón social de tratarse de persoas xurídicas; precepto aplicado, natureza e duración da sanción imposta, así como aqueles outros datos que sexan necesarios conforme o que prevexa o correspondente Rexistro Nacional.

3. Os infractores que extinguiran a súa responsabilidade terán dereito á cancelación dos seus antecedentes e a ser dados de baixa de oficio no Rexistro Autonómico de Infractores.

4. Os datos relativos ás sancións anotadas no rexistro soamente se certificarán por petición do propio interesado, das autoridades xudiciais ou das administrativas con potestade sancionadora en materia cinexética e, transcorrido o prazo para a súa cancelación, unicamente os poderá utiliza-la Consellería de Medio Ambiente para fins estatísticos.

Disposicións adicionais

Primeira.-Comarcas de emerxencia cinexética temporal.

Cando nunha comarca exista unha determinada especie cinexética en circunstancias tales que resul-

te especialmente perigosa para as persoas ou prexudicial para a agricultura, a gandería, os montes ou a propia caza, a delegación provincial, de oficio ou por instancia de parte, e previas as consultas e comprobacións que estime oportunas, poderá declara-la dita comarca de emerxencia cinexética temporal, e determinará as épocas e medidas conducentes a elimina-lo risco e reduci-lo tamaño das poboacións da especie en cuestión.

Segunda.-Zonas de influencia militar.

A Consellería de Medio Ambiente, por proposta do Ministerio de Defensa, establecerá para as zonas de influencia militar non adscritas a el as normas que teñen que rexer, de se-lo caso, o aproveitamento cinexético.

Disposicións transitorias

Primeira.-Os expedientes administrativos que se encontren en tramitación á entrada en vigor do presente regulamento deberán tramitarse de acordo coas súas disposicións específicas en canto non se opoñan ó disposto neste.

Segunda.-Os plans de ordenación de caza aprobados con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento manterán a súa vixencia ata que se cumpra o prazo establecido na correspondente resolución aprobatoria.

Terceira.-As adxudicacións do aproveitamento cinexético de zonas de caza controlada a sociedades colaboradoras, realizadas con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento, manterán a súa vixencia ata o vencemento do prazo polo que se concederon.

Vencido o prazo de adxudicación ou extinguido o réxime pola causa referida no punto anterior, os terreos afectados pasarán á condición de terreos de réxime cinexético común, salvo que con anterioridade se solicite a declaración de terreo sometido a algún dos réximes e categorías recollidas na Lei de caza de Galicia.

Cuarta.-As sociedades deportivas de cazadores colaboradoras, declaradas así con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento, contarán desde a súa publicación co prazo dun ano para se adaptaren ó previsto nel.

Quinta.-Ó ano seguinte á entrada en vigor deste regulamento, as explotacións cinexéticas industriais deberán estar inscritas no correspondente rexistro da Consellería de Medio Ambiente para poder realiza-las súas actividades cinexéticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexta.-A esixencia contida no artigo 49º deste regulamento, en relación coa necesidade de dota-los Tecor da adecuada vixilancia, será de obrigado cumprimento pasado un ano desde a declaración do Tecor. O primeiro plan de ordenación cinexética non terá que especifica-lo modo en que se vai efectua-la vixilancia, que se fará constar en documento á parte.

Sétima.-O réxime de sinalización establecido nos artigos 17º, 18º e 19º deste regulamento deberá estar plenamente operativo nun período máximo de tres anos contados a partir da súa entrada en vigor.

Oitava.-A tenza de pezas de caza en catividade á que se refire o artigo 22º do presente regulamento, que fora autorizada conforme as disposicións legais derogadas, no ámbito de aplicación da Lei 4/1997, de caza de Galicia, deberá de ser actualizada pola Consellería de Medio Ambiente nas condicións establecidas no citado precepto.

ANEXO I

Plan de Ordenación Cinexética. Esquema básico

I. Memoria.

1. Xustificación e obxectivos.

2. Estado legal.

2.1. Datos administrativos:

Titular e denominación.

Concello.

Comarca.

Provincia.

Número de matrícula.

Límites e perímetro.

Superficie.

Duración.

Breve historial administrativo.

2.2. Réxime xurídico dos terreos incluídos no Tecor:

Terreos non cinexéticos.

Zonas de seguridade.

Refuxios de fauna.

Vedados.

Espacios naturais protexidos.

Propiedade do terreo.

Cercados cinexéticos.

3. Situación socioeconómica. Influencia da poboación e as actividades no medio.

4. Estado natural.

4.1. Características do medio físico.

Climatoloxía.

Xeomorfoloxía.

Solos.

Hidroloxía.

4.2. Vexetación.

Composición.

Evolución.

Usos e influencias.

4.3. Fauna.

Especies e hábitats.

Interaccións ecolóxicas.

Incidencia dos usos e aproveitamentos humanos.

Inventario.

5. Estado cinexético.

5.1. Inventario.

5.2. Factores de mortandade e a súa incidencia na dinámica da poboación.

5.3. Actuacións levadas a cabo no pasado para mellora-los resultados da caza.

6. Potencial cinexético:

Capacidade de carga.

Factores limitantes.

Densidade óptima.

7. Plan de xestión.

7.1. Obxectivos da xestión.

7.2. Unidades de xestión.

7.3. Plan de aproveitamento por especies.

7.4. Plan de melloras.

7.5. Outras actividades relacionadas co aproveitamento:

Adestramento de cans.

Caza permanente.

Competicións de caza.

8. Plan de seguimento e control.

9. Réxime de vixilancia.

II. Orzamento.

III. Planos.

ANEXO II

Normas para a caza na modalidade de axexo

1. Durante a cacería, cada cazador irá acompañado dun garda ou guía que terá a representación do titular dos dereitos cinexéticos e as decisións do cal serán seguidas estrictamente no transcurso desta.

2. O garda ou guía será o que lle indique ó cazador as pezas sobre as que pode disparar, podendo suspenderla cacería cando ó seu xuízo existan razóns que o fagan aconsellable. Durante o desenvolvemento das cacerías, as decisións dos gardas ou guías acompañantes serán inapelables. Os cazadores poderán recorrer contra as decisións do citado persoal ou formular reclamacións respecto ó seu comportamento mediante escrito dirixido ó organismo competente.

3. Situados no cazadoiro, se as condicións para a caza se tornasen adversas para o seu desenvol-

vemento, nas condicións previstas no punto 38 do artigo 58 da Lei de caza, o garda comunicaralle ó cazador a suspensión temporal desta.

4. O titular do permiso é a única persoa autorizada para disparar, non podendo levar máis que unha arma de fogo á cacería.

5. Ferida a peza, o garda ou guía adoptará as previsións precisas para proceder á súa persecución, remate e cobro. Unha vez cobrada a peza, tomaranse as correspondentes mostras e medidas.

6. O guía, baixo a súa responsabilidade, expedirá unha guía, asinada e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. Será necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con expresión aproximada do peso dos restos que se depositan, en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, será necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados.

ANEXO III

Normas de seguridade en ganchos e monterías

Antes do inicio da cacería nomearase un responsable desta. Esta persoa queda obrigada a organizarlos cazadores durante o seu desenvolvemento. O seu nome e DNI figurarán na relación de cazadores que efectivamente van cazar. Tódolos cazadores participantes están obrigados a obedecer as ordes do responsable da cacería, quen poderá ordenar a expulsión dos cazadores que non cumpran as súas instrucións.

O responsable da cacería escollerá as manchas que se vaian bater e comunicarlle a súa localización ós representantes do Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural e da Garda Civil. Igualmente, deixarao indicado no punto de reunión.

O responsable da cacería indicarlle ós cazadores participantes os postos que deberán ocupar durante o desenvolvemento da montería.

Os cazadores participantes non se moverán dos seus postos durante a montería.

Mentres o responsable da cacería coloca os cazadores participantes nos seus postos, estes deberán levar-las as escopetas abertas e os rifles descargados.

Unha vez colocados os cazadores nos seus postos, o responsable da cacería indicará o comezo, momento no que os batedores e cans entrarán na mancha que se vaia bater.

Cando o responsable da cacería dea o sinal de comezo, os cazadores cargarán as armas.

Se algún dos cazadores participantes se movese do seu posto, o responsable da montería suspenderá a cacería de forma inmediata, expulsando da cuadrilla aqueles cazadores que non respectasen as súas ordes.

Os cazadores participantes apuntarán as súas armas unicamente cara á mancha que se vai bater. Queda prohibido apuntar ou disparar cara á liña de retransca.

O responsable dará por finalizada a cacería cando o considere oportuno. Os cazadores de forma inmediata descargarán as súas armas.

Durante os traxectos nos que se utilice calquera tipo de vehículo, as armas irán descargadas e nas súas fundas.

O responsable da cacería, antes do seu inicio, debe dar a coñecer a tódolos participantes estas normas de seguridade.

Non poderá realizarse ningunha cacería sen previa notificación ó posto da Garda Civil, nin poderán baterse manchas distintas das solicitadas.

O responsable da cacería, baixo a súa responsabilidade, expedirá unha guía, asinada e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. Será necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con expresión aproximada do peso dos restos que se depositan, en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, será necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados.

ANEXO IV

Relación de especies cazables no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

* De caza maior (M).

* De caza menor.

-Migratorias (I)-non migratorias (S).

-Acuáticas (A).

-Predadores (P).

<i>Anas crecca</i> : cerceta real	A	I
<i>Anas platyrhynchos</i> : alavanco real	A	I
<i>Anas acuta</i> : pato rabilongo	A	I
<i>Anas clypeata</i> : pato cullerete	A	I
<i>Aythya ferina</i> : parrulo chupón	A	I
<i>Aythya fuligula</i> : parrulo cristado común	A	I
<i>Alectoris rufa</i> : perdiz rubia	T	S
<i>Perdix perdix</i> : perdiz charrela	T	S
<i>Coturnix coturnix</i> : paspallás	T	S
<i>Phasianus colchicus</i> : faisán común	T	S
<i>Fulica atra</i> : galiñola negra	A	I
<i>Vanellus vanellus</i> : avefría	T/A	I
<i>Scolopax rusticola</i> : arcea	T	I
<i>Gallinago gallinago</i> : becacina cabra	A	I
<i>Larus ridibundus</i> : gaviota chorona común	A	I
<i>Larus fuscus</i> : gaviota escura	A	I
<i>Larus argentatus</i> : corona clara	A	I/S
<i>Columba livia</i> : pomba brava	T	S
<i>Columba oenas</i> : pomba zura	T	I/S
<i>Columba palumbus</i> : pombo torcaz	T	I/S
<i>Streptopelia decacoto</i> : rula turca	T	S
<i>Streptopelia turtur</i> : rula común	T	I
<i>Turdus pilaris</i> : tordo real	T	I
<i>Turdus philomenos</i> : tordo galego	T	I
<i>Turdus iliacus</i> : tordo malvis	T	I
<i>Turdus viscivorus</i> : tordo charlo	T	I/S
<i>Sturnus vulgaris</i> : estorniño pinto	T	I

<i>Pica pica</i> : pega rabilonga	T	S
<i>Corvus monedula</i> : gralla cereixeira	T	S
<i>Corvus corone</i> : corvo	T	S
Mamíferos:		
<i>Lepus granatensis</i> : lebre		
<i>Oryctolagus cuniculus</i> : coello		
<i>Canis lupus</i> : lobo	M	P
<i>Vulpes vulpes</i> : raposo	P	
<i>Sus scrofa</i> : xabarín	M	P
<i>Capra pyrenaica schinz</i>	M	
<i>Capreolus capreolus</i> : corzo	M	
<i>Cervus elaphus</i> : cervo	M	
<i>Dama dama</i> : gamo	M	
<i>Ovis ammon musimon</i> : muflón	M	
<i>Rupicapra pyrenaica</i> : rebeco	M	
<i>Mustela vison</i> : visón americano		

ANEXO V

Dos sinais

Os carteis de primeira orde adaptaranse á tipoloxía seguinte:

Material: ríxido e que garanta adecuadamente a súa conservación.

Dimensións: 33 por 50 centímetros.

Altura desde o chan: entre 1 e 2,50 metros.

Cores: letras negras sobre fondo branco.

Dimensións das letras: alto: cinco centímetros, largo: tres centímetros, e cun trazo dun centímetro de grosor.

Lenda: a xenérica de Tecor, á que lle engadirá a específica que corresponda á súa tipoloxía e ó seu número de matrícula.

Calquera outra indicación acerca da utilización do Tecor deberá figurar no sinal, cunhas letras negras de seis centímetros de alto e un centímetro de largo.

2. Os sinais de segunda orde reunirán as características seguintes:

Material: ríxido e que garante adecuadamente a súa conservación.

Dimensións: 20 por 30 centímetros.

Altura desde o chan: entre 1 e 2,50 metros.

Cores: en diagonal, parte superior dereita en branco; e parte inferior (na cor que se determine na oportuna orde que para o efecto se dicte, segundo o distinto tipo de Tecor no que se atope instalado o sinal).

Lenda: potestativamente poderá incluírse no sinal unha lenda correspondente a cada cor e tipo de Tecor.

A significación da cor deberá ademais figurar necesariamente no documento habilitante para o exercicio da caza. Igualmente poderase incluí-la denominación do Tecor, en letra menor ás indicadas e respectando en todo caso as dimensións das sinalizacións que quedaron descritas.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 29 de outubro de 2001 pola que se conceden as prórrogas das bolsas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia convocadas na Orde do 31 de xullo de 2001 (Diario Oficial de Galicia do 9 de agosto).

A Orde do 31 de xullo de 2001 (DOG do 9 de agosto) aproba as bases que rexerán a convocatoria de prórrogas de bolsas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia correspondentes ó Programa de Promoción Xeral de Investigación do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

As solicitudes admitidas para participar na dita convocatoria foron estudadas pola correspondente comisión, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería da Presidencia e Administración Pública, un representante da Dirección Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e un representante de cada unha das tres universidades do sistema universitario de Galicia, segundo o disposto no punto 7.1 das bases da dita convocatoria e de acordo cos criterios establecidos no punto 7.2.

En consecuencia, atendendo á proposta elaborada pola dita comisión

RESOLVO:

Primeiro.-Concederlle-la prórroga para a realización de estudos de terceiro ciclo ás persoas que se relacionan no anexo desta resolución por un novo período de doce meses, comprendidos entre o día 1 de outubro de 2001 e o 30 de setembro de 2002.

Segundo.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* consonte o establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. De non estima-la interposición deste recurso, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo anta a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo cos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2001.

P.D. (Orde 31-7-2001, DOG do 9 de agosto)

Miguel Ángel Ríos Fernández

Secretario xeral de Investigación e Desenvolvemento

ANEXO

Solicitante	DNI
Abelenda Vila, José Antonio	46898804-X
Amorín López, Manuel	44814322-H
Antelo Martínez, Jorge	33296984-E
Araújo Barros, Montserrat	36170401-A
Arda Freire, Ana	53163275-V
Arenas Busto, Jesús Andres	35465602-Q
Arias Carballal, Marta	33329832-A
Armesto González, Julia	53114334-C
Bañobre López, Manuel	32684842-W
Barreiro Magdaleno, Elena	78797798-M
Bascuas Domínguez, María José	46904318-G
Bernárdez Rodríguez, Patricia	36157112-P
Blanco Barga, Iria	36138749-E
Blanco Canosa, Juan Bautista	46898811-V
Blanco Thomas, Soledad	36163226-G
Bouzas Rosende, Paula	79314656-F
Brea Portela, M ^a Cristina	34896482-P
Caamaño Vara, María do Pilar	78789819-F
Cabaleiro Lago, Celia María	77006850-K
Campos Ramos, José Luis	44457109-H
Campoy Quiles, Mariano	44830771-E
Cano López, Pablo	53167736-Q
Canoa Román, Verónica	36112608-D
Carballo Penela, Adolfo	76862672-F
Carrera Hernández, Ana	76914825-L
Castiñeira Piñeiro, José Carlos	76827016-R
Castiñeiras Pérez, Eva	46897545-Q
Castro Brylka, María Luisa	34265702-A
Castro Delgado, M ^a Luisa	46909402-M
Castro González, Esther	32843023-N
De la Torre Ramos, Laura	44458566-A
De Llano Neira, Pedro	44812560-G
Deiros Rodríguez, Jesús	33318994-K
Díaz Fernández, Pablo	36113560-H
Diez Capeáns, Rubén	52932752-T
Diez del Corral Corredoira, Pilar	33343295-B
Domínguez Represas, Alberto	76901375-R
Dopico Rodríguez, Patricia	32665664-Y
Dotras Bravo, Alexia	36166338-B
Fernández González, Alberto	34255918-V
Fernández González, María	76827734-Y
Fernández López, Dolores	33295837-W
Fernández López, Isabel	44809080-C
Fernández López, María José	33340173-V
Fernández Moro, Beatriz	53162908-H
Fernández Rodríguez, Eva	44447852-F

Solicitante	DNI
Fernández Salgueiro, Gerardo	36151694-H
Ferreira Novio, Martiña	44823308-B
Ferreiros Vidal, Isabel	44813396-N
Figueiras Gómez, Sergio	44807297-P
Franco Grela, Ana Isabel	34896611-E
Freire Iribarne, Félix Manuel	53111951-Y
García Calvo, Beatriz	53163063-N
García Vázquez, Sonia	46915745-T
García Márquez, Paula	36160408-S
Gómez-Ulla Fojo, María	44814130-X
González Fortes, Gloria	76934078-K
González Longarela, Marta	33336847-A
González Soutelo, Silvia	76909540-R
González Souto, Irma	32835912-P
González-Varas Ibáñez, Alejandro	71422082-K
Iglesias Lago, Silvia	36143051-T
Iglesias Villaverde, Teresa	53113539-F
López Freitas, Ana	32665037-T
López García, M ^a Cruz	34265704-M
López Moreno, David	53531257-E
López Silva, Inmaculada	44808195-D
Loureiro Vilarelle, Eva	32667726-K
Marques Fragueta, Enrique	32689488-W
Mayo Pedrosa, Marcos	44814931-Y
Miño Fariña, Natalia	32833495-Y
Moreno-Cid Barinaga, Amada	32666384-J
Mosquera Villaverde, Rut	33300765-P
Mourelle Espasandín, Estefanía	32805489-Z
Muriel Ríos, Lourdes	46909364-J
Núñez Álvarez, Margarita Lucía	34266284-X
Otero Adran, Miguel	44816130-D
Otero Villena, Almudena	33338905-Z
Pallas Lozano, Alicia María	53165368-V
Paz Tedín, Vanessa	32831159-Q
Pedrido López, Óscar	36147559-T
Peiteado Varela, Eva M ^a	44815495-H
Pena Pereira, Ana María	32685556-A
Penavella González, Silvia	36137346-E
Penedo Fernández, José	36123278-F
Pérez Carracedo, Catalina	76719881-T
Pérez Vázquez, Ana Belén	78526528-C
Pillado Villaronga, Sabela	76861793-W
Piñeiro Rebolo, Raquel	76777050-Z
Portela Maseda, Marta	76574708-A
Punin Crespo, María Oliva	52482922-G
Raña Diez, César	33297200-P
Riera Álvarez, Adolfo	36169766-N
Rivas Murias, Beatriz	46898548-F
Rodeiro Pazos, David	44815397-N
Rodil Rodríguez, M ^a del Rosario	44085164-Y
Rodríguez Riobo, Raúl	78792425-Z
Rodríguez Álvarez, Cristina	35568032-G
Rodríguez Barreiro, Ana	33339526-Z
Rodríguez Bouzo, Ramona	15356428-H
Rodríguez Juiz, Vanesa	34266539-N
Rodríguez Martínez, M ^a del Carmen	36158963-L

Solicitante	DNI
Rodríguez Resino, Álvaro	36155407-M
Salgado Lemos, Daniel	32823422-F
Sande Fouz, Patricia	46911017-X
Santiago Sanmartín, Susana	32682021-X
Segade Lodeiro, Manuel	32829867-N
Sousa Rodríguez, M ^a Encarnación	32685615-Q
Tizón Zas, Eva	46904805-P
Torres Rey, María Maira	35469309-C
Vázquez Barros, Juan Carlos	32814664-N
Vázquez Vilarelle, David	34890041-F
Vicente López, Simón	44815260-J
Vila Rivas, Helena	76418432-N
Vilares Ferro, Jesús	36111593-Y
Vilela Méndez, Ana María	33342493-Z
Voces López, Carmen	76624022-M

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 7 de agosto de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Frigodis, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo para a empresa *Frigodis, S.A.*, con nº de código 3602652, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 26-7-2001, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo comité de empresa, en data 18-7-2001, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo desta delegación provincial e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 7 de agosto de 2001.

P.A.

Luis Boullosa Nores
Secretario provincial de Pontevedra

Convenio colectivo *Frigodis, S.A.* 2001

Capítulo I

Ámbito de aplicación e disposicións xerais

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

O presente convenio colectivo establece as bases para as relacións laborais, entre a empresa *Frigodis, S.A.* e os seus traballadores adscritos ós centros de traballo seguintes:

* Sede central (r/ Jacinto Benavente, Vigo).

* Cámara de Vigo (r/ Jacinto Benavente, Vigo).

* Cámara de Chapela.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

O presente convenio colectivo comprende todo o persoal do cadro de persoal nas súas distintas categorías profesionais existente no momento da sinatura, nos centros de traballo aludidos no artigo anterior, así como os que posteriormente se incorporen ós respectivos cadros de persoal. Exclúense os traballadores adscritos á rede de vendas.

Os traballadores fixos-descontínuos da descarga de buques rexeranse polo disposto no artigo 28 deste convenio colectivo.

Artigo 3º.-Vixencia.

O convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2001 e cun período de vixencia ata o 31 de decembro do mesmo ano, e denunciarse por escrito alomenos cun mes de anticipación á data do seu vencemento; en caso contrario prorrogarase por períodos anuais sucesivos.

Artigo 4º.-Determinación das partes que o concertan.

As partes asinantes deste convenio son, pola parte empresarial, Fernando Merino Carrera, Fernando Ilarri Junquera, Rafael Barreras Morán e Susana San Segundo Fernández, e pola parte social, os membros do comité de empresa abaixo asinantes.

Artigo 5º.-Condicións máis beneficiosas.

A empresa respectará as condicións máis beneficiosas de que viña desfrutando o persoal, incorporadas no seu contrato individual.

O conxunto das condicións pactadas neste convenio absorberá e compensará aquelas melloras que puidesen establecer-las disposicións legais vixentes en cada momento.

Tódalas condicións económicas establecidas no presente convenio teñen o carácter de mínimas e son as que figuran nas táboas salariais anexas.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

Para a interpretación e vixilancia das condicións xerais pactadas neste convenio crearase unha comisión paritaria composta por:

Parte social: o presidente do comité de empresa, secretario do comité de empresa e un representante de cada un dos sindicatos.

Parte empresarial: cinco membros designados pola empresa.

En caso de existiren discrepancias entre as partes e non lograr chegarse a un acordo, someteranse á xurisdicción laboral competente.

Artigo 7º.-Vinculación á totalidade.

As condicións pactadas neste convenio colectivo forman un todo orgánico e indivisible e, para efectos da súa aplicación práctica, consideraranse globalmente en cómputo anual.

No suposto de a autoridade ou xurisdicción competente, no exercicio das súas facultades, non aprobar ou de modificar algunha das súas cláusulas, as partes reuniranse para revisa-lo convenio.

No non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no ET.

Capítulo II Organización do traballo

Artigo 8º.-Principios xerais.

A organización práctica do traballo, respectando a lexislación vixente en cada momento, é facultade da dirección da empresa e por delegación dos seus mandos ou representantes legais.

Todo isto sen mingua das funcións de información que as mesmas disposicións legais atribúan ós representantes dos traballadores, comité de empresa e seccións sindicais, se for o caso.

É política común dos traballadores e da dirección o mantemento de actitudes de información, diálogo e negociación que conduzan a esquemas participativos.

A empresa manterá e fomentará a formación e promoción profesional dos seus traballadores. Anualmente comunicarase ó comité de empresa o plan de formación.

Artigo 9º.-Clasificación do persoal.

O persoal ó servizo da empresa, incluído no ámbito de aplicación deste convenio, queda encadrado nalgun dos seguintes grupos profesionais:

- I. Persoal técnico.
- II. Persoal administrativo.
- III. Persoal obreiro e actividades auxiliares.

Artigo 10º.-Definición de grupos profesionais.

I. Técnicos: clasifícanse neste grupo aqueles que realizan traballos que esixan, con titulación ou sen ela, unha competencia ou práctica, exercendo funcións de tipo facultativo, técnico ou dirección especializada.

O dito grupo, pola súa vez, clasifícase nos seguintes subgrupos:

1. Técnicos con título superior.
2. Técnicos con título non superior.

3. Técnicos non titulados.

II. Administrativos: neste concepto quedan comprendidos aqueles que realicen traballos de mecánica administrativa, contable e outros análogos non comprendidos no grupo anterior.

III. Obreiros e actividades auxiliares: inclúe este grupo o persoal que execute fundamentalmente traballo de índole material ou mecánico e engloba o persoal de reparto, cámaras e oficios varios, así como o persoal subalterno.

Artigo 11º.-Regulación.

Os contratos do persoal, calquera que sexa a súa modalidade, adaptaranse ás formas e condicións establecidas polas disposicións legais vixentes.

Artigo 12º.-Contratos en prácticas e de aprendizaxe.

A empresa poderá contratar traballadores en prácticas e aprendices, conforme as disposicións legais vixentes.

No caso dos aprendices, a súa retribución será non inferior ó 90 e 100% do salario base durante, respectivamente, o primeiro e segundo ano de vixencia do contrato.

Artigo 13º.-Vacantes e postos de nova creación.

Na creación de novos postos de traballo na provisión de vacantes, cando se requira persoal de novo ingreso, a empresa terá en conta, en primeiro lugar, ós traballadores que no momento de se inicia-la selección contén con contratos por tempo indefinido a tempo parcial.

A dirección da empresa está obrigada a informa-lo comité de empresa das vacantes producidas e dos postos de nova creación.

Non se entenderá como posto de nova creación as contratacións temporais que teñen unha duración prevista inferior a un ano, sen prexuízo da entrega da copia básica do contrato, tal como dispón o artigo 8.3º do ET.

Artigo 14º.-Período de proba.

O persoal de novo ingreso terá carácter provisorio durante un período de proba variable, segundo a índole do labor que se realice, conforme a seguinte escala:

Técnicos titulados: seis meses.

Titulados grad. sup., contr. prácticas: dous meses.

Titulados grad. med., contr. prácticas: un mes.

Contratos de aprendizaxe: un mes.

Resto do persoal: un mes.

Durante os períodos que se sinalan, tanto o traballador como a empresa poderán desistir da proba ou proceder á rescisión do contrato, sen aviso previo

nin dereito a indemnización. Será nulo o pacto que estableza un período cando o traballador desempeñase as mesmas funcións con anterioridade na empresa, e dentro da mesma categoría profesional, baixo calquera modalidade de contratación.

O traballador desfrutará, durante o período de proba, da retribución que corresponda á categoría profesional do traballo no que se clasificase. O período de proba será computado para efectos de antigüidade.

Superado o período de proba, o traballador pasará a depender da empresa coa categoría que corresponda en cada caso.

Artigo 15º.-Postos especiais.

A empresa procurará empregar-lo persoal con capacidade física ou intelectual diminuída pola idade ou outros inconvenientes ocorridos antes da súa xubilación, en destinos adecuados ás súas condicións reais no caso de existiren estes postos. Igual criterio se seguirá con aqueles que se atopen na situación de invalidez parcial para a súa profesión habitual.

Artigo 16º.-Postos ou áreas de traballo.

Enténdese por postos ou áreas de traballo o conxunto de funcións, deberes, atribucións e responsabilidades, asignadas a un ou máis traballadores. Os postos de traballo forman a unidade básica organizativa de cada centro de traballo. Cada posto clasificarase no grupo profesional que proceda.

Artigo 17º.-Execución do traballo.

Cada traballador deberá desempeñar basicamente as funcións propias do seu posto de traballo.

Non obstante, se as ditas funcións non ocupasen plenamente a súa xornada laboral, os traballadores realizarán os traballos que se lle asignen, sempre de acordo coa súa experiencia, formación e clasificación profesional.

É deber básico do traballador cumprir coas obrigacións completas do seu traballo, de conformidade coas regras de boa fe e dilixencia, así como observar-las medidas de seguranza e hixiene e os procedementos de calidade que se adopten.

Artigo 18º.-Mobilidade funcional.

Regularase polo disposto no artigo 39 do Estatuto dos traballadores.

Cando se produzan cambios de centro de traballo dentro de *Frigodis, S.A.* e iso significase para o traballador un incremento de gastos, debidamente acreditado, a empresa compensaralle por isto. Igual criterio se seguirá cando se produza unha modificación de horario, salvo que estivese previsto ou pactado no contrato individual, exceptuando os supostos nos que o traballador permanecese no dito horario por máis de tres anos.

A decisión por parte da empresa de cambio de centro de traballo será avisada con quince días de anticipación.

Artigo 19º.-Incorporación a outras empresas do grupo.

Os traballadores da empresa *Frigodis, S.A.* poderán ser destinados a outras empresas do mesmo grupo de empresas cando existan razóns organizativas, técnicas ou productivas que o xustifiquen, sempre que se respecten os límites da mobilidade funcional e o traslado non implique cambio de domicilio.

A decisión de incorporación á nova empresa comunicarase ós afectados e ó comité de empresa cunha anticipación de 30 días naturais, salvo acordo noutro sentido.

Os traballadores afectados por esta decisión incorporaranse ó cadro de persoal da empresa do seu novo destino conservando a súa categoría profesional, antigüidade e salario anual, a excepción dos complementos vinculados ó posto de traballo.

Se a incorporación prevista neste artigo significase para o traballador un incremento nos seus gastos, debidamente acreditado, a empresa compensaralle por isto.

Artigo 20º.-Excedencias.

Terá dereito á situación de excedencia todo o persoal afectado polo presente convenio, de acordo coas normas reguladas no Estatuto dos traballadores.

Capítulo III

Xornada, vacacións e licencias

Artigo 21º.-Xornada anual e horario.

A xornada de traballo será de 1.749 horas de traballo efectivo ó ano. Para tal efecto non se computarán como tempo efectivo de traballo os descansos obrigatorios ou pactados.

O tempo de traballo computarase ó inicio e ó final da xornada no posto de traballo.

Dentro da xornada ordinaria de traballo, a dirección da empresa poderá dispoñer de ata un máximo de 80 horas anuais, que poderá utilizar tanto para atender emerxencias, ou períodos punta, prazos de entrega con marxes moi estrictas o incumprimento dos cales poida implica-la perda do pedido ou do cliente, etc. Polo que se refire á súa compensación, o traballador afectado poderá optar entre que as horas de exceso se lle compensen con tempo de descanso, dentro do mes natural de realización das ditas horas, ou que se lle aboen como horas extraordinarias.

En calquera caso, a utilización das horas de dispoñibilidade a que se fai referencia no parágrafo anterior, non poderá implicar ningún incremento na xornada anual pactada.

O aumento das horas, como consecuencia da utilización das horas de dispoñibilidade mencionadas, poderá afectar á totalidade da empresa, seccións dela, ou traballadores individualmente.

Para que sexa de obrigado cumprimento a orde dada para atende-lo anteriormente citado, será suficiente e necesario, salvo acordo noutro sentido, que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Aviso previo de 72 horas ós afectados, dando traslado da orde ós representantes dos traballadores.

b) A dispoñibilidade horaria efectuarase incrementando ata en dúas horas a xornada diaria habitual. Estas horas compensaranse en tempo libre dentro do mes natural seguinte ó da súa realización.

Se por modificacións horarias derivadas da posta en práctica desta facultade orixinasen algún gasto extra en materia de transporte ós traballadores afectados, a empresa compensaraos por isto.

Mediante contrato individual e de mutuo acordo, poderase pactar unha distribución irregular da xornada, respectando o máximo anual de 1.749 horas e a normativa sobre descansos contida no Estatuto dos traballadores. Igualmente se poderá pactar a realización de xornadas inferiores a 1.749 horas anuais, coa retribución proporcional equivalente.

A xornada anual desenvolverase nos horarios seguintes:

* Centros e Chapela e Vigo:

De 8 a 16 horas.

De 8 a 13 e de 14 a 17 horas.

De 10 a 18 horas.

De 6.45 a 14.45 horas.

Todos eles de luns a venres.

* Sala de máquinas (quendas continuas):

De 7 a 14 horas.

De 14 a 22 horas.

De 22 a 7 horas.

Oficinas primeira quenda:

De 8 a 15 horas, de luns a venres, e de 8 a 13 os sábados.

Oficinas segunda quenda:

De 8 a 13.30 e de 14.15 a 16.45 horas, de luns a venres.

A xornada intensiva de verán para o persoal de oficinas estenderase desde o 15/6 ó 30/9 para o ano 2000 cun horario de 8 a 14.30 h. Estableceranse as quendas pertinentes para cubri-las necesidades do servizo fora do horario fixado.

O horario de traballo, como consecuencia das necesidades do servizo, adaptarase de acordo cos cambios organizativos de cada momento. Previamente a isto, informarase o comité e comunicaránselle as razóns xustificativas.

A comunicación individual destes cambios efectuarase con 30 días de anticipación, salvo pacto noutro sentido.

Os traballadores retribuídos polo sistema de tarefa non se rexerán por este réxime xeral de xornada.

Nas cámaras que teñan que estar a -18° C ou inferiores cunha oscilación de máis ou menos 3° C, a permanencia no interior será de 6 horas.

Cada 45 minutos de traballo ininterrompido no interior das cámaras, ou entrando ou saíndo continuamente (carretilleiros), concederáselles un descanso de recuperación de 15 minutos.

Completarán a xornada normal en traballos que se realicen no exterior das cámaras.

* Axencia de viaxes:

Horario de inverno: de 8 a 13 e de 14.45 a 18, de luns a venres.

Horario de verán: de 8 a 14.30 de luns a venres. Estableceranse as quendas pertinentes para atender-las necesidades do servizo durante este período, sempre e cando for imprescindible por razóns organizativas, técnicas ou productivas. No suposto de que os traballadores adscritos á axencia de viaxes chegasen a realizar xornada partida, as hras de exceso sobre a xornada de verán compensaráselles con horas de descanso equivalentes.

Artigo 22º.-Horas extraordinarias.

É firme vontade de ámbalas partes a redución ó mínimo de horas extraordinarias.

Para o suposto de que for necesaria a súa realización, retribuiranse segundo o valor dunha hora ordinaria incrementada nun 75%.

Non se terán en conta, para efectos de duración máxima da xornada ordinaria laboral nin para o cómputo do número máximo das horas extraordinarias autorizadas, o exceso das traballadas para prever ou reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes ou por causa de forza maior, sen prexuízo do seu aboamento como se se tratase de horas extraordinarias.

Consideraranse horas extraordinarias estruturais as realizadas nos seguintes casos:

-Incidencias nas quendas de traballo provocadas por licencias retribuídas, ou IT.

-Ausencia imprevista do substituto no traballo a quenda.

-Reparacións perentorias.

-Peches de exercicio contable e confección de orzamentos.

-Períodos punta de reparto.

Artigo 23º.-Vacacións.

Todo o persoal afectado polo presente convenio terá trinta días naturais de vacacións, aboándose estas coa retribución do salario da táboa anexa máis antigüidade e complemento persoal.

No ano de comezo da relación laboral, o persoal de novo ingreso desfrutará dentro do mesmo da parte

proporcional que corresponda segundo o número de meses traballados durante o ano, computándose para estes efectos a fracción de mes como mes completo.

As vacacións desfrutaranse de acordo coas datas solicitadas polo traballador, adaptándose ás necesidades do servizo. En cada servizo se confeccionará un plan de vacacións.

Cando por falta de acordo entre os traballadores sexa necesario establecer unha orde, esta determinarase por sorteo; ó ano seguinte os desfavorecidos no sorteo terán prioridade.

As vacacións non comezarán en día festivo ou véspera, salvo petición do interesado.

Se durante o desfrute das vacacións, o traballador xustifícase ter sufrido internamento clínico, non se computarán para efectos de vacacións os días que tivese durado o dito internamento.

Neste suposto, os días de vacacións pendentes, disfrutaranse cando as necesidades do servizo o permitan.

Anualmente elaborárase un calendario laboral que comprenderá o período de vacacións.

A dirección da empresa deberá facer público con 2 meses de anticipación ó comezo das vacacións o plan anual de vacacións.

Se por causas extraordinarias a empresa modifícase unilateralmente as vacacións dun traballador, este será compensado cunha gratificación de 20.000 pesetas.

Artigo 24º.-Licencias retribuídas.

O persoal afectado polo presente convenio terá dereito a solicitar licencias retribuídas nos seguintes casos:

- a) Matrimonio: 15 días naturais.
- b) Parto da esposa: 3 días naturais.
- c) Enfermidade con internamento ou intervención cirúrxica, tamén con internamento do cónxuxe, pais, fillos: 5 días naturais, pais políticos: 3 días naturais (deben presentar certificado médico) sempre que persista o internamento ou a enfermidade.
- d) Falecemento do cónxuxe, pais, fillos ou irmáns: 3 días retribuídos e 2 sen retribuír; si residen na provincia de Pontevedra, 4 días retribuídos e 1 sen retribuír, si é no resto de Galicia e 5 días retribuídos no resto de España.
- e) Falecemento de avós, netos e pais políticos: 2 días.
- f) Falecemento de irmáns políticos, avós políticos: 2 días; tíos e tíos políticos: 1 día.
- g) Por intervención cirúrxica, sen internamento ou recoñecemento médico de pais, cónxuxe e fillos: 1 día.
- h) Por cambio de domicilio: 1 día.

i) Cando teña que acudir a probas ou recoñecementos médicos en centros sanitarios, con xustificante médico: 1 día.

j) Nacemento de neto: 2 días.

Nos casos en que se teña que acompañalo cónxuxe e fillos a recoñecemento médico a Santiago por enfermidade. 1 día, a Madrid ou outras cidades fóra da rexión: 3 días, e cando esta saída fose a Madrid a consecuencia de operación ou intervención cirúrxica con internamento: 5 días, acreditándose, en todo caso, con certificado médico.

Consulta médica: 3 horas, e se esta consulta médica se realiza en Moaña, Pontevedra, Ponteareas, Salvaterra, Salceda, Domaio ou Cangas, o tempo total da consulta, así como o tempo de desprazamento de regreso, debidamente acreditados. Igual criterio se seguirá con respecto ó persoal destinado no Porriño que teña de desprazarse a Vigo.

Concédenselle os mesmos dereitos á compañeira/o que á esposa/o.

Tódolos días indicados anteriormente considéranse días naturais.

Capítulo IV Réxime económico

Artigo 25º.-Crecemento salarial.

A partir do 1 de xaneiro de 2000 rexerán para tódolos efectos os salarios que figuran na táboa anexa ó convenio, na que se inclúen tódolos conceptos salariais, complementos e demais e que supuxo un incremento do 4,75%, que se desagrega nun 2,25% en incremento porcentual e o resto en incremento lineal (4.000 pesetas por 16 pagas e 30.000 pesetas na bolsa de vacacións).

Artigo 26º.-Principios xerais sobre retribución.

Tódolos conceptos salariais que figuran no presente convenio teñen a consideración de retribucións brutas e sobre elas efectuaranse as correspondentes deducións por Seguridade Social, IRPF e calquera outra que puidese corresponder por aplicación legal.

Artigo 27º.-Conceptos retributivos.

Salario base.

Complemento convenio.

Complemento de asistencia.

Complemento de distancia.

Complemento de noite.

Antigüidade.

Complemento de traballos penosos, insalubres, perigosos.

Bolsa de vacacións.

Axudas de custos.

Pagas extraordinarias.

-Salario base.

Salario por unidade de tempo ou de obra: o determinado no convenio ou no contrato e figura na táboa salarial.

-Complementos salariais.

-Complemento convenio.

Salario de cualificación por categoría profesional e é o que consta na táboa salarial.

-Complemento de asistencia.

Está en relación cos días de asistencia ó traballo e é o que consta na táboa salarial.

-Complemento de distancia.

Todo o persoal afectado por este convenio percibirá, en concepto de complemento de distancia, a cantidade que figura na táboa anexa.

-Complemento de traballos penosos, insalubres e perigosos.

A todo o persoal que polas súas condicións de traballo se lles recoñeza actualmente unha prima polos ditos traballos, seguiráselle recoñecendo este dereito na contía que figura na táboa salarial anexa. Os ditos traballos aboaranse proporcionalmente ó tempo traballado.

Os demais traballadores que eventualmente teñan que realizar traballos desta natureza, percibirán un complemento do 20% do salario base, en proporción ó tempo traballado nestas condicións.

O persoal que traballe no interior das cámaras frigoríficas cobrará un complemento equivalente ó 25% do salario base.

O persoal que realice o seu traballo a temperaturas entre 0 e 10° C, cobrará un complemento equivalente ó 10% do salario base.

-Complemento de noite.

Regularase de acordo co artigo 36 do Estatuto dos traballadores. Canto á súa retribución, será un complemento do 25% do salario base.

-Bolsa de vacacións.

Recoñécese a todo o persoal afectado polo convenio unha bolsa de vacacións de 157.500 pesetas, que se fará efectiva coa paga de xullo.

Ó persoal que ingresase no transcurso do ano ou que cesase durante el aboarásele a bolsa de vacacións rateando o seu importe por doceavas partes, en relación co tempo traballado no ano, igual que ocorre co dereito ás vacacións.

-Axudas de custos.

A empresa aboará a cada un dos traballadores procedentes de *Sofitransa* que viñan desfrutando de axuda de comida, a cantidade de 675 pesetas por día efectivo de traballo, sempre que non perciban axudas de custos.

Cando por necesidades da actividade da empresa se considere precisa a continuidade da xornada laboral habitual de traballo en tres ou máis horas, a empresa facilitará unha axuda de custos de comida de 2.000 pesetas, que comprende 1.500 pesetas, en concepto de axuda de comida e 500 pesetas como compensación por gastos de transporte urbano.

-Pagas extraordinarias.

Todo o persoal afectado por este convenio desfrutará de catro pagas extraordinarias, aboadas a razón dunha mensuralidade composta por salario base, complemento convenio, complemento de distancia, complemento de traballos especiais e complemento de traballos penosos, máis antigüidade, como se vén facendo ata a data. As ditas pagas corresponden a:

a) O día 15 de marzo.

b) O día 15 de xullo.

c) O día 15 de outubro.

d) O día 15 de decembro.

As ditas pagas faranse efectivas o día laboral inmediatamente anterior á data sinalada neste artigo.

As pagas correspondentes ós días 15 de xullo e 15 de decembro aboaranse por semestres. A paga correspondente ó 15 de marzo, para o persoal que ingrese durante o ano farase efectiva o día 31 de decembro, abonándosele na súa parte proporcional. A paga correspondente ó 15 de outubro seguirá devengándose de acordo coa normativa da empresa, de considerala como paga de asistencia ó traballo e proporcionalmente ó tempo traballado, tendo tal consideración a situación de incapacidade temporal derivada de accidente laboral, maternidade e cando se produza a consecuencia de intervención cirúrxica ou de hospitalización.

O persoal procedente de *Sofitransa* que teña a categoría de maquinista ou acceda a ela (como garantía ad personam) percibirá coa nómina do mes de marzo unha paga de 101.453 pesetas.

Para o persoal procedente de *Sofitransa*, o importe das pagas extraordinarias comprenderá, exclusivamente, o salario base máis a antigüidade, así como o incremento lineal pactado neste convenio.

-Antigüidade.

Tódolos traballadores afectados por este convenio, cunha antigüidade anterior a 1985, desfrutarán de bienios ó 5% do salario mínimo interprofesional, ata o máximo de 18 bienios, segundo o cálculo seguinte:

a) Bienios cumpridos ata o 1-1-1985, calculados a razón do 5% do salario mínimo interprofesional de 37.710 pesetas.

b) Bienios que se cumpran a partir do 1-1-1985 calculados a razón do 5% do salario mínimo interprofesional vixente no momento de cumprilo dito bienio.

A cantidade resultante de suma-lo calculado nas alíneas a) e b) configurará o importe da antigüidade adquirida.

Todo o persoal con antigüidade na empresa posterior ó 1-1-1985 terá trienios ó 5%.

A antigüidade computarase desde o 1 de xaneiro do ano en que se cumpra.

Os traballadores afectados por este convenio procedentes de *Sofitransa* desfrutarán de aumentos por anos de servizo, como premio á súa vinculación á empresa. A aplicación desta norma regularase da maneira seguinte:

-Primeiro trienio ó 10%.

-Restantes ó 5% ata un máximo de 75%.

O importe de cada trienio calcularase tomando como base a táboa de cálculo de antigüidade anexa, a cal se incrementará cada ano no mesmo índice de incremento do IPC.

Os aumentos por anos de servizos comezarán a devengarse a partir do primeiro día do mes en que se cumpre cada trienio.

A antigüidade calcularase como salario para tódolos efectos.

Capítulo V

Regulación dos traballadores fixos-descontínuos

Artigo 28º.-Traballadores fixos-descontínuos.

Os traballadores empregados directamente pola empresa na descarga de buques de produtos conxelados nos peiraos adscritos á concesión administrativa de *Pescanova, S.A.* sita en Chapela, que se realice por conta de empresa do grupo *Pescanova*, que teñen na actualidade a condición de traballadores fixos de carácter descontínuo, para os efectos do artigo 12 do Estatuto dos traballadores, serán chamados ó traballo sempre que se produzan as operacións de carga/descarga dos referidos buques.

Cando o cadro de persoal de traballadores fixos-descontínuos de *Frigodis, S.A.* non fose suficiente para efectuar a descarga dalgún buque no tempo estipulado, poderá acudir-se á contratación temporal (eventual ou para obra determinada), ben de forma directa ou a través dunha ETT ou á subcontratación do servizo.

Acórdase a utilización dun criterio de flexibilidade na realización de horas complementarias, atendendo ás necesidades do servizo e en concreto á non conxestión de atraque ou espera dos buques.

Ademais da retribución dadas horas nos valores establecidos, por cada seis horas complementarias traballadas asignarase como equivalente a un día de presenza, para efectos de cotización na Seguridade Social.

A dirección da empresa *Frigodis, S.A.* tamén chamará estes traballadores fixos-descontínuos para a descarga de contedores que se realice no centro de

traballo de Chapela, sempre que tales operacións sexan efectuadas de forma directa por *Frigodis, S.A.*

A retribución dos traballadores fixos-descontínuos será a seguinte:

Salario día: 6.560 pesetas.

Prima de rendemento: 2.200 pesetas.

Horas complementarias: 1.133 pesetas/hora.

Os traballadores fixos-descontínuos percibirán a cantidade de 700 pesetas/día, en concepto de axuda de comida, incompatible con calquera outra axuda por este concepto e nos días de traballo efectivo da descarga de buques ou de contedores.

A prima de rendemento percibirase sempre que se acaden os rendementos fixados pola dirección da empresa, que son coñecidos polos traballadores. Estes rendementos só se modificarán cando se produzan as causas e segundo o procedemento previsto no artigo 41 do Estatuto dos traballadores.

Na descarga de contedores, e mentres as circunstancias técnicas e organizativas dela non permitan o establecemento de prima de rendemento, establécese un complemento de posto de traballo de 1.187 pesetas por día traballado, en substitución da referida prima de rendemento.

Ademais dos conceptos retributivos expostos, o complemento especial dos postos de traballo de amanteiro de bordo, puntaleiro e basculeiro (da descarga de barcos), será de 1.247 pesetas.

A retribución diaria (salario fixo máis complementos) inclúe a parte proporcional de descansos, vacacións, pagas extraordinarias e bolsa de vacacións.

O horario habitual de traballo será de 7 a 15 h.

Cando así o esixiran as características do buque ou fora necesario para finalizar a descarga do buque dentro do tempo estipulado, a dirección da empresa poderá organiza-lo traballo en quendas rotativas.

Antigüidade: con efectos desde a entrada en vigor deste convenio reconéceselles ós traballadores fixos-descontínuos o dereito a percibi-lo complemento por antigüidade. O cómputo da antigüidade farase proporcionalmente ós días efectivamente traballados (cada día traballado equivale a 8 horas, que se multiplicarán polos días de traballo e se dividirán por 1.749 horas/ano; o que dá un número de anos teóricos para efectos de antigüidade).

Ademais da regulación específica contemplada neste artigo, ós traballadores fixos-descontínuos seralles de directa aplicación o disposto para as licencias (artigo 24º), a idade de xubilación (artigo 29º), seguro (artigo 30º), complemento IT (artigo 31º), tenda de peixe (artigo 32º), organización do traballo (capítulo II), seguranza e saúde laboral (capítulo VII), dereitos sindicais (capítulo VIII) e infraccións e sancións (capítulo IX).

Os dereitos que corresponden por aplicación do artigo 24º (licencias) e do artigo 31º (complemento

IT), serán só durante os días efectivos de descarga e mentres dure esta.

Capítulo VI Beneficios sociais

Artigo 29º.-Idade de xubilación.

Queda establecida a xubilación con carácter obrigatorio ós 65 anos de idade para todo o persoal da empresa, sempre que reúna os requisitos necesarios para ter dereito á pensión de xubilación do sistema de Seguridade Social española.

Ó producirse a xubilación conforme o disposto no parágrafo anterior, reconeceráselle ó traballador un premio segundo a seguinte escala.

a) Traballadores cunha antigüidade de 30 anos: tres mensualidades.

b) Traballadores cunha antigüidade de 20 anos: dúas mensualidades.

c) Traballadores cunha antigüidade de 15 anos: unha mensualidade.

Si a xubilación se anticipa á idade de 65 anos, gratificarase con quince días máis por ano de anticipación.

Artigo 30º.-Seguro.

Con independencia das indemnizacións obrigatorias da Seguridade Social, a empresa, mediante a concertación de póliza de cobertura cunha entidade aseguradora, garantirá ós seus traballadores ou, se é o caso, ós seus herdeiros, e nos supostos que se especifican, as seguintes indemnizacións, cubrindo a póliza as 24 horas do día:

1.1. Por accidente non laboral.

1.1.1. Morte do traballador.

Os herdeiros do traballador ou, no seu defecto, a persoa que el mesmo designase, percibirán a cantidade de oito millóns catrocentas trece mil oitocentas sesenta e cinco pesetas (8.413.865 pesetas).

1.1.2. Invalidez permanente total ou invalidez absoluta do traballador e grande invalidez.

O traballador percibirá a cantidade de, para os primeiros casos, oito millóns catrocentas trece mil oitocentas sesenta e cinco pesetas (8.413.865 pesetas), dezaseis millóns oitocentas vinteseite mil setecentas vinteoito pesetas (16.827.728 pesetas), para os segundos e trinta tres millóns seiscentas cincuenta e cinco mil catrocentas sesenta pesetas (33.655.460 pesetas) para os terceiros.

1.2. Por accidente laboral.

1.2.1. Morte do traballador.

Os herdeiros do traballador ou, no seu defecto, a persoa que el mesmo designase, percibirán a cantidade de oito millóns catrocentas trece mil oitocentas sesenta e cinco pesetas (8.413.865 pesetas).

1.2.2. Invalidez permanente total, invalidez permanente absoluta e grande invalidez.

O traballador percibirá a cantidade de oito millóns catrocentas trece mil oitocentas sesenta e cinco pesetas (8.413.865 pesetas) para os primeiros casos, dezaseis millóns oitocentas vinteseite mil setecentas vinteoito pesetas (16.827.728 pesetas) para os segundos, e trinta e tres millóns seiscentas cincuenta e cinco mil catrocentas sesenta pesetas (33.655.460 pesetas) para os terceiros.

Entenderase por invalidez permanente total a incapacidade que inhabilite o traballador, de modo permanente, para realizar todas ou as fundamentais tarefas da súa profesión habitual, aínda que poida dedicarse a outra distinta.

Entenderase por invalidez permanente absoluta a incapacidade que inhabilite o traballador de modo permanente para toda profesión ou oficio.

Entenderase por grande invalidez a situación do traballador para efectos de incapacidade permanente absoluta e que por consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais necesite a asistencia doutra persoa para realiza-los actos máis esenciais da vida, como son vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

As condicións quedan establecidas na póliza de seguros, a copia oficial da cal se entregará ó comité de empresa.

Artigo 31º.-Complemento IT.

Cando o persoal da empresa sufra un accidente de traballo, terá un complemento de ata o 100% do salario real, é dicir, percibirá a totalidade do salario como se estivese traballando.

Para o suposto de incapacidade como consecuencia de enfermidade, a empresa aboará o 100% condicionado a que no mes anterior á súa baixa o absentismo da empresa non supere o 5% do total de traballadores, non téndose en conta as horas que utilicen os cargos sindicais para o desempeño das súas funcións para efectos do referido cálculo, continuando o resto do persoal da empresa percibíndoo como ata a data.

Artigo 32º.-Tenda de peixe.

Todo o persoal pertencente o cadro de persoal de *Frigodis, S.A.*, ou pensionistas dela, terá dereito á adquisición de produtos comercializados por *Pescanova* na tenda establecida para o efecto, nas condicións de pagamento seguintes:

A) Pagamento crédito.

1. Productos elaborados/precociñados/vexetais, prezo de tarifa oficial de *Pescanova, S.A.*, cun desconto do 5%.

2. Marisco: prezo de tarifa oficial de *Pescanova, S.A.* cun desconto de 20 pesetas/kg.

3. Peixe enteiro/filetes/graneis: prezo de tarifa oficial de *Pescanova, S.A.*

Sobre os prezos anteriores incrementarase o IVE sobre prezo de tarifa.

B) Pagamento contado.

1. Productos elaborados/precociñados/vexetais, prezo de tarifa oficial de *Pescanova, S.A.*, cun desconto do 7,5%.

2. Marisco: prezo de tarifa oficial de *Pescanova, S.A.*, cun desconto de 30 pesetas/kg.

3. Peixe enteiro/filete/graneis: prezo de tarifa oficial de *Pescanova, S.A.*, cun desconto de 3 pesetas/kg.

Sobre os prezos anteriores incrementarase o IVE sobre prezo de tarifa.

Cando a empresa faga unha promoción dos seus produtos nas grandes áreas de alimentación da zona, esta farase igualmente na tenda da factoría.

Dentro de cada mes natural, cada empregado ten un tope de compras equivalente a unha mensualidade do seu salario (a crédito ou ó contado).

Capítulo VII

Seguranza e saúde laboral

Artigo 33º.-Principio xeral.

As partes asinantes do presente convenio comprométese a adoptar as medidas necesarias para asegurar a eficaz prevención dos riscos para a saúde e integridade física dos traballadores, actuando sobre os métodos e as condicións de traballo, así como sobre a actitude das persoas.

Artigo 34º.-Recoñecementos médicos.

Realizarase un recoñecemento médico, con carácter previo á incorporación ó traballo, que será efectuado polo servizo médico de empresa ou por unha entidade coa que se concerte tal prestación.

Annualmente, e en todo caso sempre que así proceda, efectuarase un recoñecemento médico a todos os traballadores.

A empresa, a través do seu servizo médico ou por entidades especializadas, poderá comproba-lo estado de saúde dos traballadores en situación de IT, respectando en todo caso o dereito á intimidade persoal.

Artigo 35º.-Roupa e medios de protección persoal.

A empresa proporcionará ós traballadores os medios e roupa de protección persoal que resultan esixibles para cada situación de risco.

Artigo 36º.-Vestuario.

Polas circunstancias do traballo, será preciso que certo persoal utilice vestiarios adecuados ó traballo que efectúa. En tal caso, a empresa proverá o vestiario correspondente. A definición de tal vestiario e a súa calidade, así como os prazos de entrega, será consecuencia das disposicións vixentes, dos requirimentos especiais de traballo e do estudo técnico-sanitario do mesmo, oído o comité de segu-

ridade e hixiene da empresa. O vestiario renovarase cando for necesario.

Capítulo VIII

Dereitos sindicais

Artigo 37º.-Garantías sindicais.

A empresa garantirá o correcto exercicio de todos os dereitos dos representantes legais dos traballadores recoñecidos no Estatuto dos traballadores, texto refundido (Real decreto lei, 1/1995, do 24 de marzo).

Non se contabilizarán no cómputo de horas sindicais as destinadas a reunións coa empresa.

O crédito horario poderase acumular nun ou varios traballadores trimestralmente, precedendo aviso e negociación coa empresa.

O crédito horario non se computará para efectos de cálculo do índice de absentismo.

Capítulo IX

Infraccións e sancións

Artigo 38º.-Facultade disciplinaria.

Os traballadores poderán ser sancionados pola dirección da empresa en virtude de incumprimentos laborais, de acordo coa graduación de faltas e sancións establecidas no presente capítulo.

Artigo 39º.-Graduación de faltas.

As faltas cometidas polo traballador serán cualificadas, segundo a súa importancia, transcendencia e intención, en leves, graves e moi graves.

Artigo 40º.-Faltas leves.

Considéranse faltas leves as accións ou omisións seguintes:

a) Ata tres faltas de puntualidade en trinta días, na asistencia ó traballo, con atraso superior a dez minutos e inferior a trinta no horario de entrada.

b) Faltar ó traballo un día sen xustificación.

c) Non cursar en tempo oportuno o documento correspondente, cando se falte ó traballo por motivo xustificativo, a non ser que se probe a imposibilidade de telo efectuado.

d) Non comunicar á dirección da empresa a residencia e domicilio, así como os cambios neles.

e) As discusións sobre asuntos extraños ó traballo dentro das dependencias da compañía. Se tales discusións produciran escándalo notorio, considerarase falta grave ou moi grave.

f) Pequenos descoidos na conservación do material ou equipamento.

g) O abandono do posto de traballo sen causa xustificativa e sen notificación ó inmediato superior, aínda cando sexa por breve tempo. Se o dito abandono implicara risco de prexuízo de consideración á empresa ou de accidente ou constituíra un quebranto da disciplina, poderá considerarse a falta como grave ou moi grave.

Artigo 41º.-Faltas graves.

Considéranse faltas graves as accións ou omisións seguintes:

a) Máis de tres faltas inxustificadas de puntualidade na asistencia ó traballo, superiores a dez minutos e inferiores a trinta, durante un período de trinta días.

b) Ausencia ou atrasos superiores a trinta minutos, sen causa xustificada, por dous días durante un período de trinta.

c) Faltar ó traballo dous días nun período de trinta sen xustificación.

d) Non comunicar coa puntualidade debida os cambios experimentados na familia, que poidan afecta-la Seguridade Social, a Facenda Pública, ou ter calquera repercusión económica. A falta maliciosa nestes datos considerárase como falta moi grave.

e) Entregarse a xogos, distraccións ou durmir durante a xornada de traballo. Se a falta se cometera nun posto de responsabilidade poderá cualificarse como moi grave.

f) A simulación de enfermidade ou accidente.

g) A desobediencia ós superiores en materia de traballo. Se implicase quebranto da disciplina ou deles derivase prexuízo para a empresa, poderá cualificarse como falta moi grave.

h) Simula-la presenza doutro traballador, asinar ou fichar por el.

i) A negligencia ou desidia no traballo que afecte a boa marcha del.

j) A imprudencia no traballo. Se implicase risco de accidente para as persoas ou as instalacións, poderá cualificarse como moi grave.

k) Realizar, sen o oportuno permiso, traballos particulares durante a xornada, así como empregar para usos propios ferramentas ou materiais da empresa.

l) A embriaguez ou toxicomanía ocasional durante o traballo. Se diso se derivara perigo para as persoas ou instalacións, poderá cualificarse falta moi grave.

m) A reincidencia en faltas leves, excluída a de puntualidade, aínda que sexa de distinta natureza, dentro dos tres meses seguinte á sanción anterior.

Artigo 42º.-Faltas moi graves.

Consideraranse faltas moi graves as accións ou omisións seguintes:

a) Máis de dez faltas non xustificadas de puntualidade, superiores a dez minutos, cometidas nun período de seis meses ou vinte durante un ano.

b) Faltar tres días ó traballo, durante un período de sesenta días, sen causa que o xustifique.

c) A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto ou roubo, tanto á empresa como ós seus traballadores ou a calquera outra persoa dentro das dependencias da empresa.

d) Facer desaparecer, inutilizar, esnaquizar ou causar desperfectos en materias primas, vehículos, ferramentas, maquinaria, aparellos, instalacións, edificios, utensilios, vestiario, documentos ou calquera outra propiedade da compañía.

e) A embriaguez habitual ou toxicomanía durante o traballo.

f) Viola-lo segredo de correspondencia ou de documentos reservados, ou revelar datos de reserva obrigada.

g) Os malos tratos de palabra ou obra, abuso de autoridade ou faltas graves de respecto ou consideración ós superiores, compañeiros, subordinados e os seus familiares, así como a persoas alleas á empresa, con ocasión da actividade laboral.

h) Causar accidente grave por negligencia ou imprudencia.

i) Abandona-lo traballo en posto de responsabilidade.

j) A diminución voluntaria e continuada no rendemento normal do traballo.

k) Orixinar frecuentes liortas e pendencias cos compañeiros de traballo.

l) A reincidencia en falta grave, aínda que sexa distinta natureza, sempre que se cometa dentro dos doce meses seguintes á sanción anterior.

m) O abuso de autoridade por parte dos superiores será sempre considerado falta moi grave. O que o sufra poderá poñelo directamente en coñecemento da dirección ou do comité de empresa.

n) Ordenar expresamente a realización de traballos ou tarefas en forma tal que implique a vulneración dos procedementos escritos con risco grave para as persoas ou as instalacións.

o) Non atender ó público coa corrección e dilixencia debidas.

Artigo 43º.-Sancións.

As sancións que poderá impoñe-la dirección, atendendo á gravidade da falta e segundo as circunstancias que concorran en cada caso, serán as seguintes:

Por faltas leves:

-Amoestación verbal.

-Amoestación por escrito.

-Suspensión de emprego e soldo por tempo non superior a dous días.

Por faltas graves:

-Suspensión de emprego e soldo por tempo non superior a vinte días.

Por faltas moi graves:

-Suspensión de emprego e soldo por tempo non superior a sesenta días.

-Despedimento disciplinario nos supostos en que a falta se cualifique en grao máximo.

Artigo 44º.-Procedemento.

1. A sanción de faltas requirirá a comunicación escrita e motivada ó traballador.

2. A sanción de faltas moi graves requirirá a previa instrucción dun procedemento contradictorio sumario, con audiencia do traballador afectado e do comité de empresa, tendo este último quince días naturais para emitir informe previo á imposición da sanción.

3. Durante a substanciación do expediente disciplinario aludido no número anterior, a dirección da empresa poderá acorda-la medida cautelar de suspensión de emprego.

4. A dirección da empresa informará o comité de empresa sobre as sancións impostas por faltas graves o moi graves.

5. Cando o traballador estea afiliado a un sindicato, informarase ou oír á o delegado sindical, nos casos e cos procedementos previstos nos puntos 2 e 4 do presente artigo.

6. Tratándose de delegado sindical ou membro de comité de empresa/delegado de persoal, observarase o disposto no artigo 68 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 45º.-Prescrición.

As faltas leves prescribirán ós dez días; as graves ós vinte días e as moi graves ós sesenta días, contados a partir da data en que a dirección da empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, ós seis meses de terse cometido.

Asínase en Vigo o 18 de xullo de 2001.

Pola empresa

Polo comité

Rubricado

Rubricado

Táboa salarial 2001 en pesetas

	Salario base	Compl. asistencia	Compl. convenio	Compl. distancia	Traballos penosos	Total mes	Total ano
1. Titulados							
Superior e asimilados	81.013	0	135.194	0	0	216.207	3.616.812
Superior en prácticas	81.013	0	73.271	0	0	154.284	2.626.044
Medio en prácticas	81.013	0	50.014	0	0	131.027	2.253.932
2. Administrativos							
Xefe de 1ª	81.013	8.508	101.331	11.377	0	202.229	3.359.132
Xefe de 2ª	81.013	8.139	79.023	10.451	0	178.626	2.982.960
Oficial 1ª	81.013	6.212	65.455	12.535	0	165.215	2.776.092
Oficial 2ª	81.013	5.570	57.451	8.561	0	152.595	2.576.740
Auxiliar admón.	81.013	4.342	33.757	10.451	0	129.563	2.213.140
Auxiliar entrada	81.013	3.210	20.480	10.451	0	115.154	1.987.124
3. Profesionais de oficio e persoal obreiro							
Encargado maior	81.013	7.528	65.155	20.645	16.205	190.546	3.176.124
Xefe de equipo	81.013	7.756	36.376	9.932	16.205	151.282	2.546.988
Especialista	81.013	7.373	23.706	9.653	16.205	137.950	2.335.208
Mozo de cámaras	81.013	7.373	21.210	10.053	16.205	135.854	2.301.672
Operario/a	81.013	7.988	22.608	8.819	3.300 (1)	123.728	2.105.196
Operario cámaras	81.013	0	29.513	10.920	16.205	137.651	2.359.916
Encargado	81.013	0	43.435	10.920	16.205	151.573	2.582.668
Frigorista	81.013	7.756	36.376	9.932	16.205	151.282	2.546.988
Axudante frigorista	81.013	7.373	23.706	9.653	16.205	137.950	2.335.208
(2) <u>Cálculo antigüidade</u>							
4. Persoal procedente de Sofitransa							
Maquinista	132.132	0	30.808	14.462	1.966.830	177.402	2.814.852
Axudante maquinista	118.980	0	20.286	14.462	1.769.764	153.728	2.478.156
Peón especialista	109.413	0	23.699	14.462	1.630.363	147.574	2.366.040
(1) traballos especiais, (2) complemento transporte							
5. Traballadores fixos-descontínuos (*)							
	Salario día	Prima de rendemento	Horas complementarias	Total día			
Mozo de descarga	6.560	2.200	1.133	8.760			

(*) A retribución diaria (salario fixo máis complementos) inclúe a parte proporcional de descansos, vacacións, pagas extraordinarias e bolsa de vacacións.

Táboa salarial 2001 en euros

	Salario base	Compl. asistencia	Compl. convenio	Compl. distancia	Traballos penosos	Total mes	Total ano
1. Titulados							
Superior e asimilados	486,90	0,00	812,53	0,00	0,00	1.299,43	21.737,48
Superior en prácticas	486,90	0,00	440,37	0,00	0,00	927,27	15.782,84
Medio en prácticas	486,90	0,00	300,59	0,00	0,00	787,49	13.546,40
2. Administrativos							
Xefe de 1ª	486,90	51,13	609,01	68,38	0,00	1.215,42	20.188,79
Xefe de 2ª	486,90	48,92	474,94	62,81	0,00	1.073,56	17.927,95
Oficial 1ª	486,90	37,33	393,39	75,34	0,00	992,96	16.684,65
Oficial 2ª	486,90	33,48	345,29	51,45	0,00	917,11	15.486,52
Auxiliar admón.	486,90	26,10	202,88	62,81	0,00	778,69	13.301,24
Auxiliar entrada	486,90	19,29	123,09	62,81	0,00	692,09	11.942,86

	Salario base	Compl. asistencia	Compl. convenio	Compl. distancia	Traballos penosos	Total mes	Total ano
3. Profesionais de oficio e persoal obreiro							
Encargado maior	486,90	45,24	391,59	124,08	97,39	1.145,20	19.088,89
Xefe de equipo	486,90	46,61	218,62	59,69	97,39	909,22	15.307,71
Especialista	486,90	44,31	142,48	58,02	97,39	829,10	14.034,88
Mozo de cámaras	486,90	44,31	127,47	60,42	97,39	816,50	13.833,33
Operario/a	486,90	48,01	135,88	53,00	19,83 (1)	743,62	12.652,48
Operario cámaras	486,90	0,00	177,38	65,63	97,39	827,30	14.183,38
Encargado	486,90	0,00	261,05	65,63	97,39	910,97	15.522,15
Frigorista	486,90	46,61	218,62	59,69	97,39	909,22	15.307,71
Axudante frigorista	486,90	44,31	142,48	58,02	97,39	829,10	14.034,88
				(2) Cálculo antigüidade			
4. Persoal procedente de <i>Sofitransa</i>							
Maquinista	794,13	0,00	185,16	86,92	11.820,89	1.066,21	16.917,60
Axudante maquinista	715,08	0,00	121,92	86,92	10.636,50	923,92	14.894,02
Peón especialista	657,59	0,00	142,43	86,92	9.798,68	886,94	14.220,19
(1) traballos especiais, (2) complemento transporte							
5. Traballadores fixos-descontínuos (*)							
	Salario día	Prima de rendimento	Horas complementarias	Total día			
Mozo de descarga	39,43	13,22	6,81	52,65			

(*) A retribución diaria (salario fixo máis complementos) inclúe a parte proporcional de descansos, vacacións, pagas extraordinarias e bolsa de vacacións.

Resolución do 9 de agosto de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo da empresa Estiba y Desestiba del Noroeste, S.L.

Vista a acta da revisión salarial do convenio colectivo para a empresa *Estiba y Desestiba del Noroeste, S.L.*, con nº de código 3602232, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 24-7-2001, subscrita en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo comité de empresa, en data 16-4-2001. De conformidade co disposto no artigo 5 do convenio colectivo e no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispõe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 9 de agosto de 2001.

P.A.

Luis Boullosa Nores

Secretario provincial de Pontevedra

Acta final

Reunidos, pola parte económica, Silvino Tenorio Rey, en calidade de representante legal da empresa *Estiba y Desestiba del Noroeste, S.L.* (Estinorte).

E pola parte social, o comité de empresa, constituído polos seguintes membros:

UGT: Ignacio Souto Valverde.

Eva Fernández Martínez.

CIG: José Benito Alfonso Avendaño.

CGT: Pedro Pablo Paz Collazo.

CUT: Cándido Villar Rodríguez.

Esta reunión ten por obxecto a negociación do convenio colectivo de empresa. Ámbalas partes chegaron á adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.-Modifícase a táboa salarial aplicando o incremento pactado, que queda como no anexo I a este acordo.

Segundo.-Para as categorías de mozo e de mozo especializado, pactouse un incremento superior ó establecido, polo que no suposto de que o IPC real supere as previsións do actual incremento, os traballadores afectados non terán dereito a esta revisión.

Terceiro.-A vixencia deste acordo será ata o 31 de decembro deste ano.

Moaña, 16 de abril de 2001.

ANEXO I

Táboa salarial-ano 2001 (a partir do 1-4-2001)

- 1 Salario base
- 2 Inhabíles
- 3 Tóxico, penoso, perigoso
- 4 Gratificación voluntaria
- 5 Extras xullo e decembro
- 6 Vacacións
- 7 Transporte
- 8 Axudas de custo
- 9 Total salario día

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Estibador especialista	2.751	1.100	2.103	-	452	404	349	1.000	8.159
Amanteiro	2.751	1.100	2.103	-	452	404	349	1.000	8.159
Enganchador	2.751	1.100	2.103	-	452	404	349	1.000	8.159
Estibador	2.470	988	1.671	-	406	345	321	1.000	7.201
Mozo especializado	2.650	1.060	-	667	436	276	344	-	5.433
Mozo	2.500	1.000	-	788	410	275	251	-	5.224

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 29 de outubro de 2001, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar plazas de interinidades e substitucións en determinadas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesores de escolas oficiais de idiomas.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para os corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesores de escolas oficiais de idiomas nas seguintes especialidades:

1. Corpo de profesores de ensino secundario.

Especialidades	Titulacións
Xeografía e historia	-Licenciado en xeografía e historia
Informática	-Diplomado en estatística -Enxeñeiro técnico en informática de xestión -Enxeñeiro técnico en informática de sistemas -Tódalas titulacións superiores das anteriormente citadas

2. Corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Especialidades	Titulacións
Fabricación e instalación de carpintería e moble	-Técnico superior en produción de madeira e moble

Especialidades	Titulacións
Mecanizado e mantemento de máquinas	-Técnico superior en produción por mecanizado
Soldadura	-Técnico superior en construcións metálicas -Técnico especialista en construcións metálicas -Técnico especialista en soldadura -Técnico especialista en fabricación soldada -Técnico especialista en caldeirería e chapa estrutural

3. Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.

Especialidades	Titulacións
Italiano	-Licenciado en filoloxía italiana

O prazo para presenta-la instancia-solicitud, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 7 días contados a partir do día seguinte ó deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

As bases da convocatoria e o modelo de solicitud atópanse na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde ós concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2001.

Jaime García y García
Director xeral de Persoal

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 9 de outubro de 2001 pola que se fai pública a designación das comisións que han resolver concursos a prazas de profesorado desta universidade convocadas por Resolución do 29 de marzo de 2001.

En cumprimento do disposto no artigo 6.º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, modificado polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño, e unha vez designados os presidentes e vocais secretarios por esta universidade e celebrado o sorteo establecido no artigo 6.6º do dito real decreto, mediante o que foron designados polo Consello de Universidades os vocais correspondentes.

Este rectorado fai pública a composición das comisións que han resolve-los concursos para a provisión de prazas de profesorado desta universidade, convocadas por resolución da Universidade de Vigo do 29 de marzo de 2001 (BOE do 20 de abril) e que son as que se relacionan como anexo a esta resolución.

As ditas comisións deberanse constituír nun prazo non superior a catro meses, contados desde a publicación desta resolución no BOE.

Contra esta resolución os interesados poderán presentar reclamación perante o rector da universidade, nun prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ó da súa publicación.

Vigo, 9 de outubro de 2001.

Domingo Docampo Amoedo
Rector da universidade de Vigo

ANEXO

Nº de praza: 13/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade.

Área de coñecemento: parasitología.

Comisión titular:

Presidenta: M. Cristina Arias Fernández, catedrática de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretaria: Filomena Rodríguez Caabeiro, catedrática de universidade. Universidade de Alcalá de Henares.

Vocais:

Ramón López Román, catedrático de universidade. Universidade da Laguna.

Francisco Morillas Márquez, profesor titular de universidade. Universidade de Granada.

M. Desamparados Soler Cruz, profesora titular de universidade. Universidade de Granada.

Comisión suplente:

Presidente: Santiago Hernández Rodríguez, catedrático de universidade. Universidade de Córdoba.

Vocal secretario: José Manuel Úbeda Ontiveros, catedrático de universidade. Universidade de Sevilla.

Vocais:

Antonio Osuna Carrillo Albornoz, catedrático de universidade. Universidade de Granada.

Francisco J. Adroher Aroux, profesor titular de universidade. Universidade de Granada.

Juan Carlos Casanova García, profesor titular de universidade. Universidade de Barcelona.

Nº de praza: 15/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade.

Área de coñecemento: tecnoloxía electrónica.

Comisión titular:

Presidente: Perfecto Mariño Espiñeira, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Francisco Poza González, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Manuel Rico Secades, catedrático de universidade. Universidade de Oviedo.

Alberto Yufera García, profesor titular de universidade. Universidade de Sevilla.

Juan Antonio Carrasco López, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Comisión suplente:

Presidente: Carlos Martínez-Peñalver Freire, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Jesús Doval Gandoy, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Enrique J. Dede García-Santamaría, catedrático de universidade. Universidade de Valencia.

Eduardo R. Galván Díez, profesor titular de universidade. Universidade de Sevilla.

Mariano López García, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Nº de praza: 16/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade.

Área de coñecemento: enxeñería telemática.

Comisión titular:

Presidente: Juan Bautista Riera y García, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Vocal secretario: Pedro Salvador Rodríguez Hernández, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Carlos Delgado Kloos, catedrático de universidade. Universidade Carlos III de Madrid.

Pedro Alonso Martín, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

Guillem Femenias Nadal, profesor titular de universidade. Universidade de Islas Baleares.

Comisión suplente:

Presidente: Juan Viñas Sanz, catedrático de universidade. Universidade de Politécnica de Madrid.

Vocal secretario: Martín Llamas Nistal, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

José de C. Pastor Franco, catedrático de universidade. Universidade de Zaragoza.

Joseba Iñaki Goiricelaya Ordorica, profesor titular de universidade. Universidade do País Vasco.

Juan Manuel López Soler, profesor titular de universidade. Universidade de Granada.

Nº de praza: 17/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade.

Área de coñecemento: teoría do sinal e comunicacións.

Comisión titular:

Presidente: Domingo Docampo Amoedo, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Xulio Fernández Hermida, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Miguel Ángel Lagunas y Hernández, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Joan María Miró Sans, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Francisco Rocadenbosch Burillo, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Comisión suplente:

Presidente: Ramón C. Hermida Domínguez, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Fernando Isasi de Vicente, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Antonio Albiol Colomer, catedrático de universidade. Universidade Politécnica de Valencia.

M. Asunción Santamaría Galdón, profesora titular de universidade. Universidade Politécnica de Madrid.

David Artigas García, profesor titular de universidade. Universidade Politécnica de Cataluña.

Nº de praza: 18/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade

Área de coñecemento: economía aplicada.

Comisión titular:

Presidente: Alberto Gago Rodríguez, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Manuel María Varela Lafuente, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Alfonso Carlos González Pareja, catedrático de universidade. Universidade de Málaga.

M. Cruz Navarro Pérez, profesora titular de universidade. Universidade da Rioxa.

Javier Salido Herraiz, profesor titular de universidade. Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Comisión suplente:

Presidente: José Carlos Arias Moreira, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Juan Carlos Surís Regueiro, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

José Sánchez Maldonado, catedrático de universidade. Universidade de Málaga.

Francisco Velasco Morente, profesor titular de universidade. Universidade de Sevilla.

Antonio Calvo Flores Segura, profesor titular de universidade. Universidade de Murcia.

Nº de praza: 19/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade.

Área de coñecemento: economía aplicada.

Comisión titular:

Presidente: Manuel Varela Lafuente, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Albino Prada Blanco, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

José Manuel González Rodríguez, profesor titular de universidade. Universidade da Laguna.

Fernando Navines Badal, profesor titular de universidade. Universidade de Girona.

Francisco Javier Salinas Jiménez, profesor titular de universidade. Universidade de Extremadura.

Comisión suplente:

Presidente: Alberto Gago Rodríguez, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Juan Carlos Surís Regueiro, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

M. Paloma Sánchez Muñoz, catedrática de universidade. Universidade Autónoma de Madrid.

Carlos Velasco Murviedro, profesor titular Universidade Nacional de Educación a Distancia.

José Callejón Céspedes, profesor titular de universidade. Universidade de Granada.

Nº de praza: 20/2001.

Corpo: profesores titulares de universidade.

Área de coñecemento: economía aplicada.

Comisión titular:

Presidente: Manuel María Varela Lafuente, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Juan Carlos Surís Regueiro, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Antonio González Temprano, catedrático de universidade. Universidade Complutense de Madrid.

M. Del Carmen Nieto Ostolaza, profesora titular de universidade. Universidade Nacional de Educación a Distancia.

Concepción Salvador Cifre, profesora titular de universidade. Universidade de Valencia (Estudi General).

Comisión suplente:

Presidente: Alberto Gago Rodríguez, catedrático de universidade. Universidade de Vigo.

Vocal secretario: Albino Prada Blanco, profesor titular de universidade. Universidade de Vigo.

Vocais:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: trav. de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T. e C.T. r/ Curros Enríquez, 7.

Situación: concello de Vilanova de Arousa.

Descricións técnicas: L.M.T., subterránea, a 20 kV, de 50 m de lonxitude, con conductor tipo R.H.Z., desde a L.M.T. existente a C.T. Cabo-porto de Vilaxoán, alimentando en bucle ó C.T. que se proxecta na r/ Curros Enríquez nº 7, no concello de Vilanova de Arousa, rematando no punto de inicio da liña. C.T. de 250 kVA, relación de transformación 20 kV-380/220 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 17 de setembro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 18 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/331-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: trav. de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T., C.T. e R.B.T. Guieral.

Situación: concello de Vila de Cruces.

Descricións técnicas: L.M.T., aérea, a 15 kV, de 15 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, desde un apoio s/n da liña exe 702-Cruces ata o C.T. que se proxecta en Guieral, no concello de Vila de Cruces. C.T. de 100 kVA, relación de transformación 15 kV-380/220 V. R.B.T., aérea, de 769 m de lonxitude, con conductor tipo R.Z.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 18 de setembro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 18 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/332-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: trav. de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T. e C.T. Paulino Freire I.

Situación: concello de Vigo.

Descricións técnicas: L.M.T., subterránea, a 15 kV, de 120 m de lonxitude, con conductor tipo R.H.V., desde a liña BAL 7.20, na rúa Paulino Freire, alimentando en bucle ó C.T. Paulino Freire I que se proxecta, na urbanización situada entre as rúas Paulino Freire e Camilo Veiga, no concello de Vigo, rematando no punto de inicio da liña. C.T. de 630 kVA, relación de transformación 15 kV-380/220 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 18 de setembro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 21 de setembro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado L.M.T., C.T., R.B.T. Pantaño II (concello de Mos), a favor da empresa Unión Eléctrica Fenosa, S.A. (Expediente 11/1999 A.T.).

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no artigo 31.6º do Regulamento da Lei 10/1996, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, aprobado polo Decreto 2619/1966, do 20 de outubro, fáiselles saber a tódolos interesados afectados pola execución do proxecto da liña de referencia, que foi declarada, en concreto, de utilidade pública, o cal leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por resolución desta delegación do 16 de abril de 2001 (artigo 54.1º da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector elec-

trico) que o día 15 de novembro do 2001, a partir das 10 horas, se procederá sobre o terreo ó levantamento das actas previas á ocupación correspondentes ós predios situados no municipio de Mos, sinalados cos números:

-Predios: 1-29.

Hora: 10.

Día: 15-11-2001.

Así mesmo, os interesados serán notificados mediante cédula individual que se lles practicará coa debida anticipación legal, da data e hora na que, para cada un deles terá lugar a dita dilixencia.

Ós ditos actos poderán ir acompañados polo seu perito ou dun notario pola súa conta, se así o consideran conveniente, conforme o artigo 52.3º da lei citada.

Vigo, 21 de setembro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

Relación de propietarios, bens e dereitos afectados

Expediente: 11/1999

L.M.T., C.T. Pantaño II

Provincia: Pontevedra

Termo municipal: Mos

Nº	PREDIOS		PROPIETARIOS		AFECCIÓN		Voo	
	Paraxe	Cultivo	Nome e apelidos	Enderezo	nº apoio	m²	ml	m²
1	Foxacos	Monte alto	Erundina Vila Martínez	Baredo-Chapela, 18 36800 Redondela			2	30
5	Foxacos	Monte Alto	Hermosa Pérez Pérez	Arrufana-Louredo, s/n 36415 Mos			3	48
6	Foxacos	Prado	Constante Pérez Pérez	Viso, s/n 36800 Redondela			17	170
15	Foxacos	Labradio	Antonio Rodríguez Calvar	Arrufana-Louredo, s/n 36415 Mos			14	140
21	Cobas	Prado	Apolinar Martínez Sio	Avda. de Santa Mariña, 33 36800 Redondela			19	190
25	Fiel	Monte alto	Rosa Mª Blanco Blanco	Pantaño-Louredo, 45 36415 Mos	3	1	56	584
26	Fiel	Monte alto	Avelino González Calvar	Regomín-Guizán, 45 36417 Mos			30	480
27	Fiel	Monte alto	Alejandro Mtnz. Rodríguez	Arrufana-Louredo, s/n 36415 Mos				10
28	Troncoso	Monte alto	Edelmiro Calvar	Millarada-Louredo, s/n 36415 Mos	4	1	53	371
29	Troncoso	Monte alto	Ermindo Lorenzo Veiga	Alfonso XIII, 6 36201 Vigo	4	1	6	371

Resolución do 22 de outubro de 2001, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa das instalacións eléctricas do parque eólico de Serra da Cadeira para os efectos de presentación de proxectos en competencia. (Expediente 89-EOL).

De conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 205/1995, do 6 de xullo, polo que se regula

o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, someto a información pública a solicitude de autorización administrativa das instalacións do parque eólico Serra da Cadeira coas seguintes características:

Peticionario: *Eólica da Cadeira*. r/ Menéndez Pelayo, 8, 15005 A Coruña.

Situación: Barreiros, Trabada, A Pontenova, Riotorto, Mondoñedo e Lourenzá.

Localización (coordenadas poligonais en unidades UTM):

V₁(0.642.000,00; 4.818.000,00), V₂(0.644.500,00; 4.813.000,00)
 V₃(0.647.000,00; 4.803.000,00), V₄(0.646.000,00; 4.799.000,00)
 V₅(0.640.000,00; 4.799.000,00), V₆(0.639.000,00; 4.814.000,00)

Superficie afectada: 10.525 ha.

Potencia bruta: 28,05 mW.

As entidades públicas ou privadas interesadas poderán presentar solicitudes en competencia durante o prazo de 20 días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución, mediante o procedemento establecido no artigo 10 do citado Decreto 205/1995, do 6 de xullo, que regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia.

Lugo, 22 de outubro de 2001.

Jesús Bendaña Suárez
 Delegado provincial de Lugo

Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto, dun contrato de consultoría e asistencia para a realización do plan de competitividade da lousa ornamental. (Expediente 7/2001 DXI).

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Consellería de Industria e Comercio.

Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Industria.

Número de expediente: 7/2001 DXI.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: a elaboración do plan de competitividade da lousa ornamental e o desenvolvemento das súas fases iniciais de xestión. Inclúe por tanto a revisión dos traballos e plans elaborados inicialmente, o correspondente diagnóstico sobre a súa situación actual, e a xestión das súas fases iniciais do mesmo.

Prazo de execución: o contrato terá unha duración máxima de nove meses contados desde o día da súa sinatura, e executarase conforme o cronograma establecido na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 15.000.000 de pesetas equivalentes a 90.151,82 euros, IVE incluído.

5. Garantías.

Provisional: 300.000 pesetas equivalentes a 1.803,03 euros.

6. Obtención de documentación e información.

Entidade: Consellería de Industria e Comercio.

Domicilio: San Caetano s/n, bloque 5-4ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Teléfono: 981 54 54 48.

Fax: 981 54 49 49.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet, <http://www.xunta.es/contratación>.

Data límite de obtención de documentos e información: durante o prazo de presentación de proposicións en días e horas hábiles de oficina.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

Data límite de presentación: vinte días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Documentación que hai que presentar: a indicada na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

Solvencia: será requisito indispensable para contratar que o empresario xustifique a súa solvencia económica financeira de conformidade co artigo 16.1ª a) e c) do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño (BOE nº 148, do 21 de xuño), polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) mediante calquera dos seguintes medios: informe das institucións financeiras ou declaración relativa á cifra de negocios global e dos servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios e relacionados co obxecto do contrato. Así mesmo, a solvencia técnica e profesional acreditarase, de conformidade co artigo 19.a) e b) do citado texto refundido, mediante a presentación das titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal da dirección da empresa, en particular, do persoal responsable da execución do contrato ou por medio dunha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados delas.

Lugar de presentación:

Entidade: Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio.

Domicilio: San Caetano s/n, bloque 5-4ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses conforme co artigo 89 do TRLCAP.

Admisión de variantes: (concurso): non se admite.

8. Apertura das ofertas.

Entidade: Consellería de Industria e Comercio.

Domicilio: San Caetano s/n, bloque 5-4ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Data: décimo primeiro día natural seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se este fose inhábil ou sábado, posporase ó primeiro día hábil seguinte.

Hora: dez horas.

9. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio correrá por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2001.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Industria e Comercio

Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e tramitación urxente, dun contrato de consultoría e asistencia para o desenvolvemento dunha estratexia de comunicación audiovisual sobre a artesanía de Galicia. (Expediente 9/2001 DXPI).

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Consellería de Industria e Comercio.

Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Programas Industrias e Infraestructuras Tecnolóxicas.

Número de expediente: 9/2001 DXPI.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: establece-las condicións que regularán a selección e contratación da consultoría e asistencia técnica necesarias para a definición, deseño, realización, seguimento e avaliación dunha estratexia de comunicación audiovisual sobre a artesanía de Galicia, para os efectos de promover-la marca Artesanía de Galicia entre o público obxectivo da Comunidade Autónoma.

Prazo de execución: desde o día seguinte a súa sinatura, ata o 30 de decembro de 2001. O adxudicatario está obrigado a realiza-la difusión das accións entre o 1 decembro de 2001 e as catro semanas seguintes á citada data.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Tramitación: urxente.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 35.000.000 de pesetas equivalentes a 210.354,24 euros, IVE incluído.

5. Garantías.

Provisional: 700.000 pesetas (4.207,09 euros).

6. Obtención de documentación e información.

Entidade: Consellería de Industria e Comercio.

Domicilio: San Caetano s/n, bloque 5-4ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Teléfono: 981 54 54 48.

Fax: 981 54 49 49.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet, <http://www.xunta.es/contratación>.

Data límite de obtención de documentos e información: durante o prazo de presentación de proposicións en días e horas hábiles de oficina.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

Data límite de presentación: oito días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Documentación que hai que presentar: a indicada na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

Solvencia: será requisito indispensable para contratar que o empresario xustifique a súa solvencia económica financeira de conformidade co artigo 16.1ª a) e c) do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (BOE nº 148, do 21 de xuño), polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) mediante calquera dos seguintes medios: informe das institucións financeiras ou declaración relativa á cifra de negocios global e dos servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios e relacionados co obxecto do contrato. Así mesmo, a solvencia técnica e profesional acreditarase, de conformidade co artigo 19.a) e b) do citado texto refundido, mediante a presentación dunha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados delas ou mediante unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato, estan ou non integrados directamente na empresa do contratista, especialmente dos responsables do control de calidade.

Lugar de presentación:

Entidade: Secretaría Xeral da Consellería de Industria e Comercio.

Domicilio: San Caetano s/n, bloque 5-4ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Prazo durante o que o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta: 3 meses conforme co artigo 89 do TRLCAP.

Admisión de variantes: (concurso): non se admite.
8. Apertura das ofertas.

Entidade: Consellería de Industria e Comercio.

Domicilio: San Caetano s/n, bloque 5-4ª planta.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

Data: décimo primeiro día natural seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se este fose inhábil ou sábado, posporase ó primeiro día hábil seguinte.

Hora: dez horas.

9. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2001.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Industria e Comercio

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 4 de outubro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación estatutaria da Asociación Sindical Galega de Matronas.

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral se presentou, o día 1 de outubro de 2001, certificación expedida pola secretaria da devandita asociación, María Jesús Rúa Pérez, na que se reflicten os acordos acadados pola xunta xeral, na reunión celebrada en Santiago de Compostela, o día 20 de marzo de 2001, entre eles, o que fai referencia ó cambio do domicilio social, que se fixa na rúa Costa Rica, nº 5-4ª planta, da Coruña.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2001.

José Vázquez Portomeñe
Director xeral de Relacións Laborais

Resolución do 4 de outubro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da Asociación Profesional de Empresarios de Xogueterías e Tendras de Multiprecio de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento

da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e os estatutos da *Asociación Profesional de Empresarios de Xogueterías e Tendras de Multiprecio de Galicia* que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita asociación os empresarios do sector do comercio do xoguete e tendras de multiprecio que desenvolvan a súa actividade profesional en Galicia.

Asinan a acta de constitución: José Balboa Álvarez e dúas persoas máis.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2001.

José Vázquez Portomeñe
Director xeral de Relacións Laborais

AUGAS DE GALICIA

Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso con procedemento aberto e trámite de urxencia, das obras que se citan (OH.515.504 e seis máis).

a) Obra.

1. Saneamento e abastecemento integral en Outes-sector II (Outes-A Coruña).

Clave: OH.515.504.

Orzamento: douscentos sesenta e nove millóns novecentas vinteoito mil setecentas noventa pesetas (269.928.790 pesetas, equivalente a 1.622.304,701 euros).

Prazo de execución: 42 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría d. Grupo K, subgrupo 8, categoría d.

Fianza provisional: non se esixe.

2. Rede de abastecemento de auga a Toca e outros (As Somozas-A Coruña).

Clave: OH.215.494.

Orzamento: cento cincuenta e catro millóns novecentas trinta e unha mil novecentas noventa e catro pesetas (154.931.994 pesetas, equivalente a 931.160,038 euros).

Prazo de execución: 32 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría c.

Fianza provisional: non se esixe.

3. Rede arterial do abastecemento de auga potable desde o depósito de Montealegre (Ourense).

Clave: OH.232.400.

Orzamento: cento corenta e oito millóns catrocentas vinteoito mil corenta e unha pesetas (148.428.041 pesetas, equivalente a 892.070,493 euros).

Prazo de execución: 33 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría c.

Fianza provisional: non se esixe.

4. Ampliación do abastecemento e saneamento en Ramirás (Ramirás-Ourense).

Clave: OH.532.402.

Orzamento: trinta e sete millóns cento corenta e nove mil duascenas corenta e cinco pesetas (37.149.245 pesetas, equivalente a 223.271,459 euros).

Prazo de execución: 20 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría c.

Fianza provisional: non se esixe.

5. Abastecemento a núcleos de Valga-segunda fase (Valga-Pontevedra).

Clave: OH.236.504.

Orzamento: cento dezaseis millóns seiscentas dezaseis mil novecentas setenta e sete pesetas (116.616.977 pesetas, equivalente a 700.882,148 euros).

Prazo de execución: 30 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría c.

Fianza provisional: non se esixe.

6. Abastecemento, saneamento e recuperación de beiras no concello de Muíños (Muíños-Ourense).

Clave: OH.532.401.

Orzamento: cento trinta e dous millóns trescentas trinta e dúas mil catrocentas oitenta e oito pesetas (132.332.488 pesetas, equivalente a 795.334,271 euros).

Prazo de execución: 42 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría c.

Fianza provisional: non se esixe.

7. Saneamento en Monforte de Lemos-núcleo de Seoane (Monforte de Lemos-Lugo).

Clave: OH.327.320.

Orzamento: corenta e dous millóns cincocentas mil pesetas (42.500.000 pesetas, equivalente a 255.430,144 euros).

Prazo de execución: 30 meses.

Clasificación: grupo E, subgrupo 1, categoría b.

Fianza provisional: non se esixe.

(Declaradas urxentes conforme o establecido no artigo 71 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas).

b) Documentos de interese para os licitadores.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, así como os proxectos, estarán de manifesto e á disposición dos concursantes, para o seu exame, durante o prazo de presentación das proposicións, os días e horas hábiles de oficina, no organismo autónomo Augas de Galicia -Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda-, praza Camilo Díaz Valiño s/n, Santiago de Compostela.

Así mesmo, tamén se poderá obter o prego de cláusulas administrativas particulares relativo a esta contratación no seguinte enderezo da Internet:

<http://www.xunta.es/contratacion>

c) Garantías que se lles esixen ós licitadores.

Esixirase a fianza provisional indicada no punto a) anterior e unha fianza definitiva equivalente ó 4% do orzamento da licitación, para cada unha das obras indicadas no dito punto.

As devanditas fianzas poderán ser presentadas na modalidade e polas persoas ou entidades que especifica a lexislación española vixente.

d) Modelo de proposición.

Proposición económica formulada estrictamente conforme o modelo que se achega ó prego de cláusulas administrativas particulares.

e) Prazo e lugar para a presentación de proposicións.

As proposicións deberán presentarse en sobre pechado no rexistro de Augas de Galicia ou enviarse por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado.

O prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do día vinteseis (26) de novembro de 2001.

f) Admisión de variantes.

Admítese a presentación dunha variante para cada unha das obras indicadas na letra a) deste anuncio, de acordo co indicado no prego de cláusulas administrativas particulares (punto 2.1.1. do dito prego).

g) Apertura das proposicións.

A apertura das proposicións será realizada pola mesa de contratación, na sala de xuntas de Augas de Galicia, ás dez horas do día once (11) de decembro de 2001.

A mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre nº 1), segundo se especifica no punto 2.2.6. Constitución e funcionamento da mesa, do prego de cláusulas administrativas particulares.

h) Documentos que deben presenta-los licitadores.

Os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

O importe do presente anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2001.

Agustín Hernández Fdez. de Rojas
Presidente do organismo autónomo Augas de Galicia

Resolución do 30 de outubro de 2001 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de poxa con procedemento aberto e trámite de urxencia, da obra de clave OH.332.399.

a) Obra.

1. Saneamento, depuración e beirarrúas en Seixomil (A Bola-Ourense).

Clave: OH.332.399.

Orzamento: dezasete millóns cento unha mil noventa e catro pesetas (17.101.924 pesetas, equivalente a 102.784.633 euros).

Prazo de execución: 15 meses.

Clasificación: non se esixe.

Requisitos específicos do contratista: os licitadores deberán presentar, para os efectos de acreditar a súa solvencia económica e financeira, os documentos citados no artigo 16, letra a), do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e a súa solvencia técnica mediante os documentos citados no artigo 17, letras a) e b) da mesma lei.

De posuí-lo licitador clasificación do grupo E, subgrupo 1, categoría b, será eximido da presentación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica.

Fianza provisional: trescentas corenta e dúas mil trinta e oito pesetas (342.038 pesetas, equivalente a 2.055,690 euros).

(Declarada urxente conforme o establecido no artigo 71 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas).

b) Documentos de interese para os licitadores.

O prego de cláusulas administrativas particulares, así como os proxectos, estarán de manifesto e á disposición dos concursantes, para o seu exame, durante o prazo de presentación das proposicións, os días e horas hábiles de oficina, no organismo autónomo Augas de Galicia -Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda-, praza Camilo Díaz Valiño, s/n, Santiago de Compostela.

Así mesmo, tamén se poderá obter o prego de cláusulas administrativas particulares relativo a esta contratación no seguinte enderezo da Internet:

<http://www.xunta.es/contratacion>.

c) Garantías que se lles esixen ós licitadores.

Esixírase a fianza provisional indicada no punto a) anterior e unha fianza definitiva equivalente ó 4% do orzamento de licitación, para cada unha das obras indicadas no dito punto.

As devanditas fianzas poderán ser presentadas na modalidade e polas persoas ou entidades que especifica a lexislación española vixente.

d) Modelo de proposición.

Proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que se xunta ó prego de cláusulas administrativas particulares.

e) Prazo e lugar para a presentación de proposicións.

As proposicións deberán presentarse en sobre pechado no rexistro de Augas de Galicia ou enviarse por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado.

O prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do día vinteseis (26) de novembro de 2001.

f) Apertura das proposicións.

A apertura das proposicións será realizada pola mesa de contratación, na sala de xuntas de Augas de Galicia, ás dez horas do día once (11) de decembro de 2001.

A mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre nº 1), segundo se especifica no punto 1.2.6. Constitución e funcionamento da mesa do prego de cláusulas administrativas particulares.

g) Documentos que deben presenta-los licitadores.

Os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

O importe do presente anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2001.

Agustín Hernández-Fernández de Rojas
Presidente do organismo autónomo Augas
de Galicia

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 1 de outubro de 2001, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se fai pública a adxudicación definitiva do expediente de contratación C.P. 15/2001.

En cumprimento do disposto no artigo 93.2º do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, a Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, acorda darlle publicidade á adxudicación do seguinte contrato, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido no punto i) do artigo 7 da Orde do 23 de marzo de 2000 pola que se modifica a do 21 de abril de 1998, sobre delegacións de competencias en órganos centrais e periféricos do Sergas:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servicio Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, rúa Doutor Severo Ochoa, s/n (27004) Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Subministración. Teléfono: 982 29 65 92, fax: 982 21 29 24.

c) Número do expediente: C.P. 15/2001.

2. Obxecto da contratación.

a) Tipo de contrato: contrato de servicios.

b) Descrición do obxecto: prestación do servicio de xestión (recolla, tratamento e eliminación) de residuos das clases III y IV, segundo a clasificación do Decreto 460/1997, do 21 de novembro, nos centros dependentes do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo.

c) Lotes: lote único.

d) Data de publicación do anuncio de licitación no *Diario Oficial de Galicia*: DOG nº 105, do 31 de maio de 2001.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: dezaseis millóns catrocentas seis mil setenta e cinco pesetas (16.406.075 pesetas) IVE incluído (98.602,50 euros).

5. Adxudicación.

a) Data: 4 de setembro de 2001.

b) Contratista: *Consenur, S.A.*

d) Importe da adxudicación:

1. Residuos clase III. Sanitarios especiais:

-2.800 contedores de 30 litros, a 1.500 pesetas/unidade.

-5.200 contedores de 60 litros, a 2.250 pesetas/unidade.

2. Residuos clase IV. Químicos:

-Grupo 1. 1.500 kg de solucións acuosas, a 267 pesetas/kg.

-Grupo 2. 100 kg de produtos non haloxenados, a 267 pesetas/kg.

-Grupo 3. 25 kg de produtos haloxenados, a 275 pesetas/kg.

-Grupo 4. 50 kg de reactivos de laboratorios e medicamentos, a 1.440 pesetas/kg.

Total importe adxudicación: dezaseis millóns catrocentas seis mil setenta e cinco pesetas (16.406.075 pesetas) IVE incluído (98.602,50 euros).

Lugo, 1 de outubro de 2001.

Fernando Varela Noreña
Director xerente do Complexo Hospitalario
Xeral-Calde de Lugo

Resolución do 5 de outubro de 2001, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a relación da adxudicación definitiva da contratación de subministracións.

En cumprimento do disposto no artigo 93.2º do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e no artigo 24 do Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, esta división acorda dar publicidade ás adxudicacións das seguintes contratacións.

I. Adquisición do equipamento de sistema de vídeo con destino ó Hospital Arquitecto Marcide-Novoa Santos de Ferrol (lote único).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servicio Galego de Saúde.

b) Dependencia que tramita o expediente: División de Recursos Económicos.

c) Número de expediente: SCS.-30/2001.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: contrato de subministracións.

b) Descrición do obxecto: adquisición do equipamento de sistema de vídeo.

c) Lote: lote único.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* nº 93, do 15 de maio de 2001.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: catro millóns duascenas mil pesetas, IVE incluído (4.200.000 pesetas, IVE incluído), 25.242,51 euros.

Lote único: equipamento de sistema de vídeo: 4.200.000 pesetas, 25.242,51 euros.

Adxudicacións:

Lote único: equipamento de sistema de vídeo.

a) Data: 26 de setembro de 2001.

b) Contratista: *Audiovisuales Codec, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: catro millóns cento noventa e cinco mil pesetas, IVE incluído (4.195.000 pesetas, IVE incluído) (25.212,46 euros).

En cumprimento do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, notifícase, advertíndose que esta resolución pon fin á vía administrativa e é susceptible do recurso

contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2001.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Director xeral da División de Recursos Económicos

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CASTRELO DO VAL

Anuncio de licitación.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Castrelo do Val. Expediente número 01/01, do concurso para a redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal para o Concello de Castrelo do Val.

2. Forma de adxudicación: concurso, polo procedemento aberto e tramitación urxente, orzamento: 9.641.104 pesetas (57.944,20 euros) (IVE incluído).

3. Garantía provisional: 192.822 pesetas, equivalentes a 1.158,88 euros.

4. Presentación das proposicións: no rexistro xeral do Concello de Castrelo do Val, en horario de 9 a 14 horas, no prazo de trece días naturais contados a partir do día seguinte da última publicación no BOP ou no DOG (se o último día coincidise en sábado ou festivo, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte).

Castrelo do Val, 30 de outubro de 2001.

Raúl Fernández Fernández
Alcalde

CONCELLO DE GUITIRIZ

Anuncio.

O Concello en Pleno, en sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2001, aprobou inicialmente o estudo de detalle para a reordenación de volumes no soar sita na rúa Xeneral Mola-Guitiriz, promovido por *Inalcuba, S.L.* e redactado pola arquitecta Sra. Iglesias Álvarez con data de abril de 2001.

O expediente sométese a información pública polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, durante o cal os interesados poderán consulta-lo expediente e formular por escrito as alegacións que xulguen pertinentes.

Este anuncio servirá de notificación ós posibles propietarios de paradoiro ou identidade descoñecida, que non poidan ser citados persoalmente para

o trámite de información pública, para os efectos do previsto no artigo 42.6º da Lei 1/1997, do 24 de marzo, con consonancia co 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Guitiriz, 3 de outubro de 2001.

María José Vázquez Lorenzo
Alcaldesa

Anuncio.

O Concello en Pleno, en sesión celebrada o día 27 de setembro de 2001, tomou coñecemento do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste municipio, redactado por *Reina 12, Arquitectos, S.L.*

O expediente sométese a información pública polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, durante o cal os interesados poderán consulta-lo expediente e formular por escrito as alegacións que xulguen pertinentes.

Este anuncio servirá de notificación ós posibles propietarios de paradoiro ou identidade descoñecida, que non poidan ser citados persoalmente para o trámite de información pública, para os efectos do previsto no artigo 42.6º da Lei 1/1997, do 24 de marzo, con consonancia co 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Guitiriz, 3 de outubro de 2001.

María José Vázquez Lorenzo
Alcaldesa

CONCELLO DE LUGO

Anuncio.

Aprobado inicialmente pola Comisión de Goberno con data do 10-10-2001, o estudo de detalle para a ordenación de volumes na rúa Ourense, esquina rúa Tui, solicitado por Margarita I. Mosteirín Castañer en representación de *Castañer y Castañer, S.L.*

Conforme o previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo dun mes, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste concello (Ronda Muralla, nº 197), e presentarse reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 16 de outubro de 2001.

Mª Eva Martín Minguela
Vicesecretaria

Visto bueno

P.D. (Decreto alcaldía nº 60/1999)

José Ramón Gómez Besteiro

Tenente-alcalde delegado de Área

CONCELLO DE MARÍN*Anuncio.*

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 14 de setembro de 2001, en relación co Plan Xeral de Ordenación Municipal, acordou o seguinte:

Someter a un novo período de información pública dun mes, mediante anuncio que se inserirá no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, o PXOM resultante de toda a tramitación, coa documentación validada polo equipo redactor con data do 7-9-2001, tendo en conta que algunhas das alegacións que se estimaron puideron modificá-lo citado documento respecto á cualificación dalgunha parte do solo.

A información levarase a cabo:

-Con carácter permanente na biblioteca pública Vidal Pazos en horario de 8 a 14.30 horas coa supervisión dun técnico e de 17 a 20 horas sen a presenza do dito técnico.

-No núcleo urbano de Seixo durante cinco días, no lugar e datas que se determine, ás que se lle dará publicidade na prensa e cun anuncio indicativo na biblioteca Vidal Pazos. A documentación que se expoña será a referente ó dito núcleo urbano.

-Nas parroquias do termo municipal expóranse os planos que lles afecten a cada unha delas no lugar e data que se determine e ó que se lle dará publicidade na prensa e cun anuncio indicativo na biblioteca Vidal Pazos.

Marín, 1 de outubro de 2001.

Antonio Santiago Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DE VIGO

Anuncio para exposición pública do proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución e funcionamento da xunta de compensación da U.A. Pobo Galego (expediente 4284/401).

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 14 de xuño de 2001, acordou aprobar inicialmente o proxecto de estatutos e bases para a constitución e funcionamento da xunta de compensación da U.A. Pobo Galego, presentado con datas 7 de decembro de 2000 e 1 de xuño de 2001 no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo por propietarios do devandito polígono, actuando como comisión xestora, coas rectificacións que se derivan do acordo, e posteriormente resoltas a través da documentación presentada no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 28 de setembro de 2001 como consecuencia da resolución adoptada polo Consello da Xerencia de data 30 de agosto de 2001.

O proxecto de estatutos e bases aprobado é o seguinte:

Bases de actuación

Primeira.-Ámbito territorial, finalidade e lexislación aplicable.

1.1. As presentes bases rexen a actuación da xunta de compensación, constituída para a correcta execución do sistema de compensación e das obras de urbanización dos terreos integrados no polígono correspondente o cuarteirón nº 51 Unidade de Actuación Pobo Galego do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar.

1.2. A finalidade das bases é regulamenta-la incorporación dos membros da xunta no relativo á valoración das súas achegas, execución da obra urbanizadora e a liquidación dos efectos da xunta mediante o sinalamento das normas referentes ó reparto de beneficios e cargas entre os seus compoñentes.

1.3. As presentes bases redáctanse conforme o disposto na Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, e os artigos vixentes do Regulamento de xestión urbanística aprobado polo Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, segundo táboa de vixencias aprobada polo Decreto 304/1993, do 26 de febreiro e a disposición transitoria 3ª da LSG,

Segunda.-As bases como norma de distribución de beneficios e cargas.

Como medio de distribución de beneficios e cargas, como título para a adxudicación dos terreos resultantes da actuación e en desenvolvemento destas bases formularase o correspondente proxecto de compensación.

Terceira.-Obrigatoriedade e modificación das bases.

3.1. A obrigatoriedade das bases unha vez aprobadas non impide a súa modificación mediante acordo adoptado na asemblea xeral, co voto de máis do 50% das cotas de participación dos membros integrados na xunta de compensación e posterior aprobación polo concello.

3.2. Non obstante o anterior, cando o acordo modificativo sexa adoptado por unanimidade dos membros da xunta e afecte unicamente a pura distribución de beneficios e cargas entre eles, será válido sen necesidade de tramitación e sen prexuízo da súa notificación ó concello, coa xustificación de ámbalas circunstancias.

Cuarta.-Valoración dos predios achegados.

4.1. O dereito dos propietarios será proporcional á superficie das parcelas respectivas no momento da aprobación da delimitación do polígono ou da unidade reparcelable. Non obstante, os propietarios, por unanimidade, poderán adoptar un criterio distinto.

4.2. No proxecto de compensación procederase á definitiva fixación do valor dos predios achegados, conforme o aproveitamento de referencia que será o resultante do planeamento -90% do aproveitamento medio do ámbito de xestión- ou o resultante da edificación existente, se fose superior.

4.3. Se a escasa contía dos dereitos dunha parcela non permite que se adxudiquen predios independentes, poderán adxudicarse soares resultantes pro indiviso ou substituí-la adxudicación por unha indemnización en metálico.

4.4. Cada propietario deberá acreditar a superficie que manifieste chegar mediante certificación do Rexistro da Propiedade ou testemuño notarial do título de adquisición. A falta dos anteriores ou propietario deberá presentar declaración xurada na que conste a superficie, lindeiros e título de adquisición, achegando un plano do terreo e tódolos documentos que poidan acreditar a súa condición de propietario.

4.5. A xunta de compensación, por iniciativa propia ou por petición de parte, poderá face-la oportuna revisión de superficies ou valores dos predios para rectificar posibles erros, logo de dictame técnico practicado para o efecto e sen prexuízo dos recursos procedentes.

4.6. Nos supostos de discrepancia sobre a titularidade da totalidade ou parte dun terreo ou sinalamento de lindeiros, de acordo co disposto no art. 103.4º do R.X.U. o proxecto de compensación limitarase, en tal caso, a cualifica-la titularidade de dubidosa ou litixiosa, sen prexuízo da eventual reclamación xudicial ou acordo entre os discrepantes. A Administración actuante asumirá a representación dos dereitos e intereses desas titularidades para efectos de tramitación do expediente. Os gastos que sexan imputables as titularidades referidas poderán facerse efectivas pola vía de constrinximento en caso de falta de pagamento.

Quinta.-Predios que se van expropiar. Valoracións.

5.1. Nos predios que lles expropie o concello ós propietarios afectados que non se incorporen á xunta de compensación no prazo sinalado, será beneficiaria a xunta de compensación ó igual que nas expropiacións que tiveran lugar por incumprimento de obrigas por parte dos membros da xunta, someténdose en ámbolos casos o procedemento ó establecido na lexislación de expropiacións.

5.2. Os predios expropiados por falta de incorporación dos seus propietarios á xunta taxaranse consonte o disposto na lexislación aplicable a valoracións urbanísticas, sen computar en ningún caso as expectativas da actuación.

Nos predios expropiados por incumprimento de obrigas sociais adicónanse as cantidades satisfeitas para o pagamento de expropiacións previas e para gastos de urbanización, subrogándose o adquirente nas cargas devengadas ata ese momento polos ditos conceptos.

5.3. A tramitación do expediente contradictorio do prezo xusto non será obstáculo para a demolición pola xunta de compensación das edificacións, instalacións e demais construcións, nin para a ocupación pola mesma xunta do solo, subsolo ou voo destinado a uso público ou servizos, unha vez aprobado o proxecto de compensación.

5.4. As indemnizacións que procedan por extinción de contratos de arrendamento, de vivenda, de local de negocio ou de industria serán a cargo da xunta de compensación como gastos de urbanización, sempre que se trate de contratos de arrendamento anteriores á data de aprobación definitiva do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar en Vigo, sendo noutro caso por conta do arrendador.

As cantidades entregadas antes da constitución da xunta de compensación en concepto de indemnización ós arrendatarios ou inquilinos por extinción de seus contratos respectivos, subscritos antes da aprobación definitiva del, entenderanse como cantidades a conta dos custos de urbanización, resarcindo a xunta ó propietario que os anticipase, coa aplicación do xuro legal incrementado en dous puntos se entre o anticipo e seu reintegro ó propietario que o pagase transcorresen máis de seis meses.

5.5. En caso de ocupación de predios non incorporadas a fin de posibilita-la execución das obras de urbanización previstas, se os propietarios afectados pola ocupación demostrasen que os seus terreos constitúen a única ou predominante fonte de ingresos con que contan, terán dereito a percibir da xunta de compensación unha indemnización equivalente á rendibilidade demostrada durante o período que medie entre a ocupación efectiva e a adxudicación que lles corresponda, ou á expropiación do seu dereito.

5.6. As adquisicións de terreos pola xunta en virtude de expropiación, están exentas con carácter permanente do imposto xeral de transmisión patrimonial e actos xurídicos documentados e non terán a consideración de transmisións de dominio para os efectos da exacción do arbitrio sobre o incremento de valor dos terreos.

Sexta.-Elementos existentes sobre os predios achegados. Indemnizacións.

6.1. As edificacións, obras, plantacións, instalación e outros elementos materiais existentes no solo, voo e subsolo dos predios non se considerarán como valores achegados, pero os que deban derruírse de conformidade co establecido nas presentes bases para levar a cabo a urbanización do polígono serán valorados con independencia do solo, salvo nos casos expresamente previstos nestas bases, e indemnizados con cargo ó fondo de compensación en concepto de gastos de urbanización.

6.2. Entenderase que non poden conservarse os elementos mencionados unicamente cando sexa necesaria a súa eliminación física para realiza-las

obras de urbanización; ou se a tipoloxía proxectada no P.E.E.C. é distinta ou incompatible á preexistente; ou se estiveran situadas nunha superficie que non se vaia executar integramente ó seu propietario.

6.3. A determinación dos elementos que vaian derrubar e, se é o caso, a súa expropiación farase consonte estas bases, conforme o disposto na lexislación de expropiación forzosa e ó expresamente establecido nos estatutos e presentes bases de actuación.

6.4. As edificacións, obras, plantacións, etc. a demolición das cales non sexa precisa en atención ó disposto nos parágrafos precedentes poderán ser conservados polos seus actuais propietarios, a excepción das partes ou superficies afectadas pola regularización dos seus lindes e as segregacións precisas de superficies obxecto de cesión ós fins do polígono.

6.5. A cualificación dos ditos edificios, obras, plantacións ou instalacións e outros elementos materiais existentes nas parcelas a demolición das cales non sexa precisa para a realización das obras de urbanización, como fóra de ordenación, non dará lugar en ningún caso dereito a indemnización a cargo da xunta de compensación, excepto nos casos xa expostos.

6.6. A adxudicación dun mesmo soar ou parte resultante da actuación a varios propietarios que teñan que materializar no dito soar o seu respectivo dereito, tampouco dará lugar a indemnización.

Sétima.-Valoración de elementos indemnizables.

7.1. A taxación dos elementos que deban derruírse conforme o establecido nas bases efectuarase de acordo coas normas sobre réxime do solo ou valoracións da Lei 6/1998, do 13 de abril.

7.2. O valor das edificacións determinarase de acordo coa normativa catastral en función do seu custo de reposición, corrixido en atención á antiqüidade e estado de conservación delas.

7.3. Indemnizarase tamén o cesamento de actividades, gastos de traslados, derruba de construcións, destrucións de plantacións, obras e instalacións que esixan a execución das obras.

7.4. Unha vez aprobado o proxecto de compensación pola xunta esta designará un perito para a determinación do prezo xusto, podendo o propietario afectado designar outro, que en caso de discrepancia provocará a continuación dos trámites previstos na lexislación de expropiación forzosa, sen prexuízo de que en calquera momento da súa tramitación ambas partes poidan chegar a un acordo sobre a valoración en discusión.

O prezo xusto así determinado terá carácter executivo, podendo a xunta de compensación iniciar as obras de derruba e ocupa-lo solo preciso para a execución das obras de urbanización, quedando o propietario obrigado ó desaloxo, logo de consignación do importe dictaminado á disposición do propietario afectado, sen prexuízo da continuación do expediente contradictorio do prezo xusto.

7.5. As plantacións, terreos sementados, obras e instalacións que existan no solo, salvo que polo seu carácter de melloras permanentes fosen tidas en conta na determinación do valor do terreo, valoraranse con independencia del atendéndose ó seu valor agrícola de acordo co criterio de reposición.

Oitava.-Existencia de cargas reais.

8.1. A existencia de cargas reais sobre algún dos predios incluídos no polígono non alterará a súa valoración como predio achegado, nin a adxudicación que corresponda a ela, pero se a carga é incompatible coa nova situación ou característica do predio pasará a grava-lo novo predio resultante en virtude de subrogación real, facéndose constar así no proxecto de compensación, converténdose noutro caso en crédito con garantía hipotecaria sobre o novo predio.

8.2. Se unha vez adxudicado un predio aparecera unha carga sobre el que non fora declarado no seu momento polo antigo propietario, este será quen responda polos prexuízos ocasionados.

8.3. O proxecto de compensación declarará cáles son os dereitos ou cargas incompatibles co planeamento, fixando a indemnización correspondente a cargo do respectivo propietario. Se o propietario non interpón acción para liberaliza-las cargas incompatibles co planeamento no prazo dun mes desde o requirimento efectuado pola xunta de compensación, esta poderá interpor por si mesma o proceso correspondente, repercutindo sobre o propietario os gastos sufridos.

8.4. Para a determinación da compatibilidade ou non da carga, seguirase o disposto no artigo 168 do texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1992, do 26 de xuño, e declarado en vigor polo punto 1º da disposición derogatoria única da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

8.5. En todo caso, a extinción de servidumes prediais incompatibles co Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar consideraranse gastos de urbanización e, xa que logo, indemnizables.

8.6. Para a expropiación e valoración abrirase o correspondente expediente conforme o disposto na lexislación de expropiacións e valoracións para os efectos de constitución, modificación ou extinción de cargas e dereitos reais sobre os inmobles. A demolición e ocupación pola xunta dos elementos, instalacións, construcións e as súas superficies obxecto de servidume poderá realizarse unha vez aprobado pola xunta o proxecto de compensación.

8.7. O custo de variación ou modificación de servidumes prediais e dereitos reais sobre os inmobles será a cargo dos seus respectivos titulares. A extinción de servidumes non dará lugar a indemnización a cargo da xunta de compensación no caso de que o servidume que presten sexa substituído polo previsto na nova ordenación.

Novena.-Valoración de cargas e dereitos.

9.1. Se é o caso, a valoración de servidumes pre-diais e de dereitos reais sobre inmobles para os efectos da súa constitución, modificación ou extinción que teñan que indemnizarse consonte o disposto nestas bases efectuarase de mutuo acordo e, no seu defecto, de acordo coas disposicións legais vixentes sobre expropiación e valoracións que especificamente determinen o prezo xusto deles. Subsidiariamente valoraranse segundo as normas de dereito administrativo ou civil atendendo o dereito de que se trate e, no seu defecto, segundo o sinalado para o imposto de sucesións, doazóns e transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

9.2. Os arrendamentos rústicos ou urbanos ou de industria que deban extinguirse por estaren constituídos sobre edificacións que deban derruírse e a indemnización dos cales sexa a cargo da xunta de compensación, segundo o establecido para o efecto nos estatutos e bases, serán valorados tendo en conta nos arrendamentos urbanos e de industria as seguintes circunstancias:

- a) Características da vivenda, local ou industria obxecto de arrendamento.
- b) Limitacións contidas nos respectivos contratos de arrendamento.
- c) Dificultades de substitución do arrendamento en condicións análogas e diferenza de rendas.
- d) Contía dos gastos de traslados.
- e) Valor das melloras realizadas no inmovble cando a súa percepción corresponda ó arrendatario.

Nos arrendamentos rústicos ponderarase:

- a) Carácter da actividade económica principal do arrendatario e alta na correspondente licenza fiscal.
- b) Dificultade de substitución da dita actividade.
- c) Contía do beneficio do cultivador tendendo ó rendemento bruto.
- d) Valor dos elementos mecánicos propios do arrendamento utilizados na explotación.
- e) Circunstancia de te-lo arrendatario o seu domicilio habitual no predio arrendado con acreditación desta circunstancia.

9.3. En todo caso, conforme o establecido na base quinta, as indemnizacións por extinción de contratos de arrendamento de vivenda, local de negocio ou de industria afectados pola urbanización serán a cargo da xunta de compensación como gasto de urbanización, sempre que se trate de contratos anteriores á data de aprobación definitiva do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar en Vigo, sendo noutro caso a cargo do arrendador.

9.4. As cantidades entregadas con posterioridade á aprobación definitiva do P.E.E.C. ós inquilinos ou arrendatarios por extinción dos seus contratos respectivos subscritos antes da mesma data, enten-

deranse satisfeitas a conta dos custos de urbanización, resarcindo a xunta ó propietario que as anticipase con aplicación do xuro legal incrementado en dous puntos se entre o anticipo e seu reintegro ó propietario que pagase transcorresen seis meses.

Décima.-Valoración en caso de incorporación de empresas urbanizadoras.

10.1. A valoración da achega de empresas urbanizadoras determinarase tendo en conta o custo do orzamento dos proxectos e obras dos que se asuma a realización.

10.2. A incorporación poderá producirse en calquera momento; neste caso a asemblea xeral acordará a súa procedencia e condicións e garantías de incorporación con determinación das contrapartidas á achega da empresa urbanizadora.

10.3. No caso de que, como contrapartida das obrigas coa empresa, se acordase a adxudicación a ela de terreos resultantes da urbanización, valoraranse estes bens por remisión ós prezos do mercado, ben mediante un cadro de equivalencias entre as cifras de investimento que vaia efectuar-la empresa e os soares que, se é o caso, correspondan -xa se determinen estes concretamente, ou xa se indiquen as características volumétricas de uso e a etapa na que se entregarán- ou ben calquera outra circunstancia ou determinación de futuro.

10.4. Os propietarios desconformes coa incorporación da empresa urbanizadora que se comprometan a sufragalos gastos de urbanización que lles correspondan, non serán afectados pola dita incorporación para efectos das adxudicacións que lles correspondan ou determinación de futuro.

Undécima.-Contratación e control das obras de urbanización.

11.1. A execución das obras de urbanización e, se é o caso, as de edificación serán concertadas pola xunta de compensación coa empresa ou empresas e técnicos que libremente sexan designadas polo consello rector, quen estará facultado para adxudicar directamente as obras e a elaboración de proxectos. Se á xunta de compensación se incorporase algunha empresa urbanizadora que achegue os fondos necesarios para urbanizalo solo, a execución da obra poderá ser directamente realizada pola dita empresa.

11.2. En todo caso, no contrato de execución de obras, ademais das habituais e as expresamente acordadas pola xunta, consignaranse as seguintes cláusulas:

a) O compromiso da empresa de axustarse no prazo e modo de execución ó proxecto de urbanización e ó acordado, así como o compromiso de facilitar a acción inspectora sobre a realización das obras do concello e do consello rector da xunta de compensación.

b) Os supostos de incumprimento que darán lugar á resolución do contrato e as indemnizacións que haberá que satisfacer pola inobservancia das características técnicas ou prazos de execución.

c) Prazos e modo de aboamento pola xunta de cantidades a conta da obra realizada.

d) Retención de cantidades de cada pagamento parcial como garantía da execución das obras, cantidades que non serán devoltas ata a definitiva recepción das obras.

11.2. Os acordos cos propietarios de terreos situados en polígonos estremeiros, se é o caso, para enlace de infraestructuras e repercusión de custos de vías circundantes, serán subscritos pola xunta de compensación.

Duodécima.-Custeamento da urbanización.

12.1. Tódolos gastos que se deriven das obras de urbanización serán satisfeitos polos socios en proporción á súa cota de participación. Os gastos de urbanización comprenden, ademais dos sinalados no artigo 132 da Lei do solo de Galicia, todos aqueles que orixine a execución da urbanización incluídas as indemnizacións derivadas de expropiacións que se teñan que efectuar.

12.2. No proxecto de compensación distribuirase o custo da urbanización, sinalándose a cota que corresponde a cada socio.

12.3. Logo de acordo dos propietarios interesados, o pagamento do custo da urbanización poderá ser realizado mediante cesión por aqueles, gratuita e libre de cargas, de terreos edificables na proporción que se estime axeitada para efectos de compensación.

12.4. Para lles facer fronte ós gastos de urbanización, a xunta poderá dispoñer, mediante alleamento, dos terreos que se reservasen para tal fin no proxecto de compensación conforme o disposto no artigo 177 do Regulamento de xestión urbanística.

Décimo terceira.-Cotas de participación.

Na distribución dos beneficios e cargas procedentes da urbanización participarán tódolos socios en proporción á superficie da respectiva parcela incluída no polígono. A devandita cota de participación correspondente a cada unha dos predios do polígono expresarase mediante unha porcentaxe da superficie edificable de cada unha en relación coa edificabilidade total.

Décimo cuarta.-Prazos e forma de pagamento de cotas.

14.1. As cotas ordinarias e extraordinarias e as derramas que procedan conforme o disposto nos estatutos serán satisfeitas no prazo máximo dun mes desde que foran requiridos para elo os propietarios integrantes do polígono mediante carta certificada.

14.2. Transcorrido o prazo sinalado sen efectuarse o pagamento, seguirase o procedemento establecido no artigo 41 dos estatutos.

14.3. O pagamento efectuarase en metálico, e o consello rector poderá acorda-lo aprazamento ou fraccionamento de pagamento en atención ás condicións económico-persoais dalgún dos membros da

xunta, sen que en ningún caso supoña prexuízo para o conxunto. Tamén poderá acorda-la asemblea xeral que o pagamento en metálico sexa substituído pola achega de industria ou pola entrega dunha parte dos terreos da súa propiedade á xunta en proporción que corresponda á cota ou cotas, quedando como partícipe na cota correspondente ó terreo que reteña.

Décimo quinta.-Expropiación por incumprimento de obrigas.

15.1. Con independencia da expropiación que procede por falta de incorporación á xunta, tamén son causas de expropiación dos terreos dos membros da xunta o incumprimento das obrigas seguintes:

a) A falta de pagamento de cotas ordinarias e extraordinarias nos prazos establecidos no artigo 41 dos estatutos, sen necesidade de acudir previamente á vía de constrinximento para o cobramento dalgunha cota.

b) En xeral, o incumprimento reiterado dalgunha ou algunhas das obrigas sinaladas no artigo 16 dos estatutos, apreciado pola asemblea xeral e aprobada a sanción pola asemblea e polo concello.

15.2. En canto ó procedemento expropiatorio, seguirase o establecido na base quinta.

Décimo sexta.-Responsabilidade da xunta de compensación.

16.1. A xunta de compensación será directamente responsable fronte o concello da urbanización completa do polígono, tanto no que respecta ás características técnicas das obras como no referente ós prazos de execución e transmisión ó concello.

16.2. O incumprimento polos membros da xunta de compensación das obrigas e cargas impostas pola lei, mesmo cando o incumprimento se refira ós prazos para cumpri-los ditos deberes e cargas, habilitará o concello para expropia-los respectivos dereitos en favor da xunta de compensación, que terá a condición xurídica de beneficiaria.

16.3. Cando o incumprimento consista na negativa ou atraso no pagamento das cantidades debidas á xunta, esta poderá optar entre solicitar do concello a aplicación da expropiación ó membro moroso ou solicitar dela o cobramento da débeda pola vía de constrinximento.

As cantidades percibidas aplicando este procedemento serán entregadas pola Administración actuante á xunta de compensación.

16.4. Non poderá instarse ningún dos procedementos sinalados no número anterior ata transcorrido un mes desde o requirimento de pagamento efectuado pola xunta de compensación.

16.5. O pagamento das cantidades debidas á xunta, cos xuros e recargas que procedan, realizado en calquera momento anterior ó levantamento da acta de ocupación, dará lugar á cancelación do expediente expropiatorio.

16.6. No caso de comisión dalgunha infracción urbanística seguirase o previsto no artigo 183 do Regulamento de xestión urbanística, se ben a xunta poderá repercuti-lo importe das multas sobre os membros dela directamente responsables das infraccións ou que percibisen beneficio derivado dela, sen prexuízo da responsabilidades patrimoniais que os membros puideran sufrir pola actuación daquela.

Décimo sétima.-Afección real dos terreos.

17.1. Os terreos quedan afectos ó cumprimento das obrigas inherentes ó sistema de compensación, o que se fará constar no Rexistro da Propiedade por instancia da xunta de compensación, á que se unirá certificación administrativa da constitución da xunta de esta-lo predio incluído no polígono.

17.2. Os predios resultantes quedan afectos con carácter real ó pagamento dos custos de urbanización na proporción que corresponda, afección que se cancelará mediante certificación da xunta de compensación unha vez pagados os custos, á que se unirá certificación da Administración acreditativa tamén da recepción das obras.

Décimo oitava.-Valoración dos predios resultantes.

18.1. Para proceder á distribución dos soares resultantes a xunta deberá redactar un proxecto de compensación, afectando tanto os terreos dos socios como os terreos incorporados por expropiación.

18.2. Para a determinación do valor das parcelas resultantes considerarase o básico de repercusión coas correccións, cando proceda, derivadas da situación e características de cada parcela no polígono ou na unidade reparcelable, determinadas na forma que sinale a normativa sobre fixación de valores catastrais.

18.3. Sempre que sexa posible procurárase que os predios adxudicados estean en lugar próximo ós das antigas propiedades dos mesmos titulares. Nembargantes, esta regra non se aplicará se a antiga propiedade estivera situada, unha vez realizada a reparcelación, en máis do 50% da súa superficie en terreos destinados a vías, zonas verdes ou outros usos incompatibles coa propiedade privada.

18.4. Non se poderán adxudicar coma predios independentes superficies inferiores á parcela mínima edificable ou que non reúnan a configuración e características axeitadas para a súa edificación conforme a planeamento.

Décimo novena.-Adxudicación en copropiedade.

19.1. Procurárase sempre a adxudicación de predios independentes e só no suposto previsto no punto seguintes optará pola adxudicación en copropiedade pro indiviso, tentando sempre que esas comunidades estean constituídas polo menor número posible de comuneiros.

19.2. Cando a escasa contía dos dereitos dalgúns propietarios non permita que se lles adxudiquen predios superiores á parcela mínima independentes a todos eles, os soares resultantes adxudicánselles

en pro indiviso a tales propietarios. A mesma solución se dará cando o dereito de determinados propietarios non quede esgotado coa adxudicación independente que se faga ó seu prol.

Vixésima.-Compensacións en metálico.

20.1. Cando a escasa contía dos dereitos dun propietario o aconselle, o proxecto de compensación poderá substituí-la súa adxudicación por unha indemnización en metálico calculada conforme os criterios de valoración dos predios resultantes da base décimo oitava.

20.2. Cando non sexa posible a correspondencia exacta entre a cota de participación dun membro da xunta e a cota de adxudicación en terreos, o defecto ou exceso compensarase en metálico atendendo ó prezo medio dos terreos adxudicados, referido ó aproveitamento concreto percibido en exceso ou deixado de percibir en terreos, sempre que as diferencias non sexan superiores ó 15% do valor dos terreos que se lle adxudiquen.

Vixésimo primeira.-Momento e criterios da adxudicación.

21.1. A aprobación definitiva do proxecto de compensación efectuada polo concello, a expedición do documento ou o outorgamento da escritura pública a que se refire o artigo 113 e seguintes do Regulamento de xestión urbanística determinará a inscrición no Rexistro da Propiedade e a subrogación con plena eficacia real das antigas polas novas parcelas, con aplicación das exencións fiscais nos termos establecidos no artigo 135.4º da Lei do solo de Galicia e lexislación concordante.

21.2. A adxudicación dos predios resultantes farase entre os membros da xunta, ó igual que os restantes beneficios ou cargas, en proporción ás participacións respectivas de acordo co sinalado nas presentes bases de actuación.

21.3. Se é o caso, os terreos libres das parcelas adxudicáranse coa superficie edificable delas.

21.4. No caso de ser inferior o número de soares resultantes ó de titulares de predios achegados, ou pola escasa contía dos dereitos dalgúns dos membros da xunta non sexa posible a atribución de predios independentes, adxudicárase no título a cota correspondente a cada copropietario, salvo que proceda a adxudicación en metálico de acordo co previsto nestas bases, sen que por iso haxa lugar a indemnización a cargo da xunta de compensación.

21.5. Só se asignarán volumes edificables nos predios resultantes a aqueles terreos incluídos no perímetro do polígono nos que exista sinalado un sólido edificable.

Vixésimo segunda.-Compensacións por constitución de servidume de paso en predio resultante.

A eventual constitución dunha servidume de paso sobre parcelas privadas de resultado en favor e para acceso ó aparcadoiro público proxectado no polígono valorárase consonte as disposicións sobre expropia-

ción que especificamente determinen o prezo xusto deles; e subsidiariamente, segundo as normas do dereito administrativo, civil ou fiscal que resulten de aplicación. En todo caso valorarase o uso de que resulte privado o dono do predio servente como consecuencia da constitución da servidume en favor da parcela dominante, así como os prexuízos que a servidume ocasione a aquel.

Vixésimo terceira.-Momento de edificación dos terreos.

Unha vez definitivo en vía administrativa o acordo aprobatorio do proxecto de compensación, os propietarios integrados na xunta ou, se é o caso, a propia xunta poderán iniciar, logo de licenza municipal, as obras de edificación das respectivas parcelas resultantes antes de concluída a urbanización, nos termos que resultan dos artigos 41 e 42 do Regulamento de xestión, sen que iso obstaculice a normal execución das obras previstas no proxecto de urbanización.

Vixésimo cuarta.-Conservación da urbanización.

Ata que se produza a recepción dos servizos e terreos polo concello, a conservación da urbanización correrá por conta da xunta de compensación consonte os criterios de proporcionalidade previstos para o pagamento de cotas de urbanización.

Vixésimo quinta.-Transmisión ó concello de terreos e servizos.

25.1. O acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación producirá a cesión o concello dos terreos obxecto de cesión gratuíta, para a súa afectación ós usos previstos no planeamento.

25.2. A cesión das obras de urbanización e instalacións previstas, se é o caso, producirase en favor do concello no prazo de tres meses desde a recepción definitiva pola xunta de compensación, podendo referirse a fraccións do solo ordenado que constitúan unidades funcionais directamente utilizables.

25.3. A adxudicación de predios e cesión de terreos ó concello formalizarase mediante o proxecto de compensación. A cesión de obras e instalacións reflectirase en acta que subscribirá coa xunta de compensación.

Estatutos da xunta de compensación para a xestión e execución da urbanización da unidade de execución correspondente ó cuarteirón nº 51 do P.E.E.C. Unidade de Actuación Pobo Galego

Estatutos

TÍTULO I

Disposicións xerais

Capítulo I

Antecedentes

De acordo co establecido na lei, o procedemento de constitución da xunta de compensación iníciase mediante acordo da Administración actuante polo que se aproba inicialmente e se somete a información

pública o proxecto de estatutos e bases de actuación (art. 102. 4º LSG).

A redacción corresponde ós propietarios que reúnen como mínimo o 50% da superficie total do polígono, constituídos en comisión xestora, fixado na lei para a aplicación do sistema de compensación (art. 133.4º LSG).

Artigo 1º.-Estatutos.

Os estatutos constitúen as regras polas que se vai rexe-la organización e funcionamento da xunta de compensación. A súa modificación deberá obter máis do 50% dos votos favorables da asemblea xeral e a aprobación do Concello de Vigo.

Artigo 2º.-Bases de actuación.

Constitúen a base para a redacción do proxecto de compensación. As bases de actuación aprobaranse e modificaranse polo mesmo procedemento previsto para os estatutos.

Artigo 3º.-Proxecto de compensación.

O proxecto de compensación, redactado pola xunta de compensación, constitúe o instrumento básico da lei para a adxudicación dos novos predios do polígono e inscrición no Rexistro da Propiedade, así como para a determinación do importe das compensacións e indemnizacións que fosen procedentes, e a localización dos terreos de cesión obrigatoria.

Capítulo II Identidade

Artigo 4º.-Denominación e personalidade xurídica.

4.1. Para a execución do cuarteirón nº 51 do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar -Unidade de Actuación Pobo Galego constitúese a xunta de compensación do polígono correspondente ó cuarteirón nº 51 Unidade de Actuación Pobo Galego como entidade urbanística colaboradora de carácter administrativo, personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, con eficacia a partir da aprobación polo concello e a inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas e Colaboradoras de Pontevedra. Esta xunta de compensación está integrada polos propietarios das parcelas incluídas no polígono e, se é o caso, polos do solo exterior ocupado para a execución de sistemas xerais que deban participar no polígono.

4.2. A xunta tamén se integra polas entidades públicas titulares de bens demaniais ou patrimoniais e, se é o caso, polas empresas urbanizadoras que se incorporen consonte o establecido nos presentes estatutos e bases de actuación.

4.3. A xunta de compensación rexerese polo disposto nos presentes estatutos e, con carácter imperativo, pola vixente Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia e os artigos vixentes do Regulamento de xestión urbanística, aprobado polo Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, segundo táboa de vixencias aprobada polo Decreto 304/1993, do

26 de febreiro, e disposición transitoria 3ª da LSG, e supletoriamente pola Lei de sociedades anónimas, así como polas disposicións legais ou regulamentarias que substitúan todas estas normas.

Artigo 5º.-Ámbito de actuación.

Os terreos que constitúen a área de actuación da xunta son os incluídos dentro do polígono correspondente ó cuarteirón nº 51 do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar en Vigo- Unidade de Actuación Pobo Galego, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 25 de outubro de 1990, segundo a modificación puntual aprobada polo mesmo Pleno o 15 de xuño de 1998, delimitado pola rúa Doutor Cadaval e a Travesía da Auroa, no termo municipal de Vigo, e segundo o estudo de detalle redactado polos arquitectos superiores Enrique Colomé Montañés e Martín Colomé Montañés, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14 de xullo de 1997.

Artigo 6º.-Domicilio.

O domicilio da xunta de compensación establécese na Delegación en Vigo do Colexio de Arquitectos de Galicia, na rúa Marqués de Valladares, nº 27, da localidade de Vigo. Este domicilio poderá ser trasladado a outro lugar por acordo da asemblea xeral, dando conta ó concello e ó Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

Artigo 7º.-Obxecto.

O obxecto da xunta de compensación é a promoción e urbanización do polígono correspondente ó cuarteirón nº 51 do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar en Vigo- Unidade de Actuación Pobo Galego, utilizando o sistema de compensación mediante o reparto equitativo entre os propietarios afectados dos beneficios e cargas da urbanización, ademais da actuación compensatoria sobre os terreos comprendidos no seu ámbito.

Artigo 8º.-Fins.

8.1. Os fins da xunta de compensación son os seguintes:

a) Agrupa-los propietarios dos predios comprendidos no polígono e, se é o caso, os do solo exterior ocupado para a execución de sistemas xerais que deban participar nel, para actuar en réxime de compensación.

b) Celebrar toda clase de contratos que sexan necesarios para logralo obxecto proposto, mesmo os de redacción de proxectos de compensación e urbanización, así como os de execución e da obra urbanizadora e, se é o caso, de edificación.

c) Transmitir ó concello en pleno dominio e libre de cargas, tódolos terreos urbanizados, obras e instalacións de cesión obrigatoria.

d) Ceder obrigatoria e gratuitamente ó concello o solo correspondente ó 10% do aproveitamento do correspondente ámbito.

e) Solicitar do concello, a título de beneficiaria, o exercicio da potestade expropiadora en relación ás parcelas das que os propietarios non se incorporen en tempo oportuno á xunta de compensación, ou incumpran as súas obrigas nos supostos que se contemplan nas bases de actuación; así como solicitar ó concello a ocupación, en favor da xunta de compensación, dos predios dos que os propietarios non se incorporen en tempo oportuno á xunta de compensación co fin de posibilita-la execución das obras de urbanización previstas.

f) Solicitar do concello o exercicio da vía de constrinximento para o cobramento das cantidades debidas polos membros da xunta.

g) Incorporar os terreos á xunta, o que non supón a transmisión da propiedade senón a facultade de disposición de administración para obter ó obxecto proposto con carácter fiduciario, quedando afectados os terreos ó cumprimento das obrigas urbanísticas. Circunstancia que se fará constar por nota marxinal no Rexistro da Propiedade por instancia da xunta de compensación.

h) Formalizar operacións de crédito ou emitir títulos para a urbanización coa garantía dos terreos afectados.

i) Asumi-la xestión e defensa dos intereses comúns dos membros integrantes da xunta de compensación, comparecendo como tal ante rexistros da propiedade, persoas xurídico-privadas, notaría e ante calquera autoridade ou órgano da Administración do Estado, autonómica, provincial ou local, así como ante os xuíces e tribunais en tódolos seus graos, instancias e xurisdiccións.

j) Exerce-lo dereito a existir das empresas que prestasen os servizos, salvo na parte en que segundo súa regulamentación deban contribuí-los usuarios, o reembolso dos gastos de instalación das redes de auga e enerxía eléctrica.

k) Adxudica-las parcelas que resulten no proxecto de compensación, entre os compoñentes da xunta de compensación.

l) Proceder, se é o caso, á edificación de todo ou parte dos terreos do polígono, logo de acordo da asemblea xeral.

Solicitar da Administración actuante a inscrición da xunta de compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, así como no Rexistro Mercantil se se emitiran obrigas ou fora conveniente.

m) Solicita-lo outorgamento dos beneficios fiscais urbanísticos previstos nas disposicións legais e en particular no disposto no art. 135.4º da LSG e 159.4º do Real decreto legislativo 1/1992, do 26 de xuño.

n) Solicitar dos órganos urbanísticos competentes a aprobación do proxecto de compensación e de urbanización.

o) En xeral, o exercicio de cantos dereitos e actividades lle correspondan de acordo coa lexislación vixente.

8.2. Para o cumprimento de tales fins, a xunta de compensación, logo de aprobación definitiva dos presentes estatutos e inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas, terá plena personalidade e capacidade xurídica propia, podendo adquirir, posuír e allear bens do seu patrimonio conforme o disposto no Regulamento de xestión urbanística.

Artigo 9º.-Duración.

9.1. A xunta de compensación constitúese por todo o tempo necesario para a consecución do seu obxecto social, salvo que antes fora acordada a súa disolución e liquidación, segundo o previsto nos presentes estatutos.

9.2. A disolución da xunta de compensación requirirá, en todo caso, acordo da Administración urbanística actuante.

9.3. Non procederá a aprobación da disolución da xunta de compensación mentres non conste o cumprimento das obrigas que estean pendentes.

TÍTULO II

Constitución da xunta de compensación

Artigo 10º.-Incorporación á xunta.

10.1. A xunta de compensación componse das persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, propietarias dos terreos incluídos no polígono, sen discriminación ningunha en canto ós dereitos e obrigas, que acepten o sistema ou se adhiran a el antes do outorgamento da escritura pública de constitución ou no prazo máximo que nestes estatutos se fixa.

10.2. Así mesmo, forma parte da xunta o representante do Concello de Vigo designado en legal forma e, se é o caso, os propietarios de terreos destinados a sistemas xerais que haberán de facer efectivo o seu dereito no polígono.

10.3. Tamén poderán formar parte da xunta empresas urbanizadoras representada por unha soa persoa, cos requisitos e condicións que se sinalen nos estatutos e nas bases de actuación. Para a valoración da achega da empresa e das adxudicacións ó seu favor, seguirase o sinalado nas bases de actuación.

10.4. Os propietarios non promotores da xunta poderán incorporarse a ela durante o prazo de información pública, unha vez recaída a aprobación inicial, ou no prazo dun mes a partir da notificación persoal da aprobación definitiva dos presentes estatutos. Transcorridos os ditos prazos a incorporación á xunta só poderá efectuarse mediante escritura pública de adhesión dentro do prazo dun mes desde a formalización da escritura pública de constitución, ou, transcorrido este último prazo, nas condicións que acorde a asemblea xeral co voto favorable do 50% das cotas e coas garantías e compromisos que se esixan.

10.5. A incorporación á xunta en calquera dos momentos sinalados no punto anterior, será solicitada polo interesado mediante escrito que terá de presentar no rexistro xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, facendo constar expresamente a súa adhesión ós estatutos e ás bases de actuación, os seus datos persoais, domicilio para efectos de notificación, os concernentes á superficie, lindeiros da predio ou predios propiedade do solicitante e a documentación xustificativa da súa propiedade.

10.6. Para que a incorporación produza efectos será preciso que os propietarios adheridos depositen, no prazo dun mes desde que sexan requiridos pola xunta e á súa disposición, a cantidade necesaria correspondente a gastos xa realizados e de previsión inmediata, cantidade que non poderá ser superior á xa satisfeita polos promotores, atendida a proporcionalidade dos terreos pertencentes a uns e outros.

10.7. En calquera caso os propietarios deberán entregar, no prazo de dez días desde a data da súa incorporación á xunta, os títulos e documentos acreditativos da súa titularidade, así como declarar as situacións xurídicas, cargas e gravames que afecten os seus respectivas predios, con expresión, se é o caso, da súa natureza, nomes e domicilio dos titulares dos dereitos reais ou de arrendamento.

10.8. Tanto os asociados fundadores como os adheridos á xunta terán, unha vez incorporados a esta, os mesmos dereitos e obrigas.

10.9. O feito de non solicitar a incorporación á xunta no período de información pública dos estatutos inicialmente aprobados nin no prazo dun mes, a partir da notificación persoal da aprobación definitiva, ou incorporados non fixeran efectivas as cantidades procedentes no prazo sinalado anteriormente, facultará a xunta para exercer, na súa condición de beneficiaria, o dereito de expropiación forzosa consonte o disposto nestes estatutos e nas bases de actuación; ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da xunta de compensación co fin de posibilitar a execución das obras de urbanización previstas, recoñecéndolles ós seus titulares o dereito á adxudicación de terreos edificables en proporción á superficie achegada coa redución axeitada para compensar os gastos de urbanización correspondentes.

Neste último caso, aínda cando os terreos quedasen directamente afectados ó cumprimento das obrigas inherentes ó sistema, a xunta de compensación só actuará como fiduciaria co pleno poder dispositivo sobre os predios que pertencen ós propietarios incorporados voluntariamente a ela.

Artigo 11º.-Constitución da xunta de compensación.

11.1. Transcorridos os prazos mencionados no artigo 10.4º, os promotores da xunta convocarán a tódalas persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas e, se é o caso, as empresas urbanizadoras incorporadas a ela, que aceptasen o sistema de actua-

ción para a celebración da asemblea constituínte á que asistirá un notario, o cal elevará a público a acta da asemblea, sinalando nela o obxecto da convocatoria. Nesta asemblea formalizarase a escritura pública de constitución da xunta de compensación, tomándose o acordo co voto favorable dos propietarios que representen máis do 50% da superficie do polígono.

11.2. Na escritura de constitución farase constar:

a) Relación dos propietarios e, se é o caso, das empresas urbanizadoras.

b) Relación dos predios das que sexan titulares.

c) Persoas físicas que fosen designadas para ocupar os cargos do órgano rector, composto polo presidente, secretario, tesoureiro e, se é o caso, vocais.

d) Acordo de constitución.

e) Outras declaracións de interese ó obxecto da xunta de compensación.

11.3. Os interesados que incorporados non outorguen a escritura, poderán consentir a súa incorporación en escritura de adhesión no prazo dun mes desde a formalización da escritura de constitución, implicando, no caso contrario, a non incorporación á xunta de compensación.

Non obstante, as empresas urbanizadoras e demais interesados poderán incorporarse mesmo despois do prazo sinalado no parágrafo anterior, nas condicións que acorde a asemblea xeral co voto favorable do 50% das cotas e coas garantías e compromisos que se esixan.

11.4. A copia autorizada da escritura e, se é o caso, das adhesións deberanse trasladar ó Concello de Vigo para que adopte, se procede, o acordo aprobatorio no prazo de 30 días, elevando o dito acordo xunto coa copia autorizada da escritura á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras de Pontevedra.

Artigo 12º.-Incorporación da Administración actuante.

O Concello de Vigo, como órgano de control e fiscalización, designará un representante como membro integrante da xunta de compensación.

Artigo 13º.-Titularidades especiais.

13.1. Cando os predios pertencen a menores ou incapacitados, formarán parte da xunta os seus representantes legais. Se se adxudican cantidades ós menores ou incapacitados, daráselle-lle destino que sinala a lexislación civil, e se se adxudican inmobles inscribíranse a favor dos titulares rexistrados dos predios achegados, se estas tivesen acceso ó rexistro con anterioridade.

13.2. No caso de existir cotitularidade sobre unha predio ou dereito, os cotitulares haberán de designar unha persoa para o exercicio das súas facultades

como socios, respondendo solidariamente fronte á xunta de cantas obrigas dimanen da súa condición. Se non designaren representante no prazo que para o efecto sinale a xunta, será nomeado por esta entre os cotitulares, con aprobación municipal.

13.3. No caso de que nalgún predio pertenza a núa propiedade a unha persoa, tendo outra calquera dereito real limitativo do dominio, a calidade de socio corresponderá á primeira, sen prexuízo dos dereitos e obrigas que ostenten os segundos.

Artigo 14º.-Transmisión de bens e dereitos.

14.1. A incorporación dos propietarios non presupón a transmisión a xunta da propiedade dos inmobles, pero a xunta de compensación actuará como fiduciaria con pleno poder de xestión, administración e disposición para logralo obxecto da actuación.

14.2. A xunta de compensación será beneficiaria da expropiación, tanto dos bens dos que os propietarios non se incorporen no prazo e forma a ela, como nos casos de incumprimento das obrigas contraídas nos supostos que se enumeran nas bases de actuación.

O procedemento expropiatorio será o establecido na normativa vixente sobre expropiación forzosa e en canto ás valoracións seguirase o sinalado nas bases de actuación. Non obstante as superficies que teñan que ser obxecto de cesión con destino ó uso público previsto no planeamento, poderán ser ocupadas e as construcións, instalacións e plantacións demolidas pola xunta de compensación unha vez aprobado o proxecto de compensación co fin de non paraliza-la execución da urbanización, sen prexuízo todo iso da continuación do expediente contradictorio de prezo xusto, se é o caso. Un perito designado pola xunta de compensación redactará informe pericial do estado e valoración das construcións, instalacións e plantacións afectadas, que será aprobado pola xunta de compensación xunto coa aprobación inicial do proxecto de compensación ou con posterioridade a esta.

14.3. A xunta poderá gravar e allear terreos, ben incorporados a ela por expropiación, ou ben achegados polos seus membros para facer fronte ós gastos de urbanización, logo de acordo adoptado en asemblea xeral.

14.4. En caso de que a xunta de compensación solicite ó concello a ocupación dos predios non incorporados, tendo a condición de beneficiaria, co fin de posibilita-la execución das obras de urbanización previstas, recoñecerá ós seus titulares o dereito á adxudicación de terreos edificables en proporción á superficie achegada coa redución axeitada para compensa-los gastos de urbanización correspondentes.

Neste caso, aínda cando os terreos quedasen directamente afectados ó cumprimento das obrigas inherentes ó sistema, a xunta de compensación só actuará como fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre

os predios que pertencen ós propietarios incorporados voluntariamente a ela.

En todo caso, se os propietarios afectados pola ocupación demostrasen que os seus terreos constitúen a única ou predominante fonte de ingresos con que contan, terán dereito a percibir unha indemnización equivalente á rendibilidade demostrada, durante o período que medie entre a ocupación efectiva e a adxudicación que lles corresponda, ou á expropiación do seu dereito.

14.5. Os membros integrantes da xunta de compensación poderán allear terreos ou a súa participación nela, coas seguintes condicións e efectos:

a) O transmitente notificaralle en forma fidedigna ó presidente da xunta o nome, domicilio e demais circunstancias do adquirente, así como as condicións da transmisión para os efectos da súa necesaria constancia.

b) O adquirente por calquera título quedará subrogado nos dereitos e obrigas pendentes por razón da participación alleada, facéndose expresa mención diso no título de transmisión.

14.6. A transmisión á Administración correspondente de tódolos terreos de cesión obrigatoria, en pleno dominio e libre de cargas, terá lugar por ministerio da lei coa aprobación definitiva do proxecto de compensación.

TÍTULO III

Dereitos e obrigas dos membros da xunta de compensación

Artigo 15º.-Dereitos.

a) Asistir por si ou por medio de representante ás sesións da asemblea xeral, emitindo voto en proporción ó interese económico que ostente e presentar proposicións e suxestións.

b) Elixirlos membros dos órganos de Goberno e ser elixidos para o desempeño de cargos.

c) Allear, gravar ou realizar calquera acto de disposición sobre os terreos ou cotas da súa propiedade, nos termos e condicións sinalados no nº 4 do artigo precedente.

d) Recibir, individualmente ou en copropiedade, as parcelas, a edificabilidade ou o seu valor en metálico que lles sexan adxudicadas en desenvolvemento do sistema de actuación, en proporción ás súas cotas de participación. O valor das diferencias de adxudicación tamén poderán facerse efectivas en metálico.

e) Participar, se é o caso, nos beneficios resultantes da xestión común ó tempo de súa liquidación e en proporción ás súas respectivas cotas.

f) Informarse sobre a actuación da xunta e coñecerlo estado de contas, solicitando a exhibición de recibos, xustificantes e certificacións das actas, todo iso nas condicións que se acorden na asemblea xeral.

g) Interpoñerlos recursos que procedan contra os acordos os órganos de goberno da xunta, nos prazos e cos requisitos establecidos nos presentes estatutos.

h) Os demais dereitos que correspondan de conformidade co disposto nos presentes estatutos, bases de actuación e normativa legal aplicable.

Artigo 16º.-Obrigas.

16.1. Ademais das obrigas de carácter xeral derivadas do cumprimento das prescricións e normas legais e de planeamento urbanístico vixentes, e dos acordos adoptados polos órganos de goberno e administración da xunta, os asociados estarán obrigados a:

a) Poner á disposición da xunta os documentos acreditativos da súa titularidade acreditando a superficie computable mediante certificación rexistral ou testemuño notarial do título de adquisición. Na falta de ambos o propietario debe presentar declaración xurada no que faga consta-la superficie dos propietarios estremeiros e o título de adquisición, acompañando un esbozo e cantos documentos poidan acreditar-la súa condición de propietario tales como recibo xustificativo do pagamento do imposto de bens inmobles, certificación do catastro ou amillaramento.

Se é o caso, indica-los nomes e domicilios dos titulares de dereitos reais con expresión da natureza e contía das cargas e gravames.

b) Sinalar no momento da incorporación á xunta un domicilio para efectos de notificacións, así como as sucesivas modificacións para constancia na secretaria da xunta, reputándose ben practicada calquera notificación que ó citado domicilio se dirixa.

c) Cumprirlos acordos validamente adoptados pola asemblea xeral ou polo consello rector e acata-la autoridade dos seus representantes, sen prexuízo dos recursos a que houbera lugar.

d) Pagarlos gastos de urbanización e as cotas ordinarias e extraordinarias na contía que a cada membro corresponda e nos prazos que para o efecto se sinalen.

e) Regulariza-la titularidade e situación rexistral dos terreos achegados dentro dos prazos sinalados polo consello rector.

f) Efectuarlas cesións gratuítas dos terreos que resulten da actuación e outorga-los documentos necesarios para formaliza-las ditas cesións.

g) Permitir-la ocupación dos seus predios para a execución das obras de urbanización, depósito de materiais e instalacións complementarias.

Permitir igualmente á xunta, unha vez aprobado por esta o proxecto de compensación, a ocupación e demolición das construcións, instalacións e plantacións situadas no solo, subsolo ou voo que teñan que ser obxecto de cesión con destino a uso público ou servizos, todo iso sen prexuízo da continuación do expediente contradictorio de prezo xusto, se é o caso.

h) No suposto de que algún dos propietarios decidira proceder ó alleamento parcial ou total dos terreos achegados á xunta ou da cota que lle fose atribuída, o transmitente deberá notificalo na forma prevista no artigo 14º.5 destes estatutos.

i) Designar nos supostos de copropiedade unha persoa que represente ós cotitulares ante os órganos representativos da entidade, sen prexuízo da responsabilidade solidaria daqueles no exercicio dos dereitos e cumprimento das obrigas.

16.2. O incumprimento das súas obrigas por calquera propietario ou propietarios, lexítima a xunta para promover a expropiación conforme a vixente normativa urbanística.

TÍTULO IV

Órganos de goberno e administración

Artigo 17º.-Enumeración.

Os órganos de goberno e administración da xunta de compensación quedarán constituídos polos seguintes:

- a) Asemblea xeral.
- b) Consello rector.
- c) Rector ou comisión executiva.
- d) Presidente.
- e) Secretario.
- f) Tesoureiro.

Capítulo I

Da asemblea xeral

Artigo 18º.-Composición e clases.

18.1. A asemblea, órgano deliberante supremo da xunta de compensación e decisorio no ámbito da súa competencia, estará constituída por tódolos membros da xunta de compensación e reunirse en forma ordinaria polo menos unha vez ó ano, co fin de deliberar e tomar acordos sobre a aprobación, se é o caso, da memoria, contas, balance e xestións realizadas e para aproba-lo orzamento do exercicio seguinte.

En sesión extraordinaria reunirse cantas veces o estime necesarias o seu presidente, o consello rector por maioría dos seus membros ou o solicite un número de membros da xunta que representen unha cuarta parte do total coas cotas de participación, debendo expresar na solicitude os asuntos que se vaian tratar. Neste suposto o presidente deberá convocar a asemblea extraordinaria dentro dos quince días seguintes á solicitude, non podendo demorarse a súa celebración máis de trinta días desde a súa convocatoria.

18.2. Serán presidente e secretario da asemblea xeral os que o sexan do consello rector, e formará parte da asemblea, se é o caso, o representante do concello como órgano de control e fiscalización e, se é o caso, como propietario.

18.3. Estando reunidos tódolos membros da xunta poderá celebrarse a asemblea xeral se así se acorda por unanimidade, sen necesidade de convocatoria previa.

18.4. Tódolos membros da xunta, mesmo os disidentes e os que no asistisen á asemblea, quedarán sometidos os acordos validamente adoptados, sen prexuízo dos recursos procedentes.

Artigo 19º.-Facultades.

A asemblea xeral debe coñecer todos cantos asuntos afecten ó obxecto e fins da xunta de compensación, sinalándose con carácter enunciativo e limitativo as seguintes facultades:

a) Modificación dos estatutos e bases de actuación, sen prexuízo da súa aprobación posterior polo Concello de Vigo.

b) Designación e cesamento dos membros do consello rector e o nomeamento, se é o caso, de censores de contas.

c) Exame e aprobación da xestión común, memoria, contas e balance do exercicio anterior e do orzamento e proxectos do seguinte.

d) Determinación dos medios económicos de acordo co establecido nas bases de actuación e disposicións legais, fixación das achegas ordinarias así como imposición de derramas extraordinarias para atender a gastos non previstos no orzamento anual.

e) Autoriza-la formalización de actos dispositivos sobre bens e dereitos da xunta tales como adquisicións, alleamentos, segregacións, divisións, agrupacións, permutas, obras, plantacións, declaracións de obra nova e división horizontal, constitución de dereitos reais, cancelación deles e demais actos de administración e disposición relativos ós bens e dereitos pertencentes á xunta de compensación.

f) Determina-la prioridade na execución das obras de urbanización e, se é o caso, edificación, por proposta do consello rector e dentro das previsións e de acordo co Plan de Etapas do Planeamento aplicable e instrumentos de desenvolvemento, como o proxecto de urbanización, se é o caso.

g) Acorda-la redacción e aprobación do proxecto de compensación e do proxecto de urbanización e as súas reformas, así como a modificación do estudo de detalle.

h) Adxudica-las parcelas e pisos ou locais nos que se teñan que facer efectivos os seus dereitos ós propietarios integrantes do polígono, e para estes efectos aproba-la redacción, se é o caso, do proxecto de compensación, escrituras de declaración de obra nova, división horizontal e adxudicación.

i) Acorda-la formalización de créditos para realiza-las obras de urbanización, mesmo con garantía persoal e/ou hipotecaria dos terreos afectados.

j) Resolver sobre a incorporación das empresas urbanizadoras e acorda-la constitución de sociedade

con fins de urbanización, edificación, explotación de servicios, ou complementarias delas.

k) Acorda-la disolución da xunta de compensación consonte o previsto nestes estatutos.

l) En xeral cantas facultades sexan precisas para o normal desenvolvemento da xunta.

Artigo 20º.-Convocatoria.

20.1. As reunións da asemblea xeral e ordinaria serán convocadas polo presidente do consello rector mediante carta certificada remitida ó domicilio sinalado para estes efectos polos membros asociados á xunta, con oito días hábiles polo menos á data na que teñan que celebrarse e fixando coa mesma antelación un anuncio no domicilio social. En ámbolos casos a convocatoria expresará o lugar, a data e a hora da primeira e segunda convocatoria da reunión, así como orde do día expresiva dos asuntos que teñen que someterse a coñecemento e resolución da asemblea.

Excepcionalmente a sesión constitutiva da xunta de compensación será convocada polos promotores da xunta, na forma e coa antelación sinalada no parágrafo anterior, e con indicación así mesmo, do lugar no que a reunión ten que celebrarse coa asistencia de notario previamente designado para formaliza-la constitución da xunta mediante escritura pública, conforme o artigo 11.1º destes estatutos.

20.2. Na convocatoria das asembleas xerais ordinarias indicárase que no domicilio social, en horas hábiles e ata o día anterior á reunión, se atopan á disposición dos socios a memoria e contas do exercicio anterior co informe dos censores, se é o caso, e o orzamento para o exercicio seguinte.

20.3. As reunións da asemblea xeral extraordinaria serán convocadas cos mesmos requisitos establecidos para as ordinarias polo presidente do consello rector cando o estime conveniente ou dentro dos quince días hábiles seguintes ó requirimento escrito que para o efecto lle dirixise o consello rector, previa aprobación maioritaria dos seus membros ou en número de membros da xunta que representen unha cuarta parte do total dos socios.

20.4. Estando reunidos tódolos membros da xunta, poderán celebrarse as asembleas se se acorda por unanimidade, sen necesidade de previa convocatoria.

Artigo 21º.-Constitución.

21.1. A asemblea quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela, por si ou por representación, socios da xunta que represente polo menos o 50% das cotas. Entenderase validamente constituída en segunda convocatoria con calquera que sexa o número de asistentes, transcorrida media hora despois da primeira.

21.2. Os socios poderán designar por escrito e para cada reunión a outras persoas que lles representen nas asembleas. A representación xeral para tódalas reunións da asemblea xeral deberá acredi-

tarse mediante documento público. As persoas xurídicas terán que designar unha soa persoa na súa representación.

21.3. Logo de acordo do consello rector, poderá acudir ás reunións da asemblea xeral persoal especializado para informar sobre calquera materia, tendo voz pero non voto.

Artigo 22º.-Sesións.

22.1. O presidente do consello rector ou quen regulamentariamente o substitúa presidirá a asemblea xeral e dirixirá e moderará os debates pasando á votación o acordo se procedese.

Actuará como secretario o que o sexa do consello rector ou seu substituto.

22.2. Os acordos adoptaranse por maioría de cotas, presentes ou representadas. Non obstante o acordo de aprobación ou modificación do proxecto de compensación requirirá o voto favorable da maioría absoluta das cotas de participación. Os acordos de modificación de estatutos e bases; sinalamento e rectificación de cotas; concertación de créditos, garantías persoais e hipotecas; imposición de achegas extraordinarias; alleamento de terreos; incorporación de empresas urbanizadoras e garantías e compromisos esixibles; aprobación e modificación de proxectos e adjudicación de parcelas e dos pisos e/ou locais en que teñan que facer efectivos os dereitos dos propietarios; así como a modificación de cargos requirirán o voto favorable do 50% das cotas de participación dos socios, tanto en primeira como en segunda convocatoria. O acordo de disolución da xunta de compensación requirirá o voto favorable do 80% das participacións dos socios.

22.3. Os acordos da asemblea serán inmediatamente executivos, sen prexuízo dos recursos procedentes.

Artigo 23º.-Cómputo de votos.

23.1. O voto será ponderado en función da achega de cada socio. A cada un asignaráselle unha porcentaxe de valor segundo o aproveitamento que lle corresponde no polígono, expresivo dos respectivos dereitos e intereses económicos, que se materializará no correspondente cota de participación.

23.2. No suposto de incorporación de empresas urbanizadoras, no momento da integración destas procederáse ó reaxuste das participacións porcentuais dos socios, asignando a cota correspondente á empresa urbanizadora incorporada.

23.3. O valor dos demais bens e dereitos distintos ó solo afectado non influirá na participación dos socios e determinarase, para efectos da compensación procedente, consonte o establecido nas bases de actuación.

23.4. Os membros asociados que non estean ó corrente no cumprimento das súas obrigas para coa xunta quedarán suspendidos no seu voto mentres permanezan na dita situación de incumprimento.

23.5. Para os efectos de quórum, as cotas de participación correspondentes ós predios pertencentes á xunta de compensación, en virtude de adquisición como beneficiaria da expropiación ou calquera outro acto translativo do dominio, atribuiranse ós propietarios asociados na proporción en que contribuísen a sufraga-lo custo daquelas.

Artigo 24º.-Actas e certificacións.

24.1. De cada reunión da asemblea xeral levantarase acta, que haberá de ser aprobada na mesma reunión na que se fará consta-lo lugar, a data e a hora dela, se é en primeira ou en segunda convocatoria, nome e apelidos dos asistentes que subscribirán a acta e dos que actúen en representación, se é o caso, orde do día que será a consignada na previa convocatoria e relación clara e sucinta dos acordos adoptados en relación a cada un dos puntos da orde do día co resultado das votacións.

Na parte inmediatamente inferior subscribirá a acta o secretario da xunta co visto e prace do presidente.

A asemblea poderá determinar que a redacción e aprobación da acta a leve a efecto o presidente e o secretario no prazo de quince días naturais seguintes á celebración da asemblea.

24.2. As actas figurarán no libro correspondente debidamente dilixenciado e foliado.

24.3. Por requirimento dos socios e dos órganos urbanísticos, o secretario expedirá certificación do contido do libro de actas, ou dos requirimentos particulares que se sinalen, co visto e prace do presidente e logo da súa legalización e, se é o caso, aprobación do concello, serán inscribibles nos rexistros públicos correspondentes.

Capítulo II O consello rector

Artigo 25º.-Composición.

25.1. O consello rector estará composto por un presidente, un secretario, un tesoureiro e o número de vocais que a asemblea xeral estime conveniente. Os cargos recaerán en persoas físicas e designaraos por maioría de votos a asemblea xeral entre quen ostente a calidade de socios da xunta de compensación, ou a proposta destes entre persoas que teñan acreditada competencia en materia urbanística.

25.2. Así mesmo, formarán parte do consello rector o vocal designado polo concello como órgano de control.

Artigo 26º.-Duración dos cargos.

26.1. Os nomeamentos dos cargos designados pola xunta terán dous anos de duración desde a data da súa elección en asemblea xeral, se ben poderán ser reelixidos nunha ou en varias reeleccións ou removidos de seus cargos co voto favorable de socios que representen o 50% das cotas de participación.

26.2. En caso de falecemento, renuncia -que debe notificarse fidedignamente á xunta- ou acordo de cesamento dalgún membro do consello rector, o propio consello nomeará por maioría simple dos seus membros un substituto provisional ata a primeira reunión da asemblea xeral.

Artigo 27º.-Competencia.

Son funcións do consello rector as seguintes:

- a) Proposición de acordos á asemblea xeral.
- b) Execución dos acordos adoptados pola asemblea xeral.
- c) Administración dos fondos da xunta de compensación formalizando a memoria, contas correspondentes e orzamento anual de ingresos e gastos de cada exercicio económico que teña que ser sometido á asemblea xeral de acordo co establecido nos estatutos e o que dispoña a asemblea xeral.
- d) Representación xurídica da xunta de compensación en virtude da cal autorizará e outorgará toda clase de actos e contratos públicos ou privados, civís, mercantís e administrativos que teñan por finalidade executa-los acordos da asemblea xeral ou se refiran a asuntos de competencia do consello rector.
- e) Facer e esixir pagamentos, cobros e liquidacións calquera que sexa a súa causa xurídica e a persoa ou entidade obrigada de conformidade co acordado pola asemblea xeral.
- f) Abrir e manter contas e depósitos en entidades bancarias ou de aforro sen excepción ningunha e dispoñer dos fondos dela mediante a sinatura das persoas autorizadas para tal fin.
- g) Librar, aceptar, endosar, descontar e protestar letras de cambio, talóns, cheques ou obrigas de pagamento.
- h) Realizar operacións coa Facenda pública en calquera das súas caixas, bancos de carácter oficial e privado, caixas de aforro, sociedades, empresas e particulares.
- i) Acorda-la realización de toda clase de actos de dominio tales como adquisicións, alleamentos, segregacións, divisións, agrupacións, permutas, obras, plantacións, declaracións de obra nova e división horizontal, constitución de dereitos reais, cancelación deles relativos ós bens e dereitos pertencentes á xunta de compensación logo da súa aprobación pola asemblea xeral, salvo dispensa desta.
- j) Propoñer á asemblea xeral as cotas correspondentes ós socios da xunta de compensación así como as modificacións ou reaxustes procedentes por novas achegas ou a consecuencia das operacións de compensación.
- k) Designar e separa-lo xerente técnico administrativo ó servizo da xunta, así como fixa-la súa retribución e réxime de traballo.
- l) Adxudicar directamente as obras de urbanización e redacción de proxectos á empresa ou empresas e técnicos que estime conveniente, estean ou non incorporados á xunta de compensación.

m) Fixa-las cantidades necesarias para contribuír ós gastos comúns ordinarios e extraordinarios, así como a forma e prazo en que han de satisfacerse e proceder contra os socios morosos para facer efectivo o pagamento das cantidades que lles correspondan, así como requiri-lo concello para que proceda sobre os morosos por vía de constrinximento.

n) Solicita-la concesión de beneficios fiscais e exencións tributarias que as disposicións vixentes establezan en favor da xunta de compensación.

o) Notificar ós órganos urbanísticos competentes os acordos que teñan que producir efectos ante aqueles.

p) E en xeral tódalas facultades de goberno e administración que non fosen reservadas á asemblea xeral ou a que outras que esta expresamente delegue.

Artigo 28º.-Sesións.

28.1. O consello rector reunirase cantas veces sexa necesario para os intereses da xunta por iniciativa do presidente ou por petición dun tercio dos seus membros.

28.2. A convocatoria con indicación dos asuntos que se vaian tratar e do lugar, a data e a hora da sesión será cursada polo secretario en carta certificada cun mínimo de cinco días de antelación, quedando validamente constituído o consello rector cando concorran á reunión presentes ou representados polo menos os dous tercios dos seus membros, podendo delegar estes por escrito e para cada sesión nalgún dos restantes membros.

28.3. Os acordos do consello rector serán adoptados por maioría de votos recoñecéndose calidade de voto dirimente ó presidente no caso de empate e serán inmediatamente executivos sen prexuízo do exercicio dos recursos procedentes.

28.4. Logo de acordo, poderá asistir ás reunións, con voz pero sen voto, persoal especializado co fin de informar sobre determinados asuntos.

Artigo 29º.-Actas e certificacións.

29.1. De cada sesión do consello rector levantarase acta na que se farán consta-los acordos adoptados e o resultado das votacións, sendo aprobada na mesma sesión ou na seguinte que se celebre.

29.2. As actas figurarán no libro de actas correspondente debidamente dilixenciado, sendo asinadas polo presidente e polo secretario.

29.3. Por requirimento dos socios ou dos órganos urbanísticos deberá o secretario, co visto e prace do presidente, expedir certificacións do contido do libro de actas.

Capítulo III Do presidente

Artigo 30º.-Nomeamento.

O presidente será designado pola asemblea xeral e o seu nomeamento terá unha duración de dous anos, podéndose proceder á súa reelección indefinidamente por períodos iguais.

Artigo 31º.-Funcións.

Son funcións do presidente:

a) Convocar, presidir, suspender e levanta-las sesións da asemblea xeral e do consello rector e executar e facer cumpri-los acordos.

b) Ostenta-la representación xudicial e extraxudicial da xunta de compensación e dos seus órganos de goberno, ante toda clase de xulgados e tribunais, autoridades e organismos da Administración estatal, autonómica ou local, así como ante toda clase de persoas xurídico-privadas, podendo outorgar poderes en favor de persoas determinadas e para específicas funcións, así como en favor de avogados e procuradores coas máis amplas facultades de postulación.

c) Autoriza-las actas da asemblea xeral e do consello rector, as certificacións que expida o secretario e cantos documentos o requiran.

d) Na forma en que o consello determine, abrir, seguir e cancelar a nome da xunta de compensación contas correntes ou de aforro en toda clase de bancos ou institucións de crédito e aforro; dispoñer desas contas para o cal será necesaria a sinatura do tesoureiro conxuntamente coa súa; librar, aceptar, endosar, renovar, anular e descontar efectos mercantís; protestar por falta de aceptación ou de pagamento de letras de cambio, e en xeral desenvolver tódalas operacións bancarias usuais esixidas pola actividade da xunta de compensación.

e) Cantas funcións sexan inherentes ó seu cargo ou lle sexan delegadas por acordo da asemblea xeral ou do consello rector.

Capítulo IV Do secretario e tesoureiro

Artigo 32º.-Nomeamento.

O secretario será nomeado de igual forma e polo mesmo período có presidente, e no caso de vacante do cargo será desempeñado polo membro do consello rector que o propio consello designe.

Artigo 33º.-Funcións.

a) Asistir preceptivamente a tódalas reunións da asemblea xeral e do consello rector.

b) Levantar acta das sesións, transcribíndoas no libro de actas.

c) Expedir certificacións do contido do libro de actas, co visto e prace do presidente.

d) Levar un libro de rexistro no que se relacionarán os socios integrantes da xunta de compensación con expresión das súas circunstancias persoais: domicilio, data de incorporación, cota de participación e cantos datos complementarios se estimen procedentes.

e) Efectua-las notificacións dos acordos da asemblea xeral ou do consello rector ós órganos urbanísticos competentes, así como ós asociados integrantes da xunta.

f) Custodia-la documentación da xunta de compensación.

g) Así mesmo, realizará os actos de xestión administrativa e demais funcións que especialmente lle encomende o presidente ou consello rector.

Artigo 33º.-Tesoureiro.

33.1. Será designado tesoureiro da xunta de compensación o membro dela que nomee a asemblea na sesión constitutiva e nas sucesivas renovacións.

33.2. Serán funcións do tesoureiro realiza-los pagamentos e cobramentos que correspondan ós fondos da xunta, así como a custodia de estes; asinar xunto ó presidente a apertura, peche e demais operacións bancarias; render contas da xestión orzamentaria da xunta e cumprir tódalas demais disposicións ou acordos da xunta e consello rector.

33.3. O tesoureiro levará a contabilidade da xestión económica en libros adecuados para que en cada momento poida dar razón das operacións efectuadas e se deduzan deles as contas que han de renderse. Obrigatoriamente a contabilidade constará, como mínimo, de libros de ingresos, gastos e caixa, que estarán a cargo do tesoureiro da xunta.

Artigo 34º.-Vocais.

Serán designados vocais aqueles socios nomeados na sesión constitutiva da asemblea xeral ou nas sucesivas renovacións. Serán funcións dos vocais asistir ás reunións do consello rector e participar nas súas deliberacións, substituíndo os restantes membros do consello nos supostos de ausencia e enfermidade.

Capítulo V Da xerencia técnica

Artigo 35º.-Nomeamento.

O consello rector poderá designar unha xerencia técnica de entre os socios ou non da xunta. O seu nomeamento terá a duración que se acorde no acto da súa designación, coa retribución que corresponda ás actividades que teña que desenvolver, por acordo maioritario do mesmo consello rector.

Artigo 36º.-Funcións.

No acto do seu nomeamento o consello rector poderá atribuír á xerencia técnica, con expresión do seu contido e alcance das funcións que estime convenientes, formando parte inderrogable destas, as seguintes funcións:

a) Executa-los acordos da asemblea xeral e do consello rector na medida que se acorde.

b) Asistir ás sesións do consello rector e asemblea xeral, con voz pero sen voto.

c) Representa-la xunta de compensación ante a Administración, para efectos da xestión administrativa.

d) Organiza-los servicios de réxime interior da xunta de compensación.

e) Cantas funcións lle sexan encomendadas pola asemblea xeral ou polo consello rector.

TÍTULO V

Achegas e medios económicos

Artigo 37º.-Medios persoais.

Ademais das prestacións a prol da xunta a que están obrigados tódolos socios, excepcionalmente poderase proceder á contratación de persoal necesario para o desenvolvemento da actividade, sendo retribuído con cargo ós fondos orzados.

Artigo 38º.-Medios económicos.

Os medios económicos da xunta de compensación estarán constituídos polas achegas dos socios, que poderán ser das seguintes clases:

a) Pola totalidade dos terreos e dereitos que resultan afectados pola actuación, sen prexuízo do respecto de edificacións preexistentes conforme o disposto nas bases de actuación.

b) Polas cotas ordinarias e extraordinarias satisfeitas polos socios.

c) Polas subvencións, créditos, doazóns e outros medios económicos que se obteñan.

d) Polo produto das alleamentos de bens da xunta, se é o caso.

e) Polas rendas e produtos do seu patrimonio.

f) Polas achegas das empresas urbanizadoras no caso da súa incorporación á xunta de compensación.

Artigo 39º.-Achega de terreos.

39.1. A participación nos dereitos e obrigas comúns e a conseguinte adxudicación de parcelas resultantes da urbanización vén determinada polo número de unidades de valor que correspondan ós predios achegados por cada un dos propietarios, calculada consonte o disposto nos estatutos e nas bases de actuación.

39.2. As indemnizacións que procedan por extinción de contratos de arrendamento de vivendas, local de negocio ou industria serán por conta da xunta de compensación como gasto de urbanización, sempre que se trate de contratos celebrados con anterioridade á data de aprobación definitiva do plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos que hai que conservar.

39.3. O valor dos demais bens e dereitos afectados pola execución do plan que non deban subsistir ó levarse a efecto a urbanización, é dicir, exclusivamente aqueles que teñan que demolerse para a execución material da urbanización en solo que teña que ser obxecto de cesión con destino a uso público a servicios do polígono, determinarase para efectos da súa indemnización consonte as bases de actuación, pero non influirá na participación dos socios.

Artigo 40º.-As cotas e as súas clases.

40.1. Son cotas ordinarias as destinadas a sufragar-los gastos xerais da xunta que se recollen nos orzamentos anuais, tales como os de promoción da actuación urbanística, execución das obras de urbanización a que se refire o art. 132 da Lei do solo

de Galicia, aboamento de honorarios profesionais por elaboración de proxectos, dirección das obras, asesoramentos, intervención en procedemento de reclamación, etc., indemnizacións por expropiación de bens e dereitos e cantos outros veñan esixidos polo cumprimento do obxecto da xunta de compensación.

40.2. Son cotas extraordinarias as que se fixan en acordos específicos da asemblea xeral, así por exemplo a asunción de compromisos de garantía, avais, fianzas constituídas polos membros da xunta en apoio de compromisos que puidese contraer esta en cumprimento das súas obrigas.

Artigo 41º.-Contía e recadación de cotas.

41.1. O consello rector, ó sinala-las cantidades que deben satisfacer os socios integrados na xunta de compensación, definirá a forma e condicións de pagamento daquelas e procederá á súa recadación.

41.2. O importe das cotas será proporcional á participación de cada membro na xunta, incluído o concello pola súa participación como propietario, se é o caso.

41.3. O pagamento realizarase no prazo máximo dun mes desde a data de notificación de requirimento que efectuará o consello rector.

A falta de pagamento en prazo sinalado dará lugar á imposición dunha recarga do xuro básico do *Banco de España* incrementado en dous puntos, e pagarase dentro dos quince días seguintes ó do vencementos do prazo sinalado no parágrafo anterior.

Transcorrido este segundo prazo instarase do concello a utilización da vía de constrinximento ou utilizarase a vía xudicial ordinaria para reclama-lo pagamento como débeda contraída coa entidade.

41.4. No caso de reiterada actitude de incumprimento no pagamento das cotas apreciada pola asemblea xeral, poderá instarse do concello a utilización da expropiación forzosa en beneficio da xunta de compensación.

41.5. En todo caso, desde a terminación do período voluntario do pagamento sinalado no punto 3º, parágrafo 1º, deste artigo ata a efectividade deste, o socio moroso quedará en suspenso respecto do exercicio dos seus dereitos dentro da xunta de compensación.

Artigo 42º.-Alleamento de terreos.

42.1. Co obxecto de facer fronte ós gastos de urbanización, e en uso do seu carácter de fiduciaria, a xunta de compensación poderá allear algún o algúns dos inmobles achegados, logo de acordo da asemblea xeral, acerca da oportunidade de facelo e do prezo, así como constituír gravames reais sobre eles.

42.2. O adquirente queda subrogado en tódolos dereitos e obrigas que corresponderían ó titular primitivo do terreo en relación coa xunta de compensación, e atendida a proporción dos terreos adquiridos respecto da total achegada polos membros da xunta.

Artigo 43º.-Gastos da xunta, consello rector e representantes.

Serán gastos da xunta de compensación os necesarios para a constitución, administración, etc. dela, conservación de obras, realización de xestións e prestacións de servizos que prescriba o PEEC, redacción de documentación necesaria para a xestión deste polígono.

Os membros do consello rector e os seus representantes autorizados terán dereito ó reembolso por parte da xunta dos gastos ocasionados no desenvolvemento dos seus cargos, podendo a asemblea xeral adoptar acordos ó respecto para a retribución do tempo empregado nas xestións realizadas.

TÍTULO VI

Modificacións, executividade e recursos

Artigo 44º.-Modificación de estatutos.

A modificación dos estatutos deberá ser aprobada por máis do 50% das cotas en asemblea extraordinaria e requirirá a aprobación definitiva do concello e a inscrición correspondente no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

Artigo 45º.-Executividade.

Os acordos dos órganos sociais da xunta de compensación serán executivos, sen prexuízo dos recursos que contra eles se poidan interpor. Os acordos que deban ser ratificados ou aprobados pola Administración ou inscritos no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras non terán efectividade ata a súa ratificación, aprobación ou inscrición.

Artigo 46º.-Recursos.

46.1. Os acordos dos órganos da xunta de compensación son executivos e non se suspenderán pola súa impugnación, salvo que así o acorde o órgano que deba resolve-lo recurso e así fose solicitado polo recorrente. A suspensión, non obstante, requirirá que coa interposición do recurso se preste fianza en contía suficiente, a xuízo do órgano ante o que se interpoña para cubri-los danos e prexuízos que poidan producirse co aprazamento.

Se o recurso versa sobre o pagamento de achegas ordinarias ou extraordinarias, a garantía consistirá no depósito da cantidade impugnada, máis un 25% dela, para responder dos xuros de demora e prexuízos producidos, ou mediante constitución de aval bancario na mesma contía.

46.2. Os acordos do consello rector poderán ser impugnados no prazo dun mes desde a súa adopción, ou desde a súa notificación ós ausentes ante a asemblea xeral, que deberá resolver no prazo dun mes. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución, seguirase o réxime de recursos previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

46.3. Contra os acordos da asemblea xeral, expresos ou por silencio, poderase interpor recurso de

reposición que será resolto pola propia asemblea segundo o réxime e nos prazos previstos no punto anterior.

46.4. En todo caso, contra os acordos da xunta de compensación os interesados poderán inperpoñer recurso dealzada ante o concello, no prazo dun mes.

46.5. Os acordos da asemblea xeral e do consello rector serán considerados firmes se non foran impugnados nos prazos sinalados nos puntos precedentes. Non obstante, a súa executividade contará desde a data na que foron adoptados.

Quen votase a favor do acordo por si ou por medio de representante, non estarán lexitimados para a súa impugnación.

TÍTULO VII

Disolución e liquidación

Artigo 47º.-Disolución.

47.1. A xunta de compensación disolverase por algunha das seguintes causas:

a) Cumprimento do fin para o que foi constituída segundo os presentes estatutos.

b) Por mandato da autoridade xudicial ou prescrición legal.

c) En forma voluntaria, por acordo do 80% das cotas dos membros integrados na xunta de compensación, adoptado en asemblea xeral convocada para o efecto, sen prexuízo do cumprimento por subrogación que expresamente se fará constar na acta de disolución das obrigas contraídas fronte a terceiros e fronte ós propios socios.

47.2. A disolución da xunta de compensación dará lugar á extinción da súa personalidade xurídica, podendo transformarse en sociedade civil ou mercantil, se é o caso.

47.3. Nos supostos a) y c) do presente artigo, a disolución haberá de ser aprobada polo concello.

47.4. O consello rector estará facultado coas limitacións que a asemblea xeral acorde para realiza-las operacións subseguintes á disolución.

Artigo 48º.-Liquidación.

48.1. Acordada validamente a disolución da entidade, o consello rector procederá á liquidación cumprindo as directrices e instrucións que para o efecto acorde a asemblea xeral.

48.2. O patrimonio común, se o houbese, distribuirase entre os asociados en proporción á súa participación na xunta de compensación.

TÍTULO VIII

Mantemento

Artigo 49º.-Asociación administrativa de conservación.

Concluída a urbanización, a xunta poderá acordar na asemblea xeral na que se adopte a súa disolución, a súa transformación en asociación administrativa

de conservación ó abeiro do art. 8 do Regulamento de xestión urbanística.

TÍTULO IX

Cesións á entidade administrativa

Artigo 50º.-Responsabilidades.

A xunta de compensación responsabilizarase da entrega dos terreos de cesión nas condicións previstas á entidade administrativa, que deberán recibirse nun prazo non superior a tres meses desde a presentación do documento no rexistro xeral da Xerencia de Urbanismo do concello ou rexistro xeral do concello, segundo proceda, entendéndose recibidos en perfectas condicións se transcorrido o citado prazo a entidade administrativa non manifestase por escrito obxeccións, nin solicitase as modificacións oportunas, agás que falte por presentar documentación necesaria para a entrega ou a urbanización non respecte o proxecto de urbanización aprobado definitivamente polo concello, entendéndose nestes dous casos o sinalado silencio administrativo como negativo.

TÍTULO X

Bases de actuación e normas supletorias

Artigo 51º.-Bases de actuación.

Forman parte destes estatutos as adxuntas bases elaboradas conforme o disposto na Lei do solo de Galicia e Regulamento de xestión urbanística.

Artigo 52º.-Normas supletorias.

No non previsto nestes estatutos aplicárase o disposto na lexislación do solo e os seus regulamentos, e no que sexa analoxicamente aplicable a Lei de sociedades anónimas.

Sometese ó trámite de información pública polo prazo de vinte días, a través da súa publicación no BOP e DOG segundo o establecido no artigo 102 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, así como no seu Regulamento de xestión urbanística, significando que o prazo de exposición pública se entenderá aberto desde a primeira publicación ata o remate do mes contado desde o derradeiro anuncio.

A documentación do presente expediente atópase ó dispor do público en xeral na Oficina de Información Urbanística, na planta baixa da xerencia.

O presente anuncio servirá de notificación, nos termos establecidos no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, para todos aqueles propietarios ou interesados directamente afectados que por resultaren descoñecidos ou ignorado o seu domicilio non poidan ser notificados persoalmente.

Vigo, 2 de outubro de 2001.

Lois Pérez Castrillo
Alcalde-presidente da Xerencia
Municipal de Urbanismo

CONCELLO DE VILARDEVÓS*Anuncio de licitación.*

1. Entidade adxudicadora: Concello de Vilardevós. Expediente número 01/01, do concurso para a redacción dun Plan Xeral de Ordenación Municipal para o Concello de Vilardevós.

2. Forma de adxudicación: concurso, polo procedemento aberto e tramitación urxente, orzamento: 10.692.000 pesetas (64.260,21 euros) (IVE incluído).

3. Garantía provisional: 213.840 pesetas, equivalentes a 1.285,20 euros.

4. Presentación das proposicións: no rexistro xeral do Concello de Vilardevós, en horario de 9 a 14 horas, no prazo de trece días naturais contados a partir do día seguinte da última publicación no BOP ou no DOG (se o último día coincidese en sábado ou festivo, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte).

Vilardevós, 29 de outubro de 2001.

José Luis Pérez García
Alcalde

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE*Relación número 4 dos Plans Provinciais de 2001.*

No BOP de Ourense, do día da data, publicanse íntegros os pregos de condicións para contratación das obras que se relacionan, mediante poxa, en procedemento aberto e trámite ordinario. As ofertas e documentación presentaranse ata as 12 horas do 15º día natural seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG, no rexistro xeral da Deputación Provincial de Ourense. A apertura de documentación terá lugar o seguinte día hábil (agás sábados), ás 12 horas, no Pazo provincial. A documentación que hai que presentar, modelo de presentación e demais datos figuran no mencionado prego de condicións, que lles será facilitado gratuitamente ós que o soliciten, no rexistro da Deputación Provincial de Ourense, rúa Progreso, 32, ou por teléfono: 988 38 51 00 e fax: 988 38 51 84.

Nº e plan/denominación/concello/prazo execución/clasif./orzamento.

180 adic.POL/abto. e sto. nos Blancos/Os Blancos/4 meses/-/10.000.000 de pesetas.

181 adic.POL/Abto. sto. Sta. Cruz e sto. Vilar/Chandrea de Queixa/3 meses/-/14.154.000 pesetas.

183 adic.POL/CV 323 Ponte dos Gozos-P. de Sil/N. de Ramuín/4 meses/G.6.c./20.000.000 de pesetas.

184 adic.POL/CV A Ponte Nova-Quintán/Ourense/3 meses/-/15.000.000 de pesetas.

185 adic.POL/CV 65 Trives-Barrio/Pobra de Trives/3 meses/-/10.000.000 de pesetas.

186 adic.POL/CV 329 As Vendas da Barreira-Progo/Riós/4 meses/-/10.000.000 de pesetas.

187 adic.POL/CV Vilardevós-A Veiga do Seixo/Vilardevós (Riós)/4 meses/G.6.c./20.000.000 de pesetas.

Ourense, 30 de outubro de 2001.

José Luis Baltar Pumar
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

c) OUTROS ANUNCIOS**AXENCIA TRIBUTARIA**

Edicto do 18 de setembro de 2001, da Dependencia de Recadación de Murcia, de citación para notificación por comparecencia (01.3.1.11.002).

De conformidade co disposto no artigo 105.6º da Lei xeral tributaria, segundo redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro (BOE do 31 de decembro), a xefa rexional de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Murcia, fai saber que, ó non ser posible, por causas non imputables á Administración tributaria, realiza-las notificacións ós interesados ou ós seus representantes no inicio do procedemento de constrinximento, e intentadas estas de conformidade co establecido no artigo 105 da Lei xeral tributaria, cítanse os especificados na mencionada relación para que, no prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, os interesados ou os seus representantes, deberán comparecer para seren notificados, en horario das 9 ás 14 horas, de luns a venres, nos lugares que en cada caso se sinala (ver táboa anexo I).

En caso de non comparecer no prazo e lugar sinalados, a notificación entenderase producida para tódolos efectos legais desde o día seguinte ó do seu vencemento.

ANEXO I

Órgano responsable e lugar de comparecencia

30600. Dep. Recadación. Gran Vía Escultor Salzillo, 21. 30005 Murcia

30782. Unidade de Recadación Menor Contía. Gran Vía Escultor Salzillo, 21. 30005 Murcia.

Apelidos e nome	NIF	Clave de liquidación	Unidade
Rodríguez Arus, Laura	00782235M	C1100001270047999	30782
Velando Ferro, Carlos	35264682R	C1100098270193362	30600

Murcia, 18 de setembro de 2001.

Inmaculada García Martínez
Xefa da Dependencia de Recadación de Murcia